

COMARCA DO CARBALLIÑO

PLAN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DE GALICIA

**Gabinete de Planificación e Desenvolvemento
Territorial. Presidencia**

**XUNTA DE GALICIA
1995**

EQUIPO REALIZADOR

DIRECCIÓN

Andrés Precedo Ledo, Catedrático de Xeografía Humana e Director do Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial da Xunta de Galicia.

COORDINACIÓN

José Figueroa Davila, Enxeñeiro Técnico Agrícola.

EQUIPO REALIZADOR

Análise Socioeconómica

Antonio Dovaí Adán, Doctor en Xeografía Aplicada.

Recursos de Territorio

Juan Loureiro Grandal, Xeólogo.

Felipe Macías Vázquez, Catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola.

Antonio Martínez Cortizas, Prof. titular de Edafoloxía e Química Agrícola.

Adolfo Cano Guervos, Biólogo.

SISTEMA DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA

Manuel Gallego Priego, Enxeñeiro Técnico Topógrafo.

BASES DE DATOS E INFORMATIZACIÓN

Berta Román Díaz.

Antonio Quintana García.

José Luis Dorrego Tain.

Ramón Huidobro Vega.

DELINEACIÓN E CARTOGRAFÍA

Antonio Maneiro Vila.

María José Precedo López.

COORDINACIÓN EDITORIAL

Eugenio Cacirol González.

PRIMEIRA PARTE

ANÁLISE SOCIOECONÓMICA

1. A INTEGRACIÓN FUNCIONAL DA COMARCA

A Comarca configúrase como un marco territorial intermedio, formado por un conxunto de concellos que manteñen entre si certa cohesión interna. Fundaméntase en distintos factores xeográficos, históricos, económicos e funcionais que favorecen as relacións intracomarcais. Este feito pon sobre a mesa, xa que logo, a necesidade de establecer uns límites precisos do territorio que abarca cada Comarca. Por iso se fixo necesario realizar en primeiro lugar un estudo previo de delimitación comarcaí articulado en dúas fases.


- a) A primeira delas foi a elaboración dunha proposta obxectiva de adscrición ou pertenza de cada concello á Comarca coa que se sinta identificado.
- b) A segunda recolle o posicionamento dos nove concellos implicados, reflectido nun amplo Cuestionario de Recoñecemento Territorial remitido a tódolos alcaldes. Estes achegan as súas suxestións e consideracións razoadas acerca da súa pertenza e adscrición comarcaí máis adecuada. A análise das respostas contidas no citado cuestionario completouse con entrevistas persoais realizadas ós respectivos poderes locais

En consecuencia, estamos ante un modelo voluntario, gradual e participativo, onde a colaboración dos distintos sectores económicos sociais é determinante para a elaboración dun plano que ten como finalidade fundamental a implantación dun modelo de crecemento equilibrado, baseado na dinamización dos recursos locais ou endóxenos, mediante a creación de organizacións intermedias de coordinación e o potenciamento das xa existentes.

1.1. PRIMEIRA FASE: PROPOSTA OBXECTIVA

Para a determinación do espacio que abarca a Comarca do Carballiño establecéronse catro niveis teóricos de integración de cada concello. Para iso tívose en conta, en primeiro lugar, as clasificacións obxectivas (A) e, en segundo lugar, o "sentido de pertenza" (B).

A.- Consideráronse, en principio, un total de nove propostas de comarcalización que foron seleccionadas entre os diferentes estudos existentes, en orde á súa adecuación ós principais modelos teóricos de rexionalización. Atendendo a estes principios metodoló-



xicos, consideráronse os seguintes tipos de comarcalización:

- Estudos para a definición de Comarcas administrativas.
- Partidos xudiciais.
- Comarcas Agrarias.
- Comarcas Educativas.
- Comarcas consideradas polos antigos Consellos Económico-Sindicais.
- Comarcas Xeográficas.
- Comarcas Funcionais de áreas de mercado.
- Comarcas Funcionais polarizadas.
- Comarcas Funcionais segundo análises multivariadas.

B.- A elas engadiuselle-lo “sentido de pertenza”, manifestado por cada concello no Cuestionario de Recoñecemento Territorial. Se ben este primeiro documento de aproximación á realidade comarcal presenta algunhas insuficiencias, incorpora valores subxectivos esenciais para a delimitación definitiva, ó preguntar polo grao de atracción cara a unha determinada Comarca e polo sentimento de formar parte dela.

A combinación de ámbolos factores (A e B) serviunos de base para determina-los seguintes niveis teóricos de adscrición funcional:

1.- Núcleo Comarcal Consolidado: está formado polos concellos que presentan un maior grao de cohesión. Estes son os que configuran, desde o punto de vista analítico, a área básica ou núcleo consolidado.

2.- Concellos con forte inserción: son aqueles que teñen unha inserción co núcleo comarcal considerado maior ca con calquera outra Comarca. Isto non impide o mante-


mento de vinculacións parciais con outras áreas próximas, nin a formación dunha subárea funcional entre eles mesmos.

3.- Concellos con inserción débil: este nivel teórico de adscrición está formado por aqueles concellos que, a pesar da súa indubidable vinculación, teñen relacións máis frecuentes con outras comarcas veciñas. Por esta circunstancia son os que presentan unha complexidade maior á hora de trazar uns límites claros e definidos, debido a que pertencen a áreas de certa indefinición ou de difícil concreción territorial.

4.- Concellos vinculados: son aqueles que, aínda estando relacionados coa Comarca, pertencen a outra, se ben manteñen vinculacións económicas e funcionais.

A aplicación destes niveis de adscrición á Comarca do Carballiño determinou os seguintes graos de integración, que son expresados mediante o que denominamos “coeficientes de adscrición”. Estes son índices sintéticos que recollen toda a casuística comentada. Ese índice adquire valores que oscilan entre 0 e 1, de acordo coa súa menor ou maior integración funcional na Comarca. Aténdonos a estes criterios, establecémo-la seguinte clasificación:

Núcleo comarcal consolidado	
Concellos	Coefficiente de adscrición funcional
O Carballiño	1
Beariz	1
Boborás	1
San Cristovo de Cea	1
Maside	1
O Irixo	1
Piñor	1



Concellos con forte inserción comarcal

Concellos	Coefficiente de adscrición funcional
San Amaro	0,62
Punxín	0,62

O grupo dos sete concellos con coeficiente de adscrición funcional igual á unidade forma o núcleo comarcal consolidado. En todos eles constátase, a través das diferentes análises realizadas, unha total identificación funcional coa Comarca do Carballiño.

Pola contra, os concellos de San Amaro e Punxín manifestan un menor grao de integración, debido ó seu carácter periférico dentro do conxunto comarcal. Non obstante, e a pesar de que presentan un coeficiente de adscrición inferior á unidade, os estudos efectuados revelan a existencia de niveis e fluxos de inserción altos que favorecen a cohesión interna da Comarca.

En consecuencia, non se encontraron concellos con inserción débil. Só San Amaro e Punxín presentan certa indefinición, que lles afecta sobre todo ás zonas máis periféricas que lindan coa Comarca do Ribeiro. De aí que, segundo os criterios que se utilicen, estes concellos poidan formar parte dunha ou doutra Comarca. En todo caso, a estrada comarcal Ribadavia-Cea (Our-210) e a N-541 (Ourense-Pontevedra) favorecen a súa plena integración na Comarca do Carballiño.

1.2. SEGUNDA FASE: VALORACIÓN DA PROPOSTA

A proposta anterior foi enviada a tódolos concellos implicados, constatándose unha aceptación xeral da clasificación establecida con base nos criterios obxectivos de delimitación aplicados.

O estudo rigoroso dos Cuestionarios de Recoñecemento Territorial reforzan a forte vinculación que existe entre os nove concellos que integran esta Comarca, caracterizada por ter unha entidade propia, claramente definida a través do tempo e dos feitos económicos reflectidos nos Cuestionarios de Recoñecemento Territorial pasados a cada concello. O seu marco territorial presenta unha forte cohesión interna, que se ve favorecida pola existencia de tres importantes vías de comunicación sobre as que se articula o desenvolvemento e a prosperidade económica do conxunto comarcal definido.

A súa vitalidade aséntase fundamentalmente no núcleo do Carballiño, que se configura como o máis consolidado e dinámico, visto o seu protagonismo como principal centro demográfico e de servicios con capacidade de atracción.

Paralelamente, detéctanse fluxos económicos con áreas limítrofes, especialmente con Ribadavia, Lalín e Ourense. A curta distancia que o separa da capital ourensá (27 km.) explica que, nun contexto máis amplo, a Comarca do Carballiño no seu conxunto se circunscriba dentro da área de influencia da capital provincial, que se exerce con intensidade a través das estradas nacionais (N-120, N-541 e N-525). Sen embargo, a existencia destas vinculacións, cada vez máis importantes, con centros extracomarcais non supón, en absoluto, un obstáculo para a plena integración do conxunto comarcal proposto. Máis ben a intensificación destes fluxos permite conecta-la Comarca co exterior, favorecendo con iso o seu propio desenvolvemento económico e social.

1.3. PROPOSTA FINAL

A aplicación dos criterios metodolóxicos sinalados anteriormente dáunos como resulta-

do unha Comarca con entidade propia, a Comarca do Carballiño, que aparece constituída polos seguintes concellos, que se enumeran a continuación:

- Beariz
- Boborás
- O Carballiño
- O Irixo
- Maside
- Piñor
- Punxín
- San Amaro
- San Cristovo de Cea

2. ENCADRAMENTO TERRITORIAL

A Comarca do Carballiño sitúase no sector máis noroccidental da provincia de Ourense. A súa delimitación desde o punto de vista físico aparece reforzada pola presenza dunha serie de unidades montañosas que forman parte da Dorsal galega e que resultan divisorias de augas e límite provincial entre Ourense e Pontevedra.

Estas aliñacións montañosas son os Montes de Testeiro nos concellos de Beariz e O Irixo, e os somontes da Serra do Faro nos sectores altitudinalmente máis elevados do concello de Piñor e San Cristovo de Cea. Os materiais destas aliñacións son principalmente metamórficos de diversa orixe (de idades que comprenden desde o precámbrico ata o devónico), pregados durante a oroxenia hercínica. Pola contra, na zona da Serra do Faro o rochedo é de natureza granítica da idade hercínica.

A Comarca aparece así organizada, desde o punto de vista topográfico, en sucesivos banzos desde o límite setentrional (arredor dos 1000 m.) ata o val do Miño (200-300 m.), que se corresponden con estruturas tectónicas desniveladas e afectadas por diversos momentos erosivos. Deste xeito, atendendo á distinta altimetría, cabe distinguir tres niveis morfolóxicos: as serras que bordean polo

norte, os vales e interfluvios intermedios e os vales baixos.

Esta configuración topográfica da Comarca vese reforzada pola disposición dos cursos fluviais: Cardelle, Viñao, Arenteiro e Barbanhão, que completan a estrutura física desta zona.

Sen dúbida, estas variacións altitudinais son a orixe de fenómenos erosivos bastante acusados que, combinados coa natureza dos materiais e as elevadas encostas, provoca a formación de solos máis ben esqueléticos. Ademais, as encostas tan elevadas van ser un obstáculo decisivo para a labradura do mesmo.

Litoloxicamente, a Comarca do Carballiño presenta dúas zonas claramente diferenciadas polos materiais que as constitúen, observándose unha área occidental con materiais metamórficos de baixo grao e unha área centro-oriental con materiais predominantemente graníticos.

A área occidental, que presenta un relevo máis vigoroso, está formada por rocas sedimentarias de natureza silícea con baixo grao de metamorfismo, pertencentes ó dominio esquisto de Galicia-Tras-Os-Montes. Están constituídos principalmente por esquistos,




FOTO AÉREA DE MASIDE

micaesquistos, esquistos cuarzosos e feldespáticos, paragneises con intercalacións de rocas volcánicas e subvolcánicas, cuarcitas, lilitas, ampelitas, cuarcitas brancas e micaesquistos cuarcíticos. Esta área abrangue os concellos de Beariz (integramente) e as áreas occidentais do Irixo e Boborás, constatándose só un afloramento granítico nas terras de Beariz-Magros, así como pequenos depósitos cuaternarios de orixe aluvial cartografiados como indiferenciados.

A área centro-oriental, onde abundan os vales e interfluvios intermedios, está constituída basicamente por materiais graníticos de distintas variedades, segundo os seus

compoñentes xeoquímicos. Os depósitos cuaternarios son de tipo aluvial e indiferenciados, de moi pequena extensión superficial, destacando os situados nos ríos Arenteiro (augas arriba do Carballiño), Viñao (zonas próximas ó Irixo) e confluencia do río Barbantiño co río Miño. Ademais, polas razóns topográficas xa expostas, atopámonos con límites de explotación dos recursos impostos polas características climáticas. Así, as condicións de dureza térmica impostas pola altitude limitan extraordinariamente a produtividade agroforestal do sector setentrional, cun risco moi alto de xeadas durante boa parte do ano.



No sector meridional, o progresivo descenso en altitude orixina vales baixos, onde se dan as condicións de temperatura máis favorables para o cultivo dos productos agrícolas. O único factor limitante é o descenso de precipitacións, polo que se potenciou a construción de regadíos.

Este esquema teórico aparece reflectido nos usos actuais do solo: a parte setentrional é o dominio do mato, que lle dá paso no sector central da Comarca ás superficies de pradería e piñeirais. Por último, a viña ocupa os tramos finais destes afluentes do Miño, onde

as condicións térmicas e edáficas son moito máis axeitadas para o seu cultivo.

Tendo en conta os aspectos comentados con anterioridade, os usos do solo máis indicados son: a zona dos Montes do Testeiro e a Serra do Faro para uso forestal conservativo e productivo, posto que as condicións actuais do solo (deforestación e erosión) esixen unha recuperación inmediata.

Só se podería reserva-la zona máis axeitada, basicamente por razóns de potencial climático, a cultivos intensivos especializados, contemplando a posibilidade de ampliación

da viña a unha gamma máis ampla de cultivos. Isto pódese levar a cabo sobre todo nos vales intermedios e baixos situados na parte máis meridional da Comarca.

Tamén convén que se reduza a superficie de pradería, pois non parece axeitada para este fin dedicar unha superficie excesiva a este tipo de produción, de escasa rendibilidade na Comarca, dada a situación actual. Co resto do espacio cunha boa aptitude (zonas con produtividade agronómica media-baixa) súxírese o uso forestal productivo, que é a vocación preferente, consolidando a orientación actual do sector máis intermedio (Boborás, Sur do Irixo, San Cristovo de Cea e Piñor, así coma o Norte do Carballiño).

O potencial natural do territorio estivo en estreita relación coa dinámica demográfica e económica seguida pola Comarca. Así, detéctase que os sectores máis desfavorecidos son, precisamente, os que sufriron unha maior corrente migratoria xa desde os primeiros momentos (emigración a América).

O sector comarcal cunha maior dispoñibilidade de recursos naturais mantivo ata datas máis recentes un continxente demográfico estable apoiado nun sistema productivo orientado á agricultura e á gandería de subsistencia, que se foi transformando cara a producións máis rendosas (sector forestal e granxas intensivas).

O último sector da Comarca, que aparece, polo menos desde o punto de vista económico, moi ligado á Comarca do Ribeiro, apóiase no sector vinícola. A pesar de contar cunha diversificación das actividades económicas cara a sectores máis rendosos, esta metade máis meridional participou nos anos sesenta na corrente migratoria cara a Europa.

Desde o punto de vista funcional, a Comarca está xerarquizada polo núcleo urbano do Carballiño (0 35% da poboación comarcal). A estrada N-541 constitúe o eixo de desenvolvemento rexional, completada polo eixo comarcal que representa a estrada que une Ribadavia co Carballiño.

3. RECURSOS HUMANOS

A Comarca do Carballiño presenta unhas características demográficas propias das áreas interiores da Comunidade Galega, cunha considerable perda de poboación de xeito xeral desde 1970 ata hoxe. A isto contribuíu de forma decisiva a constante corrente migratoria que desde finais da guerra civil española afectou a tódolos concellos que integran a Comarca do Arenteiro, especialmente ós máis setentrionais e montañosos, nos que as condicións de vida son difíciles e os recursos naturais escasos.

Entre 1970 e 1991 o conxunto comarcal perdeu case 5.000 habitantes, o que constitúe unha clara regresión demográfica difícil de superar a curto prazo. Non obstante, é de esperar que nos próximos anos o fluxo de emigrantes retornados se incremente, o que vai favorecer xa non só o potencial demográfico, senón tamén o económico, á vista da forte capacidade adquisitiva que presenta boa parte da colonia de emigrantes asentada en América.

3.1. A POBOACIÓN COMARCAL

Ó longo dos últimos cincuenta anos, o continxente demográfico desta Comarca sufriu, como se vén de dicir, unha considerable

redución a consecuencia da intensa corrente emigratoria que lles afectou a numerosas familias. A escaseza de recursos económicos obrigou a un importante número de persoas desta Comarca a emigraren e distintos países de Hispanoamérica, onde aínda permanecen. Isto condicionou seriamente a evolución da poboación, producíndose profundos cambios estruturais que lle afectaron seriamente á súa estrutura productiva.

A análise da súa dinámica e distribución espacial, así como a detección dos núcleos que presentan actualmente un maior dinamismo e capacidade de crecemento demográfico constitúe o obxecto dos apartados que veñen a continuación. Isto vainos servir de base para coñecermos de preto o grao de envellecemento que presenta a Comarca no seu conxunto.

3.1.1. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN

Practicamente as 3/4 partes da poboación comarcal concéntrase en catro concellos (O Carballiño, Borborás, San Cristovo de Cea e Maside), sendo estes os que presentan un maior grao de infraestructuras e desenvolvemento urbanístico, así como as mellores condicións do medio físico para o hábitat huma-



FOTO AÉREA DE SAN AMARO

POBOACIÓN DE FEITO DA COMARCA

CONCELLOS	POBOACIÓN FEITO 70	POBOACIÓN FEITO 75	POBOACIÓN FEITO 81	POBOACIÓN FEITO 86	POBOACIÓN FEITO 91
BEARIZ	1.699	1.578	1.346	1.894	1.839
BOBORÁS	4.842	4.215	4.456	4.944	3.825
CARBALLIÑO (O)	9.962	9.601	10.942	11.174	11.017
IRIXO (O)	4.105	4.247	4.073	3.089	2.534
MASIDE	4.448	4.542	4.551	4.799	3.577
PIÑOR	2.317	2.182	2.111	2.051	1.808
PUNXÍN	1.306	1.291	1.255	1.153	1.048
SAN AMARO	2.608	2.296	2.230	2.247	1.640
SAN CRISTOVO DE CEA	4.705	5.087	5.242	5.135	3.781
TOTAL.....	35.992	35.039	36.206	36.486	31.069
TOTAL COMARCAL.....	35.992	35.039	36.206	36.486	31.069
TOTAL PROVINCIAL.....	413.733	412.484	411.339	399.378	354.474
TOTAL AUTONÓMICO.....	2.583.674	2.687.477	2.753.836	2.785.394	2.720.445

DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN POR CONCELLOS (%)

CONCELLOS	% POBOACIÓN 1970	% POBOACIÓN 1975	% POBOACIÓN 1981	% POBOACIÓN 1986	% POBOACIÓN 1991
BEARIZ	4,72	4,50	3,72	5,19	5,92
BOBORÁS	13,45	12,03	12,31	13,55	12,31
CARBALLIÑO (O)	27,68	27,40	30,22	30,63	35,46
IRIXO (O)	11,41	12,12	11,25	8,47	8,16
MASIDE	12,36	12,96	12,57	13,15	11,51
PIÑOR	6,44	6,23	5,83	5,62	5,82
PUNXÍN	3,63	3,68	3,47	3,16	3,37
SAN AMARO	7,25	6,55	6,16	6,16	5,28
SAN CRISTOVO DE CEA	13,07	14,52	14,48	14,07	12,17
TOTAL.....	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00






FOTO AÉREA DE SAN CRISTOVO DE CEA

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN




Poboación de feito

DISTRIBUCIÓN MUNICIPAL DA POBOACIÓN



(% 1970-1991 con respecto á Comarca)

DISTRIBUCIÓN MUNICIPAL DA POBOACIÓN




(% 1970-1991 con respecto á Comarca).

EVOLUCIÓN DO CRECEMENTO INTERANUAL DA POBOACIÓN

CONCELLOS	% EVOLUCIÓN 1970-75	% EVOLUCIÓN 1975-81	% EVOLUCIÓN 1981-86	% EVOLUCIÓN 1986-91
BEARIZ	-7,12	-14,70	40,71	-2,90
BOBORÁS	-12,95	5,72	10,95	-22,63
CARBALLIÑO (O)	-3,62	13,97	2,12	-1,41
IRIXO (O)	3,46	-4,10	-24,16	-17,97
MASIDE	2,11	0,20	5,45	-25,46
PIÑOR	-5,83	-3,25	-2,84	-11,85
PUNXÍN	-1,15	-2,79	-8,13	-9,11
SAN AMARO	-11,96	-2,87	0,76	-27,01
SAN CRISTOVO DE CEA	8,12	3,05	-2,04	-26,37
TOTAL	-2,65	3,33	0,77	-14,85
TOTAL COMARCAL	-2,65	3,33	0,77	-14,85
TOTAL PROVINCIAL	-0,30	-0,28	-2,91	-11,24
TOTAL AUTONÓMICO	4,02	2,47	1,15	-2,33

EVOLUCIÓN COMPARADA DA POBOACIÓN NA COMARCA



no. A franxa meridional, onde se encontra a maior parte das terras de cultivo, constitúe, pois, o principal eixo de concentración demográfica. Esta faise especialmente intensa no concello do Carballiño, que a pesar de contar cunha extensión de 54 km² (o 9,76% do conxunto comarcal) agrupa en solitario case o 36% da poboación da Comarca. Esta porcentaxe experimentou desde 1970 un incremento de 8 puntos, o que pon de relevo a crescente preponderancia do Carballiño como principal núcleo comarcal, en detrimento do resto dos concellos, que perden peso específico en relación co conxunto da Comarca.

Desta maneira, O Carballiño constitúe o principal foco de atracción, funcionando como un polo de crecemento que tende a exercer a súa influencia de forma moi activa so-

bre os concellos limítrofes de Maside e Boborás. Esta influencia faise efectiva a través da estrada nacional 541, que, ademais de comunicar Ourense e Pontevedra, pon as bases para a creación dun eixo de crecemento que adquire cada vez maior viabilidade entre Maside, O Carballiño e Boborás.

A análise da densidade vén confirma-la preponderancia exercida polo Carballiño como principal núcleo demográfico, ó constatar que é neste concello onde se dá unha densidade moi alta de habitantes por quilómetro cadrado (204,02), moi por riba da comarcal (56,17), provincial (48,71) e autonómica (situada en 92,10). Os outros concellos manteñen unha densidade bastante equilibrada, con valores moi baixos, propios de áreas deprimidas, situados por baixo do conxunto

galego. A existencia de 88 parroquias e de 598 núcleos ou entidades de poboación explican o alto grao de dispersión xeográfica á que está sometida a poboación da Comarca, o mesmo que ocorre en toda Galicia.


3.1.2. ESTUDIO POR PARROQUIAS

A nivel parroquial constátase que o crecemento demográfico máis intenso, producido entre 1981 e 1986, localizouse nalgúns parroquias dos concellos de Beariz e o Carballiño, con porcentaxes de crecemento moi por riba do resto dos núcleos de poboación. Este fenómeno particular, que se dá especialmente en torno ó núcleo urbano do Carballiño, débese ó retorno de emigrantes que

se está a producir desde 1981, sobre todos concellos de maior tradición emigratoria.

A parroquia do Carballiño, que medra de forma lenta pero continua, alcanzando un incremento entre 1981 e 1991 superior ó 24%, é o principal núcleo urbano que existe na Comarca. Con 1.476 habitantes (o 24,06% do total comarcal) constitúe o centro administrativo e de servizos que vincula a actividade económica de toda a Comarca. Polo seu volume demográfico, esta vila é a segunda máis grande da provincia de Ourense.

Sen embargo, a pesar da tímida recuperación demográfica dalgúns parroquias, tal e como se pode apreciar nas táboas que se acompañan, a tónica do conxunto comarcal é o decrecemento demográfico xeneralizado,




DESGLOSE COMARCAL POR PARROQUIAS


	Superficie Total	Poboación Feito 81	Poboación Feito 86	Poboación Feito 91	Densidade 1981	Densidade 1986	Densidade 1991	Crecedemento % 1981-86	Crecedemento % 1986-91	Crecedemento % 1981-91
TOTAL COMARCAL	550,82	36.206	36.486	31.069	65,73	66,24	56,40	0,77	-14,85	-14,19
BEARIZ	54,90	1.346	1.894	1.839	24,52	34,50	33,50	40,71	-2,90	36,63
Beariz (Sta. María)	24,30	763	1.055	1.076	31,40	43,42	44,28	38,27	1,99	41,02
Lebozán (Sta. Cruz)	15,60	321	467	401	20,58	29,94	25,71	45,48	-14,13	24,92
Xirazga (S. Salvador)	15,00	262	372	362	17,47	24,80	24,13	41,98	-2,69	38,17
BOBORÁS	88,62	4.456	4.944	3.825	50,28	55,79	43,16	10,95	-22,63	-14,16
Albarelos (S. Miguel)	10,70	492	574	425	45,98	53,64	39,72	16,67	-25,96	-13,62
Astureses (S. Xulián)	3,10	265	283	251	85,48	91,29	80,97	6,79	-11,31	-5,28
Brués (S. Pedro Fiz)	5,00	343	380	305	68,60	76,00	61,00	10,79	-19,74	-11,08
Cameixa (S. Martiño)	5,70	397	430	392	69,65	75,44	68,77	8,31	-8,84	-1,26
Cardelle (S. Silvestre)	3,90	80	83	55	20,51	21,28	14,10	3,75	-33,73	-31,25
Feás (S. Antón)	11,90	612	694	538	51,43	58,32	45,21	13,40	-22,48	-12,09
Laxas, As (S. Xoán)	2,50	136	119	103	54,40	47,60	41,20	-12,50	-13,45	-24,26
Longoseiros (Sta. Mariña)	0,12	10	-	-	-	-	-	-	-	-100,00
Moldes (S. Mamede)	5,70	254	285	236	44,56	50,00	41,40	12,20	-17,19	-7,09
Moreiras (Sta. Mariña)	18,20	440	499	285	24,18	27,42	15,66	13,41	-42,89	-35,23
Pazos (S. Salvador)	2,60	219	230	184	84,23	88,46	70,77	5,02	-20,00	-15,98
Regueira (S. Pedro)	3,90	295	301	235	75,64	77,18	60,26	2,03	-21,93	-20,34
Xendive (S. Mamede)	5,00	348	395	250	69,60	79,00	50,00	13,51	-36,71	-28,16
Xurenzás (S. Pedro)	4,50	174	169	142	38,67	37,56	31,56	-2,87	-15,98	-18,39
Xuvencos (Sta. María)	5,80	391	502	424	67,41	86,55	73,10	28,39	-15,54	8,44
CARBALLIÑO (O)	56,90	10.942	11.174	11.017	192,30	196,38	193,62	2,12	-1,41	0,69
Arcos (S. Xoán)	6,90	444	524	471	64,35	75,94	68,26	18,02	-10,11	6,08
Arcos (Sta. María)	3,10	645	500	276	208,06	161,29	89,03	-22,48	-44,80	-57,21
Bonga (Sta. Eulalia)	0,60	130	154	92	216,67	256,67	153,33	18,46	-40,26	-29,23
Cabanelas (S. Xoán)	3,10	130	137	84	41,94	44,19	27,10	5,38	-38,69	-35,38
Carballiño, O (Núcleo Urbano)	2,70	6.013	6.732	7.476	2.227,04	2.493,33	2.768,89	11,96	11,05	24,33
Lobas (Sta. Euxenia)	10,30	478	442	340	46,41	42,91	33,01	-7,53	-23,08	-28,87
Longoseiros (Sta. Mariña)	2,50	439	251	194	175,60	100,40	77,60	-42,82	-22,71	-55,81
Madarnás (S. Tomé)	1,90	131	134	145	68,95	70,53	76,32	2,29	8,21	10,69
Mesego (Sta. María)	1,80	440	332	395	244,44	184,44	219,44	-24,55	18,98	-10,23
Mudelos (Santiago)	2,50	167	170	153	66,80	68,00	61,20	1,80	-10,00	-8,38
Partovía (Santiago)	6,80	480	522	294	70,59	76,76	43,24	8,75	-43,68	-38,75
Piteira (S. Miguel)	4,40	334	318	273	75,91	72,27	62,05	-4,79	-14,15	-18,26
Ponte-Veiga (S. Lorenzo)	2,60	293	279	243	112,69	107,31	93,46	-4,78	-12,90	-17,06
Sagra (S. Martiño)	4,50	246	176	146	54,67	39,11	32,44	-28,46	-17,05	-40,65
Señorín (S. Roque)	0,50	439	404	350	878,00	808,00	700,00	-7,97	-13,37	-20,27
O Barón (S. Fiz)	2,70	133	99	85	49,26	36,67	31,48	-25,56	-14,14	-36,09
IRIXO (O)	118,30	4.073	3.089	2.534	34,43	26,11	21,42	-24,16	-17,97	-37,79
Campo (Sta. María)	9,40	1.054	774	666	112,13	82,34	70,85	-26,57	-13,95	-36,81

	Superficie Total	Poboación Feito 81	Poboación Feito 86	Poboación Feito 91	Densidade 1981	Densidade 1986	Densidade 1991	Crecedemento % 1981-86	Crecedemento %1986-91	Crecedemento %1981-91
Cangues (S. Esteva)	3,80	83	46	37	21,84	12,11	9,74	-44,58	-19,57	-55,42
Cidade (Sta. Mariña)	6,80	206	152	113	30,29	22,35	16,62	-26,21	-25,66	-45,15
Corneda (Santiago)	6,40	381	252	219	59,53	39,38	34,22	-33,86	-13,10	-42,52
Cusanca (S. Cosme)	23,80	429	371	317	18,03	15,59	13,32	-13,52	-14,56	-26,11
Dadín (S. Pedro)	6,20	260	185	177	41,94	29,84	28,55	-28,85	-4,32	-31,92
Espiñeira (S. Pedro)	10,00	218	191	142	21,80	19,10	14,20	-12,39	-25,65	-34,86
Froufe (S. Xoán)	18,80	303	204	151	16,12	10,85	8,03	-32,67	-25,98	-50,17
Loureiro (Sta. Mariña)	11,30	375	294	251	33,19	26,02	22,21	-21,60	-14,63	-33,07
Parada de Laviote (S. Xulián)	7,50	436	374	298	58,13	49,87	39,73	-14,22	-20,32	-31,65
Reádigos (Sta. Eulalia)	5,00	130	88	58	26,00	17,60	11,60	-32,31	-34,09	-55,38
Regueiro (S. Pedro)	9,30	198	158	105	21,29	16,99	11,29	-20,20	-33,54	-46,97
MASIDE	40,80	4.551	4.799	3.577	111,54	117,62	87,67	5,45	-25,46	-21,40
Amarante (Sta. María)	7,50	1.062	1.110	810	141,60	148,00	108,00	4,52	-27,03	-23,73
Armeses (S. Miguel)	3,40	469	418	275	137,94	122,94	80,88	-10,87	-34,21	-41,36
Garabás (S. Pedro)	8,80	904	859	602	102,73	97,61	68,41	-4,98	-29,92	-33,41
Lago (S. Martiño)	3,70	275	285	204	74,32	77,03	55,14	3,64	-28,42	-25,82
Louredo (Sta. María)	4,50	328	335	233	72,89	74,44	51,78	2,13	-30,45	-28,96
Maside (S. Tomé)	3,20	967	1.264	1.032	302,19	395,00	322,50	30,71	-18,35	6,72
Piñeiro (S. Xoán)	3,80	238	208	150	62,63	54,74	39,47	-12,61	-27,88	-36,97
Rañestres (S. Mamés)	2,60	109	114	98	41,92	43,85	37,69	4,59	-14,04	-10,09
Treboedo (Sta. Comba)	3,30	199	206	173	60,30	62,42	52,42	3,52	-16,02	-13,07
PIÑOR	51,40	2.111	2.051	1.808	41,07	39,90	35,18	-2,84	-11,85	-14,35
Barrán (S. Xoán)	6,30	382	386	318	60,63	61,27	50,48	1,05	-17,62	-16,75
Canda, A (S. Mamede)	7,50	422	436	394	56,27	58,13	52,53	3,32	-9,63	-6,64
Carballeda (Sta. María)	5,60	339	306	267	60,54	54,64	47,68	-9,73	-12,75	-21,24
Coirás (S. Xoán)	10,00	286	270	185	28,60	27,00	18,50	-5,59	-31,48	-35,31
Desterro, O (Sta. María)	9,40	203	193	194	21,60	20,53	20,64	-4,93	0,52	-4,43
Loeda (S. Paio)	5,70	209	199	239	36,67	34,91	41,93	-4,78	20,10	14,35
Torrecela (Santiago)	6,90	270	261	211	39,13	37,83	30,58	-3,33	-19,16	-21,85
PUNXÍN	17,90	1.255	1.153	1.048	70,11	64,41	58,55	-8,13	-9,11	-16,49
Barbantes (Santiago)	1,80	171	152	151	95,00	84,44	83,89	-11,11	-0,66	-11,70
Freás (Sta. María)	3,20	202	206	179	63,13	64,38	55,94	1,98	-13,11	-11,39
Ourantes (S. Xoán)	3,80	195	170	173	51,32	44,74	45,53	-12,82	1,76	-11,28
Punxín (Sta. María)	5,50	437	401	365	79,45	72,91	66,36	-8,24	-8,98	-16,48
Vilamoura (S. Esteva)	1,70	140	121	92	82,35	71,18	54,12	-13,57	-23,97	-34,29
Vilela (Sta. María)	1,90	110	103	88	57,89	54,21	46,32	-6,36	-14,56	-20,00
SAN AMARO	28,90	2.230	2.247	1.640	77,16	77,75	56,75	0,76	-27,01	-26,46
Anllo (Santiago)	3,20	325	350	203	101,56	109,38	63,44	7,69	-42,00	-37,54
Beariz (S. Martiño)	3,70	376	312	305	101,62	84,32	82,43	-17,02	-2,24	-18,88
Eiras (Sta. Euxenia)	5,10	233	238	171	45,69	46,67	33,53	2,15	-28,15	-26,61
Grixa (Sta. María)	3,30	311	332	248	94,24	100,61	75,15	6,75	-25,30	-20,26

	Superficie Total	Poboación Feito 81	Poboación Feito 86	Poboación Feito 91	Densidade 1981	Densidade 1986	Densidade 1991	Crecedo % 1981-86	Crecedo % 1986-91	Crecedo % 1981-91
Las (S. Cibrao)	3,80	413	409	269	108,68	107,63	70,79	-0,97	-34,23	-34,87
Novio (S. Fiz)	3,80	157	196	128	41,32	51,58	33,68	24,84	-34,69	-18,47
Salamonde (Sta. María)	5,80	404	408	313	69,66	70,34	53,97	0,99	-23,28	-22,52
O Barón (S. Felipe)	0,20	11	2	3	55,00	10,00	15,00	-81,82	50,00	-72,73
SAN CRISTOVO DE CEA	93,10	5.242	5.135	3.781	56,31	55,16	40,61	-2,04	-26,37	-27,87
Castrelo (S. Cibrao)	3,20	279	306	217	87,19	95,63	67,81	9,68	-29,08	-22,22
Cea (S. Cristovo)	3,30	1.144	1.161	939	346,67	351,82	284,55	1,49	-19,12	-17,92
Covas (Sta. María)	15,00	444	416	349	29,60	27,73	23,27	-6,31	-16,11	-21,40
Lamas (S. Martiño)	1,80	214	218	180	118,89	121,11	100,00	1,87	-17,43	-15,89
Longos (Sta. Eulalia)	3,70	123	111	73	33,24	30,00	19,73	-9,76	-34,23	-40,65
Mandras (S. Pedro)	2,60	322	297	130	123,85	114,23	50,00	-7,76	-56,23	-59,63
Oseira (Sta. María a Real)	27,50	984	924	666	35,78	33,60	24,22	-6,10	-27,92	-32,32
Pereda (Sta. Eulalia)	6,90	389	386	291	56,38	55,94	42,17	-0,77	-24,61	-25,19
San Facundo (S. Facundo)	4,50	280	274	183	62,22	60,89	40,67	-2,14	-33,21	-34,64
Souto (S. Salvador)	1,20	150	134	81	125,00	111,67	67,50	-10,67	-39,55	-46,00
Vales (S. Pedro)	13,10	390	387	281	29,77	29,54	21,45	-0,77	-27,39	-27,95
Vilaseco (S. Miguel)	3,40	219	214	168	64,41	62,94	49,41	-2,28	-21,50	-23,29
Viña (S. Román)	6,90	304	307	223	44,06	44,49	32,32	0,99	-27,36	-26,64


Fuente: Municipios y parroquias de Galicia (Torres Luna y otros), y Nomenclator del I.N.E.





DENSIDADE DE POBOACIÓN E DENSIDADE DE POBOAMENTO

CONCELLOS	Poboación Feito 70	Poboación Feita 91	Superficie Municipal Km ²	Número de Parroquias	Entidades de Poboación	Densidade de Poboación 91	Densidade de Poboamento
BEARIZ	1.699	1.839	56,20	3	18	32,72	0,32
BOBORÁS	4.842	3.825	87,00	14	71	43,97	0,82
CARBALLIÑO (O)	9.962	11.017	54,00	16	89	204,02	1,65
IRIXO (O)	4.105	2.534	121,40	12	104	20,87	0,86
MASIDE	4.448	3.577	40,20	9	68	88,98	1,69
PIÑOR	2.317	1.808	54,30	7	59	33,30	1,09
PUNXÍN	1.306	1.048	17,00	6	30	61,65	1,76
SAN AMARO	2.608	1.640	29,00	8	72	56,55	2,48
SAN CRISTOVO DE CEA	4.705	3.781	94,00	13	87	40,22	0,93
TOTAL	35.992	31.069	553,10	88	598	56,17	1,08
TOTAL COMARCAL						56,17	1,08
TOTAL PROVINCIAL						48,71	0,51
TOTAL AUTONÓMICO						92,10	0,99



superior ó -14% entre 1981 e 1991. Neste periodo o crecemento é positivo só en nove parroquias: Beariz, Lebozán e Xirazga, en Beariz; Xuvencos, en Boborás; Arcos, O Carballiño e Madarnás, no Carballiño; Maside; e Loeda, en Piñor.

3.2. DINÁMICA DEMOGRÁFICA

Pasaremos agora a estudia-los distintos procesos que afectan á dinámica demográfica, prestando especial atención á natalidade,

á mortalidade, ó crecemento vexelativo e ó saldo migratorio. Isto permitirá avalia-lo movemento natural que se produciu ó longo dos últimos anos.

3.2.1. NATALIDADE

A taxa de natalidade é moi baixa en tódolos concellos. Na maioría dos casos, por debaixo da taxa provincial e rexional, con valores xeralmente inferiores ó 60%. Soamente O Carballiño ten unha taxa de natalidade su-

perior á provincia, pero á súa vez inferior á rexional.

Desde 1980 conséntase un descenso xeneralizado da natalidade. En consecuencia, tal e como se pode apreciar na táboa, tódolos concellos presentan actualmente taxas extraordinariamente reducidas, o que constitúe un grave problema que ten a súa orixe primordial na escaseza de xoves, provocado pola emigración que tradicionalmente afectou á Comarca.


3.2.2. MORTALIDADE

Os valores relativos á mortalidade son aínda máis preocupantes cós da natalidade. A continua e numerosa corrente emigratoria posibilitou o progresivo éxodo de adultos e de xoves, provocando con isto un envellecemento xeneralizado da poboación incapaz de garanti-lo relevo xeracional. Isto explica que tódolos concellos presenten taxas de mortalidade moi altas en relación co conxunto provincial e rexional, mesmo con valores

TAXA DE NATALIDADE, MORTALIDADE E CRECEMENTO VEXETATIVO

CONCELLOS	TAXA NATALIDADE 1981-85	TAXA NATALIDADE 1986-91	TAXA MORTALIDADE 1981-85	TAXA MORTALIDADE 1986-91	CTO. VEXETATIVO 1981-86	CTO. VEXETATIVO 1986-91
BEARIZ	4,32	1,61	10,25	11,52	-5,93	-9,91
BOBORÁS	3,45	1,98	9,70	9,54	-6,26	-7,56
CARBALLIÑO (O)	9,88	8,47	10,94	11,16	-1,07	-2,69
IRIXO (O)	5,31	3,62	13,07	18,32	-7,76	-14,70
MASIDE	3,76	5,73	6,42	12,30	-2,65	-6,57
PIÑOR	7,40	6,05	14,90	16,15	-7,50	-10,11
PUNXÍN	5,65	4,85	16,94	16,05	-11,30	-11,21
SAN AMARO	8,13	5,15	10,27	11,49	-2,14	-6,35
SAN CRISTOVO DE CEA	5,51	4,56	9,21	11,25	-3,70	-6,69
TOTAL	6,55	5,54	10,52	12,18	-3,97	-6,64
TOTAL COMARCAL	6,55	5,54	10,52	12,18	-3,97	-6,64
TOTAL PROVINCIAL	8,53	6,90	10,06	10,06	-1,53	-3,16
TOTAL AUTONÓMICO	11,66	8,64	9,29	9,56	2,37	-0,92

EVOLUCIÓN DA NATALIDADE E A MORTALIDADE



superiores ó 14% en Beariz e Piñor, e de 15% en Punxín.

A alta taxa de mortalidade que se rexistra nesta Comarca, sometida historicamente a un forte éxodo poboacional, está moi ligada á estrutura tremendamente envellecida da súa pirâmide de poboación. Actualmente, case o 20% dos seus efectivos demográficos é maior de 65 anos. Ademais, as emigracións de retorno cara á Comarca están protagonizadas de forma moi preferente por antigos emigrantes que xa xubilados e co seu proxecto finalizado regresan ó lugar do seu nacemento. Esta volta tende a envellecer aínda máis a poboación da Comarca, ó tratarse en boa medida de persoas de avanzada idade. Todas estas circunstancias, como é de supo-

ñer, favorecen esa taxa de mortalidade e apuntan cara á súa acentuación no futuro.

3.2.3. CRECEMENTO VEXETATIVO

Froito da baixa taxa de natalidade, e a alta mortalidade (con valores xa superiores ó 11%), o crecemento vexetativo é fortemente negativo. Aspecto este que se manifesta en tódolos concellos, con valores que nalgúns casos se sitúan por riba do -12,7%, como sucede no Irixo. Esta evolución foise incrementando desde 1980 de forma continua, pasando dun crecemento vexetativo negativo do -3,60% no período 1980-85 ó -5,76% durante 1986-89.

Esta tendencia tan claramente regresiva do crecemento vexetativo, ligado ó progresivo envellecemento da poboación, fai que a porcentaxe de poboación maior de 65 anos alcance practicamente o 20%, mentres que os menores de 15 anos só representan o 15,30%. Como se ve, estamos ante unha situación demográfica sumamente crítica.

3.2.4. SALDO MIGRATORIO

A Comarca do Carballiño foi tradicionalmente un foco de forte emigración, primeiro a Ultramar (Arxentina, México, Venezuela e Panamá) e máis tarde, especialmente a partir de 1960, a distintos países europeos (Alemaña, Francia e Suiza). Ó longo de toda a década dos anos sesenta diminuíu a emigración a América e a gran corrente emigratoria dirixiuse cara a Europa, constituíndo un dos fenómenos máis característicos do desenvolvemento dos anos sesenta. Non obstante, a

corrente migratoria cara a América continuou sendo moi forte ata finais dos anos setenta, polo que os saldos negativos se manteñen ata ese momento.

Na actualidade, analizando o cadro que se adxunta, observamos que a Comarca tivo durante o período 1970-1986 un saldo migratorio positivo de 1.713 persoas, que pode considerarse un factor moi positivo para favorecer-lo desenvolvemento comarcal. Sen embargo, e a pesar do cambio experimentado, este saldo positivo non é homoxéneo, detectándose aínda valores negativos nos concellos do Irixo, Piñor, Punxín e San Amaro, mentres que o resto presentan saldos positivos, especialmente O Carballiño, onde se constata un balance positivo para ese período de 1.000 persoas. Este cambio de tendencias iniciouse, neste concello, a partir de 1975, coincidindo co retorno de emigrantes que a partir daquela adquiriu certa importancia en toda a Comarca, como se dixo.

EVOLUCIÓN DO SALDO MIGRATORIO

CONCELLOS	SALDO MIGRATORIO PERÍODO 1981-1986	SALDO MIGRATORIO PERÍODO 1986-1991	% SALDO MIGRATORIO PERÍODO 1981-1986	% SALDO MIGRATORIO PERÍODO 1986-1991
BEARIZ	617	56	45,84	2,96
BOBORÁS	685	-920	15,37	-18,61
CARBALLIÑO (O)	318	22	2,91	0,20
IRIXO (O)	-811	-307	-19,91	-9,94
MASIDE	331	-1.057	7,27	-22,03
PIÑOR	30	-126	1,42	-6,14
PUNXÍN	-20	-31	-1,59	-2,69
SAN AMARO	57	-533	2,56	-23,72
SAN CRISTOVO DE CEA	0	-1.175	0,00	-22,88
TOTAL	1.207	-4.071	3,33	-11,16
MEDIA COMARCAL	1.207	-4.071	3,33	-11,16
MEDIA PROVINCIAL	-7.724	-35.260	-1,87	-8,78
MEDIA AUTONÓMICA	-1.966	-49.616	-0,07	-1,78

O feito de que sexa O Carballiño o concello que presenta o balance máis favorable débese tanto ós movementos de retorno de emigrantes, como á circunstancia de que é este o principal núcleo urbano que presenta mellores expectativas de crecemento e maior volume poboacional. Desta maneira, este concello amosa unha certa capacidade de atracción inmigratoria, un feito moi importante a ter en conta para artella-lo seu futuro desenvolvemento.

3.3. ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA

Os procesos demográficos e o movemento natural da poboación que estudiamos nos apartados anteriores exercen unha influencia directa sobre a estrutura demográfica por idades e sexos. A súa análise e caracterización serán obxecto de comentario nos apartados que seguen. Con iso preténdese obter unha visión xenérica que nos sirva de base para a concreción de futuras accións.

3.3.1. ESTRUCTURA POR IDADE


Tendo en conta que o límite que permite considerar unha poboación como envellecida prodúcese cando as persoas con máis de 65 anos representan máis do 10% dos efectivos totais da poboación considerada, a Comarca do Carballiño presenta tódolos trazos característicos dunha poboación moi envellecida, xa que practicamente o 20% dos seus habitantes ten máis de 65 anos, mentres que a poboación nova, menor de 15 anos, non supera o 15,30%. Esta situación aínda é máis preocupante se se ten en conta que do total de persoas con máis de 65 anos, o 42,21% ten máis de 75 anos, o cal fai supoñer que a alta taxa de mortalidade que lle afecta a esta Comarca vaise manter, desgraciadamente, durante algúns anos.

As causas principais deste dramático envellecemento está relacionado co retroceso da fecundidade e da natalidade, así como coa saída de emigrantes. O éxodo de mozos e

ESTRUCTURA POR IDADE DA POBOACIÓN, 1991

Poboación CONCELLOS	Poboación DEREITO	Poboación < 15 anos	Poboación 15 a 65 anos	% Poboac. > 65 anos	% Poboac. < 15 anos	% Poboac. 15 a 65 anos	% Poboac. > 65 anos
BEARIZ	1.884	248	1.150	486	13,16	61,04	25,80
BOBORÁS	3.886	409	2.344	1.133	10,52	60,32	29,16
CARBALLIÑO (O)	10.968	1.806	7.099	2.063	16,47	64,72	18,81
IRIXO (O)	2.544	239	1.469	836	9,39	57,74	32,86
MASIDE	3.630	519	2.206	905	14,30	60,77	24,93
PIÑOR	1.850	248	1.042	560	13,41	56,32	30,27
PUNXÍN	1.050	103	625	322	9,81	59,52	30,67
SAN AMARO	1.651	235	991	425	14,23	60,02	25,74
SAN CRISTOVO DE CEA	3.793	468	2.326	999	12,34	61,32	26,34
TOTAL	31.256	4.275	19.252	7.729	13,68	61,59	24,73
TOTAL COMARCAL	31.256	4.275	19.252	7.729	13,68	61,59	24,73
TOTAL PROVINCIAL	350.877	53.435	221.314	76.128	15,23	63,07	21,70
TOTAL AUTONÓMICO	2.718.316	495.087	1.785.185	438.044	18,21	65,67	16,11

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN, 1991



adultos -lembros que a Comarca perdeu entre 1970 e 1991 un total de 5.180 habitantes- provocou de forma indirecta un descenso da natalidade comarcal, acentuado pola baixa fecundidade dominante.

3.3.2. DEPENDENCIA DA POBOACIÓN

Para pescuda-lo grao de dependencia que presenta a poboación da Comarca, utilizámo-lo índice de dependencia senil. Este corrobora o alto grao de envellecemento da Comarca en relación co seu contexto, xa envellecido, como é o provincial e o autonómico. Concre-

tamente, a porcentaxe de anciáns en relación cos potencialmente activos é do 30,64%, mentres que a provincia non supera o 27,31% e a Comunidade Autónoma o 22,39%. Isto demostra o alto grao de dependencia que lle afecta á poboación da Comarca. Por cada 100 persoas activas hai 52 que superan os 65 anos de idade.

3.3.3. SUBSTITUCIÓN XERACIONAL

O resultado de dividí-la poboación comprendida entre 15 e 40 anos entre a de 40-60 permítenos coñece-la taxa de substitución

xeracional; é dicir, medi-la posibilidade que ten unha pobaación de iguala-lo relevo das súas xeracións. Para mante-lo volume actual, a taxa debe ser como mínimo igual a 1. Na Comarca do Carballiño a taxa sitúase en 0,96. En consecuencia, esta taxa, que se encontra por baixo da provincial e autonómica, é incapaz de asegurar esa substitución xeracional da poboación comarcal. Sen embargo, existen tres concellos (O Carballiño, Maside e San Amaro) nos que a taxa alcanza o valor mínimo para asegura-la substitución de xeracións. Pero as expectativas positivas que presentan eses tres concellos non son suficientes para compensa-lo serio déficit que padece a Comarca no que a recursos humanos se refire.

3.3.4. COMPOSICIÓN POR SEXO

A proporción de homes por cada 100 mulleres permítenos coñecer-la relación de masculinidade da Comarca. Esta alcanza valores baixos (inferiores á media provincial e rexional). Así, mentres a relación de masculinidade de Galicia é de 93,22, a da Comarca que nos ocupa sitúase en 88,82 homes por cada 100 mulleres.

O maior número de mulleres ca de homes débese, por un lado, á emigración, ó afectarlle esta predominantemente á poboación masculina, o que xerou fortes desequilibrios na estrutura demográfica por sexos. Por outro lado, diminúe tamén pola maior esperanza de vida das mulleres sobre o de homes. Todo isto explica a supremacía do número de mulleres en tódolos concellos da Comarca.

ESTRUCTURA POR SEXOS DA POBOACIÓN, 1991

CONCELLOS	TOTAL HOMES DEREITO 91	TOTAL MULLERES DEREITO 91	RELACIÓN 91 MASCULINIDADE
BEARIZ	848	1.035	81,93
BOBORÁS	1.776	2.112	84,09
CARBALLIÑO (O)	5.241	5.893	88,94
IRIXO (O)	1.168	1.379	84,70
MASIDE	1.695	1.953	86,79
PIÑOR	923	931	99,14
PUNXÍN	487	567	85,89
SAN AMARO	798	849	93,99
SAN CRISTOVO DE CEA	1.867	1.947	95,89
TOTAL.....	14.803	16.666	88,82
TOTAL COMARCAL.....			88,82
TOTAL PROVINCIAL.....			92,95
TOTAL AUTONÓMICO.....			93,22

TAXA DE SUBSTITUCIÓN XERACIONAL NOS ANOS 1986-1991

CONCELLOS	POBOACIÓN 86 15 - 39	POBOACIÓN 91 15 - 39	POBOACIÓN 86 40 - 64	POBOACIÓN 91 40 - 64	TAXA SUBSTITUCIÓN 86	TAXA SUBSTITUCIÓN 91
BEARIZ	527	490	651	660	0,81	0,74
BOBORÁS	1.606	996	1.857	1.348	0,86	0,74
CARBALLIÑO (O)	3.912	3.683	3.674	3.416	1,06	1,08
IRIXO (O)	1.072	544	1.442	925	0,74	0,59
MASIDE	1.712	1.035	1.566	1.171	1,09	0,88
PIÑOR	635	471	666	571	0,95	0,82
PUNXÍN	375	288	508	337	0,74	0,85
SAN AMARO	919	466	851	525	1,08	0,89
SAN CRISTOVO DE CEA	1.690	1.044	1.721	1.282	0,98	0,81
TOTAL.....	12.448	9.017	12.936	10.235	0,96	0,88
TOTAL COMARCAL.....					0,96	0,88
TOTAL PROVINCIAL.....					1,17	1,05
TOTAL AUTONÓMICO.....					1,22	1,27

ÍNDICES DE DEPENDENCIA DA POBOACIÓN

CONCELLOS	I. DEPENDENCIA XERAL 1991	I. DEPENDENCIA XUVENIL	I. DEPENDENCIA SENIL
BEARIZ	63,83	21,57	42,26
BOBORÁS	65,78	17,45	48,34
CARBALLIÑO (O)	54,50	25,44	29,06
IRIXO	73,18	16,27	56,91
MASIDE	64,55	23,53	41,02
PIÑOR	77,54	23,80	53,74
PUNXÍN	68,00	16,48	51,52
SAN AMARO	66,60	23,71	42,89
SAN CRISTOVO DE CEA	63,07	20,12	42,95
TOTAL.	62,35	22,21	40,15
TOTAL COMARCAL	62,35	22,21	40,15
TOTAL PROVINCIAL	58,54	24,14	34,40
TOTAL AUTONÓMICO	52,27	27,73	24,54

3.4. SÍNTESE DA SITUACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS

Vimos como, a consecuencia da forte corrente migratoria, a poboación está inmersa nun claro proceso regresivo, con cuantiosas perdas demográficas e unha estrutura moi envellecida da súa poboación. Este proceso estivo acompañado dun descenso xeneralizado da natalidade e dunha alta taxa de mortalidade, o que xera un crónico crecemento vegetativo negativo en tódolos concellos, incapaces deste xeito de garantir a curto prazo o relevo xeracional.

Non obstante, e a pesar do panorama negativo descrito, convén resaltar que o saldo migratorio entre 1970 e 1986 foi positivo, o cal non deixa de ser un factor que pode favorecer-lo desenvolvemento comarcal, aproveitando as potencialidades inversoras que ofrecen os emigrantes retornados.

3.5. PROXECCIONS DEMOGRÁFICAS

Con estas proxeccións preténdese calcular, a partir das taxas de natalidade, mortalidade e fecundidade que se rexistran na actualidade, o número de persoas que cabe esperar que a Comarca teña ó cabo duns

anos. Isto seranos de gran utilidade para estudar e planificar futuros investimentos na Comarca.

Tal e como se pode ver no cadro, os tres tipos de proxeccións realizadas (tendencial, optimista e pesimista) confirman unha forte redución do continxente demográfico do conxunto comarcal que nos ocupa. En efecto, de se manteren as tendencias actuais observadas, a poboación dos nove concellos que integran a Comarca vai experimentar un decrecemento estimado do -3,79%, e do 14,37% para o período 1991-2010.

Proxección	2005	2010
Tendencial	27.664	26.614
Optimista	27.692	26.641
Pesimista	27.636	26.587

Deste xeito, de se cumpriren mesmo as previsións máis optimistas, o conxunto da Comarca do Carballiño vai ver reducido considerablemente o seu volume poboacional en algo máis de 4.428 persoas, pasando dos 31.069 habitantes existentes en 1991 ós 26.641 estimados para o ano 2010.

4. O SISTEMA PRODUCTIVO

A análise do sistema productivo é de vital importancia para detecta-las potencialidades e os recursos máis significativos cos que conta a Comarca. Para iso, nos apartados seguintes imos estudar cada unha das distintas ramas de actividade que configuran o sistema productivo comarcal.

4.1. POBOACIÓN ACTIVA

A taxa de actividade xeral da poboación da Comarca rexistra valores moi similares ós do conxunto ourensán e galego. Case tódolos concellos teñen valores similares (entre o 42% e o 45%), a excepción de Boborás e Beariz, coas taxas de actividade máis altas da Comarca, co 56,90% e o 49,30%, respectivamente.

O feito de que o concello de Boborás teña a taxa de actividade xeral máis elevada débese á existencia dunha maior proporción de mulleres activas neste concello ca no resto. Esta situación queda patente cos datos relativos á súa taxa de actividade feminina. O seu valor (45,18%) case duplica o da provincia (23,62%) e o galego, que se sitúa no 26,11%. Isto haino que relacionar co traballo da muller no campo, de maneira que en vez de ser un indicador de desenvolvemento, éo da situación contraria.

4.2. SECTORES DE ACTIVIDADE

Segundo os datos dos que dispoñemos, referidos ó ano 1991, o sector secundario e o terciario ocupan conxuntamente o 51% da poboación ocupada da Comarca, mentres que a poboación empregada no sector primario aínda é moi alta, incluíndo o 48,6% do total.

A pesar desa lixeira preeminencia dos activos non agrarios dentro do conxunto comarcal, o seu significado é escaso, dado que son porcentaxes inferiores ó contexto provincial (68,7%) e autonómico (79,7%), xa en por si excesivamente rivalizado. Ademais, existen fortes desigualdades sectoriais entre uns concellos e outros. Mentres Beariz, Boborás e O Irixo manteñen unha especialización claramente agrícola e gandeira, os outros presentan unha maior diversificación da poboación activa, con predominio das actividades terciaria e secundaria. Este é o caso do Carballiño, Maside e Punxín, concellos que presentan unha estrutura económica máis evolucionada e nos que as expectativas de crecemento son máis esperanzadoras, sobre todo no Carballiño, onde practicamente o 76% da poboación ocupada desenvolve actividades non agrarias e o potencial demográfico e industrial tende a dinamizarse.

TAXA DE ACTIVIDADE XERAL, HOMES E MULLERES, 1991

CONCELLOS	TAXA ACTIVIDADE HOMES 91	TAXA ACTIVIDADE MULLERES 91	TAXA ACTIVIDADE XERAL 91
BEARIZ	60,20	29,37	42,85
BOBORÁS	56,88	34,91	44,86
CARBALLIÑO (O)	66,06	37,65	50,90
IRIXO (O)	92,03	90,68	91,29
MASIDE	60,64	27,13	42,49
PIÑOR	57,74	34,48	45,77
PUNXÍN	57,28	42,50	49,20
SAN AMARO	60,15	23,13	40,58
SAN CRISTOVO DE CEA	61,77	29,71	45,04
TOTAL	64,43	38,46	50,49
MEDIA COMARCAL	64,43	38,46	50,49
MEDIA PROVINCIAL	62,22	33,09	46,97
MEDIA AUTONÓMICA	66,36	33,58	49,18

TAXA DE ACTIVIDADE POR GRANDES GRUPOS DE IDADE E SEXO, 1991

CONCELLOS	TAXA ACTIVIDADE HOMES 16-24	TAXA ACTIVIDADE HOMES 25-54	TAXA ACTIVIDADE HOMES 55-65	TAXA ACTIVIDADE HOMES 65 e máis	TAXA ACTIVIDADE TOTAL HOMES
BEARIZ	26,60	83,75	72,79	17,12	60,11
BOBORÁS	47,22	84,80	75,00	11,66	56,91
CARBALLIÑO (O)	45,06	92,29	73,37	17,52	66,01
IRIXO (O)	64,96	97,32	98,33	94,27	92,30
MASIDE	62,17	92,01	64,98	5,52	60,56
PIÑOR	64,00	91,20	81,02	4,05	57,81
PUNXÍN	68,97	91,19	65,82	5,47	57,55
SAN AMARO	66,67	92,08	70,00	4,81	59,97
SAN CRISTOVO DE CEA	65,69	92,38	75,58	2,14	61,85
TOTAL	52,97	91,07	75,47	18,68	64,44
TOTAL COMARCAL	52,97	91,07	75,47	18,68	64,44
TOTAL PROVINCIAL	52,05	92,13	65,42	8,61	62,08
TOTAL AUTONÓMICO	52,43	93,14	63,36	6,52	66,36

CONCELLOS	TAXA ACTIVIDADE MULLERES 16-24	TAXA ACTIVIDADE MULLERES 25-54	TAXA ACTIVIDADE MULLERES 55-65	TAXA ACTIVIDADE MULL. 65 e máis	TAXA ACTIVIDADE TOTAL MULLERES
BEARIZ	19,10	41,85	67,10	2,94	29,37
BOBORÁS	21,43	52,02	68,60	3,64	34,93
CARBALLIÑO (O)	34,92	49,71	48,37	11,35	37,64
IRIXO (O)	54,35	90,33	98,14	93,49	90,68
MASIDE	40,45	38,84	40,83	2,50	27,10
PIÑOR	38,54	52,52	71,65	2,24	34,52
PUNXÍN	45,16	71,52	66,67	5,15	42,41
SAN AMARO	33,33	31,62	36,81	1,68	23,13
SAN CRISTOVO DE CEA	35,08	39,87	57,28	2,08	29,71
TOTAL	35,05	49,80	59,11	15,24	38,46
TOTAL COMARCAL	35,05	49,80	59,11	15,24	38,46
TOTAL PROVINCIAL	34,34	47,98	40,18	6,52	32,84
TOTAL AUTONÓMICO	35,68	47,22	34,07	4,90	33,58

CONCELLOS	TAXA ACTIVIDADE TOTAL 16-24	TAXA ACTIVIDADE TOTAL 25-54	TAXA ACTIVIDADE TOTAL 55-65	TAXA ACTIVIDADE TOTAL 65 e máis	TAXA ACTIVIDADE TOTAL
BEARIZ	22,95	62,64	69,87	7,20	42,82
BOBORÁS	35,94	68,16	71,25	6,80	44,89
CARBALLIÑO (O)	40,01	70,43	59,56	13,91	50,87
IRIXO (O)	60,70	93,70	98,23	93,78	91,41
MASIDE	51,56	64,59	52,65	3,65	42,43
PIÑOR	51,53	72,06	76,52	3,04	45,83
PUNXÍN	56,67	81,17	66,28	5,28	49,25
SAN AMARO	49,36	61,45	52,55	3,06	40,52
SAN CRISTOVO DE CEA	50,89	67,12	65,61	2,10	45,07
TOTAL	44,32	70,14	66,63	16,61	50,49
TOTAL COMARCAL	44,32	70,14	66,63	16,61	50,49
TOTAL PROVINCIAL	43,37	70,03	52,15	7,40	46,76
TOTAL AUTONÓMICO	44,19	70,07	47,84	5,55	49,18


POBOACIÓN POR SECTORES DE ACTIVIDADE, 1991

CONCELLOS	SECTOR PRIMARIO	SECTOR INDUSTRIA	SUBSECTOR CONSTRUCCIÓN	SECTOR SERVICIOS	SECTOR TOTALES
BEARIZ	450	8	67	130	588
BOBORÁS	897	71	193	207	1.368
CARBALLIÑO (O)	933	495	631	1.792	3.851
IRIXO (O)	1.839	51	50	114	2.054
MASIDE	333	156	207	361	1.057
PIÑOR	293	101	100	122	616
PUNXÍN	163	101	28	87	379
SAN AMARO	238	58	89	111	496
SAN CRISTOVO DE CEA	564	158	237	306	1.265
TOTAL	5.710	1.199	1.535	3.230	11.674
MEDIA COMARCAL	5.710	1.199	1.535	3.230	11.674
MEDIA PROVINCIAL	25.854	17.248	16.567	47.489	117.158
MEDIA AUTONÓMICA	212.366	163.715	116.542	403.123	895.746

DATOS RELATIVOS A SUBSECTORES DE ACTIVIDADE EN 1991

CONCELLOS	% PRIMARIO	% INDUSTRIA	% CONSTRUCCIÓN	% SERVICIOS
BEARIZ	68,70	1,22	10,23	19,85
BOBORÁS	65,57	5,19	14,11	15,13
CARBALLIÑO (O)	24,23	12,85	16,39	46,53
IRIXO (O)	89,53	2,48	2,43	5,55
MASIDE	31,50	14,76	19,58	34,15
PIÑOR	47,56	16,40	16,23	19,81
PUNXÍN	43,01	26,65	7,39	22,96
SAN AMARO	47,98	11,69	17,94	22,38
SAN CRISTOVO DE CEA	44,58	12,49	18,74	24,19
TOTAL	48,63	10,21	13,64	27,51
MEDIA COMARCAL	48,63	10,21	13,64	27,51
MEDIA PROVINCIAL	30,60	14,72	14,14	40,53
MEDIA AUTONÓMICA	23,71	18,28	13,01	45,00

SECTORES DE ACTIVIDADE DOS CONCELLOS



4.2.1. SECTOR PRIMARIO

A agricultura ten cada vez menos peso na economía desta Comarca. A continua e progresiva redución de explotacións agrícolas desde o censo de 1962 ata 1989 é unha constante. Durante este período desapareceron ou abandonáronse 1.619 explotacións, a maioría durante o decenio 1962-1972, coincidindo cun período de intensa emigración, con porcentaxes negativos moi superiores ós rexistrados no resto de Galicia. Sen embargo, entre 1982 e 1989 detéctase unha tímida recuperación en case tódolos concellos. Isto débese ó xa mencionado retorno de emigrantes, que nalgúns casos deciden explotar algunhas leiras, aínda que sen unha finalidade claramente comercial.

A saída durante os últimos vinte anos das persoas novas e máis capaces implicou un alto envellecemento da poboación que quedou traballando no agro e que, en xeral, é pouco propicia a admitir innovacións nos sistemas de explotación. Por outra banda, a realidade vén demostrando que o que emigrou non se desprende das súas propiedades, senón que o seu patrimonio familiar, ou ben quedou abandonado, ou, pola contra, quedou baixo o coidado doutros parentes de idade avanzada, polo que é difícil conseguir explotacións de maior superficie agrícola para aqueles agricultores con iniciativas que teñan posibilidades para iso.

A descapitalización das explotacións é outro dos factores que incidiu directamente na

DATOS RELATIVOS ÓS USOS DO SOLO EN 1990

CONCELLOS	% TERRAS DE CULTIVO	% PRADOS E PASTEIROS	% TERREO FORESTAL	% OUTRAS SUPERFICIES
BEARIZ	10,14	3,73	84,46	1,67
BOBORÁS	15,19	3,45	80,31	1,06
CARBALLIÑO, O	15,72	6,57	68,96	8,76
IRIXO, O	7,96	24,01	62,10	5,92
MASIDE	15,03	10,51	67,84	6,61
PIÑOR DE CEA	18,50	15,70	63,35	2,45
PUNXÍN	35,29	14,19	41,15	9,38
SAN AMARO	16,35	16,87	61,81	4,97
SAN CRISTOVO DE CEA	17,06	11,05	68,72	3,17
TOTAL	14,45	12,34	68,91	4,30
TOTAL COMARCAL	14,45	12,34	68,91	4,30
TOTAL PROVINCIAL	16,90	11,55	65,33	6,22
TOTAL AUTONÓMICO	19,49	12,11	61,34	7,07

APROVEITAMENTO DAS TERRAS LABRADAS (en Ha)

CONCELLOS	SUPERFICIE LABRADA	SUPERFICIE HERBÁCEOS	SUPERFICIE FROITEIRAS	SUPERFICIE OLIVEIRAS	SUPERFICIE VIÑEDO	OTRAS SUPERFICIES
BEARIZ	58	47	11	-	-	-
BOBORÁS	283	184	17	-	82	-
CARBALLIÑO (O)	201	154	18	-	29	-
IRIXO (O)	343	339	4	-	-	-
MASIDE	223	181	3	-	39	-
PIÑOR	335	329	6	-	-	-
PUNXÍN	218	111	7	-	100	-
SAN AMARO	445	312	5	-	128	-
SAN CRISTOVO DE CEA	488	470	1	-	17	-
TOTAL	2.594	2.127	72	0	395	0
TOTAL COMARCAL	2.594	2.127	72	0	395	0
TOTAL PROVINCIAL	60.897	48.713	3.880	3	8.284	17
TOTAL AUTONÓMICO	245.952	220.848	7.746	11	17.283	64

desaparición das mesmas. Esta situación débese, en primeiro lugar, ó baixo nivel de renda existente nos concellos máis agrícolas e, en segundo lugar, ó feito de que os cuantiosos aforros existentes na Comarca, xerados polas remesas dos emigrantes, non se vehicularon para mellorar este sector productivo nin para robustece-las explotacións existentes, precisamente porque a súa rendibilidade é practicamente nula e non senten atracción por acometer investimentos ante un futuro incerto.

Polo tanto, o minifundismo agrario propio de toda Galicia, adquire aquí tamén cotas sobresalientes, onde se constata a existencia dun alto número de parcelas por explotación (21,92), con niveis aínda superiores á media provincial (18,93) e rexional (14,68). Esta excesiva parcelación das explotacións, con su-

perficie de parcela moi reducida e antieconómica (o 97% das parcelas teñen menos de 0,5 Ha.), e a reducida dimensión das propias explotacións (83% teñen unha superficie total inferior ás 5 Ha.), dificulta a posta en marcha de auténticas explotacións agrarias. Desta maneira a actividade agrícola queda relegada case exclusivamente a unha actividade marxinal e de mero autoconsumo que proporciona ingresos moi baixos. Neste feito atopamos un dos tradicionais factores determinantes do intenso éxodo rural que afectou a toda a Comarca.

A pesar da necesidade que existe de reducir considerablemente o número de parcelas de cada explotación, a concentración parcelaria realizada ata o momento foi meramente testemuñal, levándose a cabo unicamente en Boborás (110 Ha), As Eiras e Cristimil (San

EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE EXPLOTACIÓNS

	Explotacións Agrícolas 62	Explotacións Agrícolas 72	Explotacións Agrícolas 82	Explotacións Agrícolas 89	% Evolución 62-72 Explotacións	% Evolución 72-82 Explotacións	% Evolución 82-89 Explotacións
BEARIZ	567	531	451	434	-6,35	-15,07	-3,77
BOBORÁS	1.707	1.473	767	942	-13,71	-47,93	22,82
CARBALLIÑO (O)	1.929	1.237	1.298	1.188	-35,87	4,93	-8,47
IRIXO (O)	1.349	1.237	1.363	1.513	-8,30	10,19	11,01
MASIDE	1.238	1.387	1.638	1.532	12,04	18,10	-6,47
PIÑOR	712	647	616	635	-9,13	-4,79	3,08
PUNXÍN	504	521	563	610	3,37	8,06	8,35
SAN AMARO	927	635	747	826	-31,50	17,64	10,58
SAN CRISTOVO DE CEA	1.316	1.116	946	950	-15,20	-15,23	0,42
TOTAL	10.249	8.784	8.389	8.630	-14,29	-4,50	2,87
TOTAL COMARCAL	10.249	8.784	8.389	8.630	-14,29	-4,50	2,87
TOTAL PROVINCIAL	95.786	83.331	81.894	86.147	-13,00	-1,72	5,19
TOTAL AUTONÓMICO	431.686	385.446	361.735	359.157	-10,71	-6,15	-0,71

EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE PARCELAS

	Parcelas Agrícolas 62	Parcelas Agrícolas 72	Parcelas Agrícolas 82	Parcelas Agrícolas 89	% Evolución Parcelas 62-72	% Evolución Parcelas 72-82	% Evolución Parcelas 82-89
BEARIZ	27.798	24.899	7.161	9.731	-10,43	-71,24	35,89
BOBORÁS	59.019	29.982	16.761	31.133	-49,20	-44,10	85,75
CARBALLIÑO (O)	32.932	31.236	21.687	17.596	-5,15	-30,57	-18,86
IRIXO (O)	52.852	52.747	34.354	39.744	-0,20	-34,87	15,69
MASIDE	28.504	34.734	21.234	22.531	21,86	-38,87	6,11
PIÑOR	37.006	31.598	25.820	27.616	-14,61	-18,29	6,96
PUNXÍN	20.802	15.478	13.797	14.637	-25,59	-10,86	6,09
SAN AMARO	25.751	5.353	14.808	15.069	-79,21	176,63	1,76
SAN CRISTOVO DE CEA	50.618	37.173	28.289	25.468	-26,56	-23,90	-9,97
TOTAL	335.282	263.200	183.911	203.525	-21,50	-30,13	10,66
TOTAL COMARCAL	335.282	263.200	183.911	203.525	-21,50	-30,13	10,66
TOTAL PROVINCIAL	2.864.341	2.175.169	1.563.574	1.759.503	-24,06	-28,12	12,53
TOTAL AUTONÓMICO	9.451.817	7.288.231	5.454.555	5.445.081	-22,89	-25,16	-0,17

EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE PARCELAS POR EXPLOTACIÓN

CONCELLOS	PARCELAS/62 EXPLOTACIÓN/62	PARCELAS/72 EXPLOTACIÓN/72	PARCELAS/82 EXPLOTACIÓN/82	PARCELAS/89 EXPLOTACIÓN/89
BEARIZ	49,03	46,89	15,88	22,42
BOBORÁS	34,57	20,35	21,85	33,05
CARBALLIÑO (O)	17,07	25,25	16,71	14,81
IRIXO (O)	39,18	42,64	25,20	26,27
MASIDE	23,02	25,04	12,96	14,71
PIÑOR	51,97	48,84	41,92	43,49
PUNXÍN	41,27	29,71	24,51	24,00
SAN AMARO	27,78	8,43	19,82	18,24
SAN CRISTOVO DE CEA	38,46	33,31	29,90	26,81
TOTAL	32,71	29,96	21,92	23,58
TOTAL COMARCAL	32,71	29,96	21,92	23,58
TOTAL PROVINCIAL	29,69	25,86	19,11	20,30
TOTAL AUTONÓMICO	21,90	18,91	15,08	15,16

Amaro), onde se concentraron 196 Ha. As concentracións realizadas afectaron en total a 8.109 parcelas que quedaron reducidas ó finaliza-los traballos de concentración a 2.042, cubrindo unha superficie global de 306 Ha.

En xuño de 1962 iniciáronse os traballos para concentrar outras 689 Ha. no concello do Irixo, distribuídas en 8.248 parcelas de 963 propietarios. A pesar de que o proxecto desta zona estaba totalmente redactado, por unha serie de visicitudes xurridas e a falta de aceptación popular, a concentración nunca se levou a cabo.

Desde o punto de vista xurídico, e xa entrando nos réximes de pertenza da terra, o sistema de maior predominio é o da plena propiedade, mentres que os réximes de arrendamento e parcería están en plena regresión e só teñen significación na Comarca.

En canto ós usos do solo, convén sinalar a alta porcentaxe de terreo forestal, que supón practicamente o 69% da superficie censada. A abundancia de montes repoboados con piñeiros constitúe un importante recurso endógeno co que conta a Comarca, e que posibilita a existencia de serradoiros e dalgúns importantes empresas sobranceiras, dedicadas á transformación da madeira, ubicadas no polígono industrial do Carballiño. Esta Comarca destaca polo feito de ser nela onde se producen as trozas de piñeiro de mellor cualidade da provincia. Este factor é fundamental pola incidencia que ten na industria da serra, aqueixada noutras partes dunha preocupante escaseza de materia prima de cualidade.

A comezos de século os montes da Comarca presentaban unha nudez total, estando dedicados case exclusivamente á roza e ó pastoreo. Foi a partir desta situación, coincidindo coa alza dos prezos da madeira, cando

comezou a repoboación intensiva dos montes, ata alcanza-la situación na que se encontran na actualidade. A campaña de repoboación levouse a cabo por iniciativa do daquela Patrimonio Forestal do Estado, e en posterior combinación coa iniciativa privada.

Na actualidade a superficie forestal da Comarca ascende, segundo datos do catastro, a 25.675 Has., divididas en 7.780 de piñeiro e 17.895 de monte baixo e alto. As repoboacións realizadas nos nove concellos alcanzou as 8.200 Has. Sen embargo, nos últimos cinco anos, segundo estimacións realizadas pola Consellería de Agricultura, máis do 24% da superficie forestal da Comarca foi arrasada polos incendios só recentemente eliminados.


A ampliación da superficie forestal pasa necesariamente pola aceleración dos procesos de clasificación e ordenación dos montes veciñais en Man Común. Esta tarefa constitúe o paso previo necesario para poñer en marcha un plano integral de repoboación forestal que debería aplicarse preferentemente ós montes de Beariz, O Irixo, Piñor e San Cristovo de Cea, concellos nos que existe unha maior superficie susceptible de repoboación a base de distintas especies forestais.

Nos últimos anos a multinacional sueca "Stora Kopparbergs", a través da súa filial portuguesa "Celulose da Beira Industrial" (CELBI) está levando a cabo un ambicioso proxecto de plantación de eucaliptos en distintos puntos de Galicia, incluíndo algúns montes da Comarca do Carballiño. A través de CELBI, a multinacional sueca ten previsto investir entre 1990 e 1995 un total de 2.500 millóns de pesetas na nosa Comunidade Autónoma. Para iso estableceu xa varios contratos de arrendamento con propietarios de montes comunais situados no Irixo, Avión, Forcarei e Cerdedo. Isto permítelle explotar

CENSO XERAL GANDEIRO, 1990

	N.º de reses de Bovino	Intensidade Gando Bovino	N.º de reses Ovino-Caprino	Intensidade Gan. Ovino-Capr.	Número de Porcos	Intensidade Gandeira Porcino
BEARIZ	180	3,20	291	5,17	0	0,00
BOBORÁS	593	6,81	556	6,39	3.278	37,66
CARBALLIÑO, O	687	12,72	189	3,50	5.257	97,32
IRIXO, O	1.445	11,90	293	2,41	1.353	11,14
MASIDE	765	19,01	163	4,05	7.464	185,49
PIÑOR DE CEA	1.306	24,06	491	9,05	7.433	136,96
PUNXÍN	154	9,03	137	8,03	0	0,00
SAN AMARO	695	23,97	123	4,24	0	0,00
SAN CRISTOVO DE CEA	1.994	21,22	339	3,61	1.900	20,21
TOTAL	7.819	14,13	2.582	4,67	26.685	48,23
TOTAL COMARCAL	7.819	14,13	2.582	4,67	26.685	48,23
TOTAL PROVINCIAL	66.499	9,14	114.173	15,69	264.066	36,28
TOTAL AUTONÓMICO	841.407	28,54	251.615	8,54	1.148.446	38,96

COMPOSICIÓN DA CABANA GANDEIRA



durante 30 anos unhas 700 Has. de terra, das que 400 están sendo dedicadas á plantación de eucaliptos, e o resto a outras especies. Entre as fórmulas contractuais establecidas para a utilización dos montes predominan aquelas nas que o pagamento do arrendamento deses montes se vai efectuar co que se obteña pola venda dunha parte dos eucaliptos. Este sistema asegura unha maior prevención dos incendios e unha maior facilidade para apagalos no caso de que se produzan, ó implica-los propios veciños no coidado dos montes repoboados.

Mentres tanto, as terras de labor, que supoñen só o 14,45% da superficie explotada, dedícanse a millo, patacas, centeo e vide, fundamentalmente. Nos concellos de Boborrás (Pazos e Albarellos), O Carballiño e Punxín (terras baixas do val do Miño e do Barbantiño) a actividade vitivinícola adquire especial importancia polo feito de estaren incluídos na demarcación de orixe do Ribeiro. Tamén a parte máis meridional do concellos de San Amaro, lindando co concello de Leiro e Punxín, presenta unha especialización claramente vitivinícola, polo que resulta acertado considera-la integración destas terras na zona de Denominación de Orixe do viño do Ribeiro.

De tódolos xeitos, os cultivos que se dan nesta Comarca non teñen unha finalidade comercial, pois utilízanse basicamente para alimentar animais domésticos e para consumo interno. Só a produción vitivinícola ten, en moi poucos casos, certa finalidade comercial, especialmente en Punxín, mentres que no resto dos concellos a totalidade da colleita destinase ó autoconsumo.

Fronte a este panorama tradicional da actividade agrícola detéctase a introducción de novos cultivos na estrutura productiva da Comarca. Así, recentemente púxose en mar-

cha unha explotación de kiwi en Beariz. Do mesmo xeito, no concello de Maside estanse desenvolvendo con éxito os invernadoiros dedicados á horticultura e floricultura, onde a superficie dedicada a tal efecto encádrase no intervalo 0,5 e 1 Ha. Os concellos do Irixo, O Carballiño e Cea tamén participan desta actividade, aínda que as superficies dedicadas a tal fin son inferiores a 0,5 Ha.

De todo o anteriormente exposto dedúcese facilmente que a Comarca do Carballiño, do mesmo xeito cá maior parte da provincia, carece practicamente de auténticas explotacións agrarias, agás contados casos, que poderían constituí-la base para un enfoque e planificación empresarial da actividade agrícola, senón todo o contrario. O predominio de minúsculas explotacións só permite obter uns ingresos a nivel de subsistencia para os seus propietarios, que carecen de auténtica mentalidade empresarial, o que necesariamente determinou a emigración e o éxodo rural que durante anos lles afectou a tódolos concellos da Comarca.

- A gandería

A gandería desempeñou tradicionalmente un papel moi importante dentro do conxunto das actividades agrarias comarcais. Ata hai pouco constituía unha das principais fontes de riqueza coas que contaba a zona.

Na actualidade a situación é ben diferente, constatándose un descenso xeneralizado desta actividade e, o que é máis importante, unha voluminosa redución do número de reses. Así, en 1974, sumando o conxunto das distintas especies existentes (vacún, porcino, lanar, cabrún, cabalar e mular), a Comarca do Carballiño contaba cun total de 49.411 cabezas, mentres que en 1990, segundo o censo xeral gandeiro, o número de reses nas súas distintas especies ascendía a 37.086. A redución do número de cabezas

afectoulle fundamentalmente ó vacún. Concretamente, no censo de 1974 existían 20.242 reses de bovino, fronte ás só 7.819 no ano 1990. As outras especies, coa excepción do gando porcino, están tamén en continua regresión.

Actualmente, segundo o censo gandeiro de 1990, predominan na Comarca as cabezas de porcino, que representan o 72% do total da cabana gandeira da Comarca. Ademais da existencia de granxas especializadas ubicadas fundamentalmente nos concellos de Maside, Piñor, San Cristovo de Cea e O Carballiño, que contan cunha alta intensidade gandeira desa especie, o gando porcino tamén está presente nas explotacións familiares tradicionais dunha a tres cabezas, que son sacrificadas coincidindo co período de matanza para consumo familiar. As razas que se utilizan nas granxas especializadas son puras: york, landrace e diversos cruces con grupos étnicos americanos.

En canto ó que se refire ó gando bovino, como tivemos ocasión de comprobar, o número de reses diminuíu notablemente. O progresivo abandono das pequenas explotacións familiares (dunha, dúas ou tres vacas) viuse favorecido pola xeneralización das pensións de xubilación da Seguridade Social, que aseguran a subsistencia da poboación que habita o medio rural. A pesar disto, a cabana bovina mantén aínda certa importancia, sobre todo en San Cristovo de Cea, O Irixo e, en menor medida, en Piñor.

Na Comarca predomina a raza rubia galega e obsérvase unha tendencia á diminución do censo desta raza autóctona a favor da frisóna, que conta con aptitudes máis definidas para a produción láctea. O número de animais que predomina por corte ou unidade productiva é de 3 a 4 vacas, a excepción das cooperativas autónomas existentes (Coop. Sta. Mariña de Loureiro no Irixo, que data de 1970 e agrupa a 40 produtores, e a Coop.

CAMPAÑA DE SANEAMENTO BOVINO, 1990

CONCELLOS	NÚMERO RESES	NÚMERO EXPLORACIÓNS	NÚMERO DE RESES EN EXPLORACIÓN				
			1 - 2	3 - 4	5 - 9	10 - 19	>20
BEARIZ	186	69	38	27	3	1	-
BOBORÁS	565	237	174	57	3	1	2
CARBALLIÑO (O)	417	207	165	33	8	1	-
IRIXO (O)	1.246	378	162	142	69	5	-
MASIDE	310	137	96	35	5	1	-
PIÑOR	825	165	40	56	50	17	2
PUNXÍN	143	61	39	17	5	-	-
SAN AMARO	596	106	106	34	7	3	2
SAN CRISTOVO DE CEA	1.021	67	67	70	58	21	1
TOTAL	5.309	1.427	887	471	208	50	7
MEDIA COMARCAL	5.309	1.427	887	471	208	50	7
MEDIA PROVINCIAL	47.091	11.731	5.509	3.470	2.036	563	153
MEDIA AUTONÓMICA	647.049	92.210	42.583	65.888	158.158	208.140	172.942

gandeira de San Amaro, creada en 1978), nas que os rendementos e a intensidade de cabezas por explotación son naturalmente moito máis altos. En consecuencia, escasean as explotacións rendibles con máis de 10 cabezas. As máis significativas, ademais das cooperativas xa citadas, encóntranse na parroquia de San Cibrán de Lás (San Amaro), na que se localiza unha importante explotación gandeira con máis de 200 reses. Tamén existen explotacións leiteiras de certa envergadura (de 15 a 20 cabezas) nas parroquias de Oseira e Vales (Cea). No resto da Comarca predominan as explotacións minifundistas de escasa rendibilidade económica.

De considerable importancia é o grao de saneamento que presentan as explotacións e as reses de bovino existentes na Comarca, pero aínda deficiente. Segundo os últimos datos dispoñibles, a cabana bovina da Comarca está saneada nun 67,89%, porcentaxe inferior á provincial (69,7%) e á autonómica (76,9%). Entre os concellos que teñen a maior porcentaxe de gando saneado cabe mencionalo do Irixo (86,2%) e Boborás (95,2%). Non obstante, e a pesar do esforzo realizado nos últimos anos, existe aínda un importante número de reses sen sanear, sobre todo no concello de San Cristovo de Cea, polo que convén acelerar a campaña de saneamento para adaptarse á normativa comunitaria.

De menor importancia é a cabana de equinos, cun volume que, segundo o censo de 1989, ascendía en toda a Comarca a 349 cabezas, correspondéndolle o 72,2% das mesmas ó concello do Irixo, que conta cunha cooperativa de cabalos (Parada de Labiote). Esta cooperativa autónoma, creada no ano 1985, conta con 38 socios, que se dedican á cría extensiva de cabalos nos montes veciñais de man común. Actualmente é a princi-

pal explotación equina que existe en toda a Comarca. Cara ó futuro inmediato sería conveniente estudar a viabilidade de potenciar a gandería extensiva de cabalos e vacas no "Monte dos Foxos" mediante a implantación dunha área piloto de explotación de gandería extensiva para a produción de carne equina e vacuna. A comercialización da mesma posibilitaría a obtención de importantes ingresos que lles permitirían vivir dignamente a varias familias.

Por último, quedanos por facer referencia á avicultura, que adquiriu nos últimos anos un fortísimo crecemento en toda a Comarca, gracias ó sistema cooperativista implantado pola empresa ourensá COREN, que dispoñía xa en 1976 dun total de 39 granxas, ubicadas maioritariamente no Carballiño (10), San Amaro (9) e Piñor (7). En 1989 o censo gandeiro recollía un total de 2.208 aves, das cales o 79,5% corresponden a explotacións situadas en Maside, San Amaro e Piñor. Neste último contabilizáronse actualmente 15 granxas de gando porcino e 4 de coellos.

En resumo, a redución e considerable perda de peso das explotacións gandeiras bovinas estase compensando na Comarca coa expansión de granxas porcinas e avícolas estratexicamente agrupadas en sistemas cooperativistas, moi dinámicas e efectivas, cuns rendementos productivos que son moito máis elevados e unhas canles de comercialización mellor organizadas. A necesidade de acometer unha campaña de saneamento integral das instalacións gandeiras (bovino, porcino e avícola) resulta imprescindible para evitar a propagación de enfermidades diversas que lles afectan aínda a algunhas reses da Comarca. En todo caso, a rendibilización económica desta actividade pasa necesariamente, coma en toda a provincia, por fomentar o cooperativismo gandeiro e

a creación de explotacións de maior dimensión, sempre que as disponibilidades financeiras o permitan.

- A mecanización agraria

Se ben é certo que nos dez últimos anos aumentou fortemente o grao de mecanización da agricultura e a gandería, a tecnificación da actividade agraria aínda non alcanzou nesta Comarca un nivel aceptable e satisfactorio. O número de tractores e motocultores existentes no conxunto comarcal cifrase en 1.202, o que supón un 9,4% do total provincial.

Agás nas granxas avícolas e porcinas de elevada tecnificación, moi estendidas pola Comarca, o traballo manual mantense aínda na maioría das explotacións minifundistas, especialmente no que se refire á muxidura, á recolla e á semente de forrage.

4.2.2. SECTOR SECUNDARIO

A pesar de que esta Comarca presenta aínda unha alta porcentaxe de poboación activa ocupada no sector primario (48,63%), o sector industrial ten cada vez maior relevancia económica, gracias á instalación de novas e competitivas empresas, de considerable importancia e relacionadas, sobre todo, coa transformación da madeira.

O sector secundario proporcionalle emprego ó 24% da poboación activa asalariada, porcentaxe practicamente igual á que se rexistra a nivel provincial, onde a poboación ocupada na industria e a construción se sitúa en torno ó 24,6%. Isto quere dicir que a Comarca do Carballiño conta cun sector secundario un tanto evolucionado, que presenta uns niveis de desenvolvemento e organización empresarial que se aproximan á media galega.

MAQUINARIA AGRÍCOLA en nº de máquinas (Propiedade exclusiva da explotación)

CONCELLOS	TRACTORES	NÚMERO DE MOTOCULTORES	NÚMERO DE COLLEITADORAS	NÚMERO DE OUTRAS MÁQUINAS	MÁQUINAS TOTAIS
BEARIZ	21	13	0	3	37
BOBORÁS	120	106	0	162	388
CARBALLIÑO (O)	157	33	0	0	190
IRIXO (O)	290	177	0	231	698
MASIDE	111	25	0	0	136
PIÑOR	200	107	7	131	445
PUNXÍN	54	29	0	0	83
SAN AMARO	120	27	2	8	157
SAN CRISTOVO DE CEA	300	108	2	16	426
TOTAL	1.373	625	11	551	2.560
TOTAL COMARCAL	1.373	625	11	551	2.560
TOTAL PROVINCIAL	11.382	7.956	793	7.648	27.779
TOTAL AUTONÓMICO	83.544	68.560	6.264	87.611	245.979

**EMPRESAS E EMPREGO:
DISTRIBUCION SECTORIAL**

	Empresas(%)	Emprego(%)	Empr/ Emprego
Industria	142 (26,20)	721 (34,14)	5,07
Construcción	115 (21,22)	737 (34,89)	6,40
Comercio	113 (20,85)	273 (12,93)	2,41
Servicios	172 (31,73)	381 (18,04)	2,16
TOTAL	542 (100,00)	2.112 (100,00)	3,88

Como trazos xerais da Comarca, en canto á súa situación industrial actual, cabe destacar os seguintes aspectos:

1) Existencia dun elevado minifundismo empresarial, con claro predominio de pequenas empresas que, na maioría dos casos, non superan os 5,7 traballadores. Dun total de 257 sociedades relacionadas co sector secundario, 29 contan con máis de 10 empregados e só 13 con máis de 24 operarios. Como se pode deducir disto, a dimensión media das empresas do sector secundario existentes na Comarca é moi reducida, e practicamente o 50% das actividades industriais son de carácter familiar, cun baixo índice de emprego por empresa, tal como se pode ver no cadro.

2) A diversificación industrial aínda é escasa. Preto do 70% das empresas industriais existentes están especializadas na construción e transformación da madeira. Concretamente, o 45,2% das empresas dedicase á construción de edificios e obras públicas, que coas súas 115 empresas constitúe a actividade que proporciona máis emprego (un 51% do total xerado polas empresas do sector secundario), mentres que as ligadas á transformación e tratamento da madeira representan o 21,4% do total. Esta concentración sectorial das empresas industriais deri-

vase dos recursos e potencialidades económicas existentes, tales coma a abundancia de capitais externos procedentes da emigración, o cal financia a construción de edificios e vivendas, e a existencia de recursos forestais, que dá pé para a creación de empresas da madeira.

3) A industria está case exclusivamente polarizada no concello do Carballiño. A maioría das novas empresas, creadas durante os últimos vinte anos, ubicáronse sobre todo alí e algunhas en Maside. Isto explica que o núcleo do Carballiño sexa o que posúa o tipo de industria máis avanzada desta Comarca, ó contar coa maioría das empresas dedicadas á construción, á transformación e tratamento da madeira, do metal e das pedras ornamentais.



O polígono industrial de Uceira, propiedade do concello do Carballiño, constitúe o principal foco de concentración e localización empresarial existente na Comarca. Nel localízase a maioría das empresas industriais existentes. Conta cunha extensión de 325.000 m², distribuídos en leiras de 2.500 e 8.000 m² que están sendo ocupadas a bo ritmo, gracias á vantaxosa localización xeográfica e á inclusión do concello do Carballiño nas Zonas de Promoción Económica de Galicia. Isto permítelles ás empresas que se instalen neste polígono conseguir directamente da Administración Autonómica unha subvención do 30% do investimento.

Sen embargo, é especialmente importante a situación de abandono e descoido na que se atopa este polígono. Nas visitas técnicas realizadas detectáronse numerosas carencias relativas á ausencia de bocas de rego para apagar incendios, falta de beirarrúas e de tapas nos sumidoiros, inexistencia de cabinas telefónicas e dunha sinalización axeitada que indique desde as principais estradas a ubica-


POBOACIÓN NON AGRARIA 1991

CONCELLOS	POBOACIÓN FEITO 91	% OCUPADOS NON AGRARIOS
BEARIZ	1.839	31,30
BOBORÁS	3.825	34,43
CARBALLIÑO (O)	11.017	76,03
IRIXO (O)	2.534	10,56
MASIDE	3.577	68,59
PIÑOR	1.808	52,44
PUNXÍN	1.048	56,99
SAN AMARO	1.640	52,22
SAN CRISTOVO DE CEA	3.781	55,49
TOTAL	31.069	51,49
TOTAL COMARCAL	31.069	51,49
TOTAL PROVINCIAL	354.474	68,76
TOTAL AUTONÓMICO	2.720.445	79,69

ESTRUCTURA POR SECTORES DE ACTIVIDADE



O EMPREGO NO SECTOR SECUNDARIO



O EMPREGO NO SECTOR TERCIARIO

ción exacta do citado polígono industrial. Ademais, púidose comproba-la propagación do mato que invade as beirarrúas e boa parte dos accesos ás leiras. Todo este conxunto de carencias non fai máis que acentua-la crispación dos empresarios da Comarca. En consecuencia, mellora-la infraestrutura interna do polígono é vital para garanti-la rendibilidade do mesmo e para favorece-la instalación de novas empresas.

Por outra banda, coa finalidade de amplia-la área industrial do Carballiño estanse iniciando os traballos previos para construír un parque empresarial en Seoane, onde se van habilitar en principio quince hectáreas. Os terreos foron adquiridos maioritariamente polo Instituto da Vivenda e do Solo.

A rede de parques empresariais da Comarca complétase con outro máis, previsto en Beariz. Con este, dotado dunha superficie de 60.000 m², preténdese potencia-lo sector dos servizos e poñer á disposición das empresas de distribución comercial solo empresarial para instalar novas naves e almacéns. Este proxecto vai acompañado dun plano para a construción de vivendas sociais destinadas para aqueles emigrantes retornados que precisan unha nova residencia.

4) A construción, tal como se pode ver no cadro anexo, aglutina un importante número de empresas (115), que xurdiron ó amparo do mercado xerado polo retorno de emigrantes e pola necesidade de investir na construción de novas vivendas. Este fenómeno é fácil de comprender se se ten en conta que é o sector no que adoitan realiza-los seus investimentos os emigrantes que retornan, ou os familiares ós que lles envían os aforros, co obxecto de construíren un pequeno edificio, taller ou comercio. Deste xeito, o subsector da construción emprega, segundo os nosos datos, practicamente ó 35% dos activos non

agrarios da Comarca e ó 51% do total ocupado no secundario.

O concello do Carballiño, con 66 empresas rexistradas, é o que conta cun sector da construción máis desenvolvido e evolucionado. Desde os anos setenta, as sociedades relacionadas coas edificacións de obras públicas e edificacións adquiriron unha considerable importancia, converténdose na actualidade na principal fonte de xeración de emprego de todo o concello. De feito, as empresas da construción existentes proporcionanlle emprego ó 32,40% dos activos non agrarios existentes no concello.

Pero na actualidade a construción, que tradicionalmente foi o gran motor da economía comarcal, entrou nun dos seus peores momentos. Isto é debido, en gran parte, ó descenso da emigración que, co fluxo de diñeiro, mantiña moitas empresas.

5) A abundancia de recursos forestais existentes nesta Comarca favoreceu a instalación de importantes empresas dedicadas ó tratamento da madeira. Isto permitiu, sen dúbida, a formación dun tecido empresarial realmente especializado concentrado na vila do Carballiño. Exemplo significativo foi o de "Tanosa", agora pechada, que no seu momento chegou a proporcionar emprego a numerosos traballadores. Actualmente debemos de menciona-la recente creación de dúas importantes empresas: "Lamcol Ourense" e "Ormasa". A primeira trátase dunha empresa participada pola multinacional belga "Sub Charpenter Lamcol". A súa actividade concéntrase na fabricación de modernas estruturas de madeira laminada colada, utilizando como materia básica, no seu proceso productivo, todo tipo de madeira resinosa (pino vermello, abeto, pino pinaster etc...). A segunda, promovida por empresarios ourensáns coa colaboración de SODIGA, foi inagu-

rada a finais do ano 1992, proporcionando emprego directo a 20 persoas. A factoría componse de un aserradoiro con tecnoloxía punta que transformará anualmente 80.000 m³ de madeira de pino en rolo, o que permite alcanzar unha produción de 40.000 m³ anuais. Isto supón produci-lo 3% da madeira serrada de Galicia.

A existencia de recursos forestais, posibilitou tamén o desenvolvemento dunha importante actividade empresarial especializada na construción de ataúdes, centrada no concello de Piñor. Neste núcleo funcionan actualmente 10 talleres de produción, o que o converte, xunto con Rivadavia, nun dos principais centros productivos de cadaleitos existentes na provincia de Ourense. Sen embargo, a crecente expansión desta actividade en Piñor vese limitada pola escaseza de solo onde instala-los talleres de produción.

6) A industria da panadería está adquirindo considerable importancia, especialmente no concello de Cea. Aquí están funcionando actualmente 27 fornos dedicados á elaboración de pan artesanal. Para a rendibilización desta actividade productiva, principal fonte de ingresos de boa parte das familias deste concello, é preciso potencia-la comercialización do produto mediante a constitución dunha pequena cooperativa. Esta medida axudaría a minimizar considerablemente os custos de produción e a crear unha serie de servizos e infraestruturas comúns que beneficiaría a tódolos asociados. Indubidablemente, a proliferación de fornos de coza, tremendamente dispersos -o que incrementa os custos de produción-, fai pensar na necesidade de construír un parque artesanal no que se instalarían as empresas de panadería e futuras cooperativas interesadas na produción de "pan de Cea". A creación de solo pode contribuir decisivamente á expansión das empresas dedicadas á elaboración de

pan e, consecuentemente, á dinamización económica do concello.

7) Na Comarca adquiriron certa importancia os talleres de confección de prendas de vestir. Estes proliferan cada vez máis no concello do Carballiño, desenvolvendo a súa actividade pola tendas locais e para os deseñadores de prestixio naturais de Ourense (Adolfo Domínguez e Roberto Verino, entre outros). Nesta liña enmárcase unha interesante cooperativa textil, na que traballan 12 persoas, situada no concello do Irixo. A actividade productiva desta cooperativa tende a medrar a medida que o volume de pedimentos aumenta, pero as traballadoras da mesma lamentan a falta de apoio económico para aprenderen novas técnicas de fabricación. En consecuencia, con vistas a fomentar e a anima-la creación deste tipo de cooperativas no medio rural convén potencia-la formación profesional dos seus traballadores mediante o impartimento de cursos de formación ocupacional, financiados pola Consellería de Familia. Desta maneira posibilitaríase a formación e actualización profesional dos traballadores e incrementaríase este tipo de cooperativas de traballo, ideais para amortecer-lo paro existente nesta Comarca.

Para finalizar, convén facer referencia ás potencialidades mineiras. A Comarca conta cunha variada gamma de minerais (estaño, wolfram, tántalo, niobio, grafito, arsenopiritas, andalucita e titanio) escasamente explotados. A falta dunha investigación seria e precisa, de carácter oficial ou privada, é a causa principal que explica o abandono destes importantes xacementos. Son precisos estudos rigorosos que poñan de manifesto as posibilidades reais dos criadeiros existentes e que sirvan para aconsella-la forma idónea de extracción. Ata o momento levouse a cabo a explotación dalgúns xacementos no Irixo (estaño), Maside, Piñor e Beariz, onde

existe un filón estañífero de considerable importancia que se estende polos termos municipais de Avión, Boborás e o Irixe, montes do Suido e Testeiro. A súa explotación podería ser un soporte para desenvolver novas iniciativas empresariais.

As prospeccións e estudos de recoñecemento que levou a cabo parcialmente a empresa ADARO, filial do INI, permitiron a detección de terreos con abundancia de mineralizacións arsénicas. Estas abundan nas zonas de Brués e Xurenzás, no concello de Boborás. Aquí existe unha mina de ouro, hoxe abandonada, que foi explotada pola compañía "Carballino Gold And Arsenic Mines Company Limited". Segundo as informacións das que dispoñemos, ata 1916 foron tratadas aproximadamente 15.000 Tm. Posteriormente, en 1940 reanudáronse os traballos na citada explotación mineira, pero obtivéronse escasos resultados económicos, o que forzou o seu peche definitivo.

Ademais das potencialidades auríferas, na Comarca abundan as pegmatitas. Son moi abundantes nas localidades de Mouriz, Granxa, Lamas, Longos, Cazarrancas e San Facundo. Conteñen minerais non metálicos de gran utilidade na industria (feldespato, caolín, mica e cuarzo). Sen embargo, a separación e tratamento de cada un destes compoñentes é sumamente custoso, sendo preciso acometer cuantiosos investimentos para conseguir explotacións minimamente rendibles.

De tódolos xeitos, e a pesar destas limitacións operacionais, é preciso continuar os estudos e sondaxes xeotécnicas para atopar unha posible vía que garanta a extracción daqueles minerais que sexan rendibles. A explotación racional do granito gris, de grande abundancia na zona, debe permiti-lo desenvolvemento e a expansión de empresas rela-

cionadas coa explotación de rocas industriais e ornamentais. Estas experimentaron unha evolución positiva na Comarca, localizándose basicamente no polígono de "A Uceira".

EMPRESAS CON DEZ OU MÁIS TRABALLADORES

EMPRESA	ACTIVIDADE	EMPREGADOS
Piedras Gallegas, SA.	Industria da pedra	27
Hormigones de Carballiño SA	Materiais construción	14
Poliester Hermida SA	Fabr. prod. plásticos	11
Taller Chapis. Carballino S.A.	Taller mecánico	10
Plasticaset, S.A.	Productos plásticos	40
I.M.Elec. JesúsRodríguez S.A.	Instalacións eléctricas	28
José Anibal Gironde Colinas	Fabric. xéneros de punto	12
Prontamoda Roca S.A.	Confección prendas vestir	11
Modas Arenteiro, S.A.	Confección prendas vestir	38
Confecciones Amte S.L.	Confección prendas vestir	35
Abel Carballido y otros CB	Serra e prep. de madeira	11
EMPRESA	ACTIVIDADE	EMPREGADOS
Ramiro Paz Pérez	Serra e prep. de madeira	13
Carmen Urena Crespo	Serra e prep. de madeira	22
Manuel Salvador Fuentes	Fabric. de mobles madeira	10
Flexográficas do Carballiño	Fabr.de papel e cartón	11
Ormasa	Transformación de madeira	20
Lamcol Orense, S.A.	Madeira laminada colada	43
Construcc.José Pérez S.A.	Construcción	11
Const. Louzano y Sobrinos S.L.	Construcción	12
Const. Bernárdez y Alvarez S.L.	Construcción	20
Construcciones Joenfe S.L.	Construcción	21
Concello do Carballiño	Obras públicas	40

ESTRUCTURA DAS EMPRESAS INDUSTRIAIS

SUBSECTORES	< 10 EMPREGADOS		10 - 24 EMPREGADOS		24 - 50 EMPREGADOS		> 50 EMPREGADOS	
	N.º Empresas	N.º Traballad.	N.º Empresas	N.º Traballad.	N.º Empresas	N.º Traballad.	N.º Empresas	N.º Traballad.
EXTRAC./TRANSFORM. MINERAL								
* MINERAIS METÁLICOS	0	0	0	0	0	0	0	0
* MINERAIS NON METÁLICOS	0	0	0	0	0	0	0	0
* MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN	10	51	1	14	1	27	0	0
* QUÍMICA	0	0	1	11	0	0	0	0
TOTAL	0	0	2	25	1	27	0	0
TRANSFORMACIÓN DE METAIS								
* PRODUCTOS METÁLICOS	29	59	1	10	0	0	0	0
* MATERIAL ELÉCTRICO	4	10	0	0	1	28	0	0
TOTAL	33	69	1	10	1	28	0	0
MANUFACTURAS								
* ALIMENTACIÓN	20	62	0	0	0	0	0	0
* COIRO/CALZADO	8	22	2	23	2	73	0	0
* MADEIRA	45	139	9	132	1	43	0	0
* PAPEL	2	6	1	11	0	0	0	0
* OUTRAS	1	3	0	0	0	0	1	58
TOTAL	76	232	12	166	3	116	1	58
CONSTRUCCIÓN								
* EDIFICACIÓN E O.O.P.P.	33	106	8	113	4	127	1	75
* CONSTRUCCIÓN INMOBLES	18	70	4	49	1	40	0	0
* INSTALACIÓN E MONTAXES	44	114	3	35	0	0	0	0
TOTAL	95	290	15	197	5	167	1	75
TOTAL COMARCAL	214	642	30	398	11	338	2	133

EMPRESA	ACTIVIDADE	EMPREGADOS
Peña Cueros y Derivados	Peles	16
Construcc. Castro Banga S.L.	Construcción	10
Otero Cerdeira S.A.	Construcción	11
Manuel Lorenzo Lorenzo	Construcción	40
Argimiro Marmotes Rdguez	Carpintería do Aluminio	11
Barreiro Castro, S.L.	Acabado de edificios	12
Arte y Piedra, S.A.	Acabado de edificios	12

Resumindo, podemos afirmar que a Comarca do Carballiño, a pesar de contar cunha estrutura empresarial aínda débil, ofrece unhas boas perspectivas de crecemento con base na existencia de abundantes rocas industriais, recursos forestais, e no feito de ser un lugar de paso de dúas importantes vías de comunicación de alcance extraprovincial que cruzan a Comarca (N-541, Ourense-Pon-

tevedra, e N-525, Ourense-Santiago), ás que lles hai que engadi-la estrada autonómica de recente construción que enlaza Ribadavia con Cea. Esta última convértese nun importantísimo vial que vai contribuír decisivamente ó desenvolvemento das comarcas do Carballiño e do Ribeiro, intensificando substancialmente as súas relacións económicas e creando un eixo de desenvolvemento na Galicia interior. Este feito tense que interpretar como un factor moi positivo que ofrece grandes perspectivas de cara ó futuro desenvolvemento empresarial das dúas comarcas.

4.2.3. SECTOR TERCIARIO

A pesar de que concentra practicamente o 53% das empresas existentes na Comarca, este sector ten un carácter eminentemente familiar. De feito, o 98% das sociedades tercia-

ESTRUCTURA DAS EMPRESAS TERCIARIAS

SUBSECTORES	< 10 EMPREGADOS		10 - 24 EMPREGADOS		25 - 49 EMPREGADOS		> 50 EMPREGADOS	
	N.º	N.º	N.º	N.º	N.º	N.º	N.º	N.º
	Empresas	Traballad.	Empresas	Traballad.	Empresas	Traballad.	Empresas	Traballad.
COMERCIO	104	221	4	46	0	0	0	0
HOSTELERIA	45	80	0	0	0	0	0	0
TALLERES	23	54	0	0	0	0	0	0
TRANSPORTES	27	69	2	24	0	0	0	0
FINANZAS-SEGUROS	20	39	0	0	0	0	0	0
ADMINISTRACIÓN-SERVICIOS SOCIAIS	39	98	0	0	0	0	0	0
OUTROS	21	27	0	0	0	0	0	0
TOTAL	279	588	6	70	0	0	0	0

EMPRESAS E EMPREGO: DISTRIBUCIÓN POR CONCELLOS

	Industria		Construcción		Comercio		Servicios	
	Empr	Trab	Empr	Trab	Empr	Trab	Empr	Trab
O Carballiño	84	444	66	457	81	197	140	313
Piñor	4	81	2	5	4	12	5	13
Punxín	4	20	-	-	2	4	-	-
S. Amaro	1	1	4	37	1	1	1	1
Beariz	-	-	3	6	-	-	1	2
O Irixo	6	13	7	23	3	5	1	3
Boborás	6	15	12	47	2	9	4	4
Maside	12	95	13	75	13	37	10	30
San Cristovo de Cea	15	52	8	57	7	8	10	30
TOTAL	142	721	115	737	113	273	172	381

rias censadas teñen menos de 10 traballadores, resultando unha media de 2,2 empregados por empresa. Isto reflicte unha estrutura empresarial moi atomizada, con establecementos moi pequenos, sobre todo tendas comerciais (alimentación, textil e calzado), bares e restaurantes de ámbito familiar.

O 40% das empresas terciarias detectadas son pequenos establecementos comerciais que absorben o 42% do emprego total xerado no terciario.

Os sectores dominantes, tal como se pode apreciar no cadro que se achega, son, pois, os relacionados co comercio e a hostelería, que no seu conxunto concentran o 52% das empresas e danlle emprego ó 53% dos traballadores. Estas ramas económicas son precisamente as que se benefician dos investimentos acometidos polos emigrantes procedentes de Hispanoamérica. Trátase de investimentos destinados á construción de

supermercados, restaurantes e pequenas tendas comerciais.

En definitiva, convén orientar acertadamente ós emigrantes retornados interesados en investir na Comarca, poñendo á súa disposición aqueles elementos técnicos e de formación que posibiliten rendibilizalos investimentos que se leven a cabo.


4.3. ÁREAS DE MERCADO

Nos últimos vinte anos producíronse importantes cambios estruturais que tenden a modifica-los desprazamentos dos cidadáns. A xeneralización do coche privado como o medio de transporte máis habitual conleva a desaparición dos mercados tradicionais do medio rural. Estes son substituídos polos núcleos de poboación máis importantes, nos que se concentran os principais servicios e equipamentos.

Tradicionalmente véñense celebrando feiras, dúas veces ó mes, nos seis concellos da Comarca (Boborás, O Carballiño, Cea, O Irixo, Maside e Piñor). Estas feiras e mercados, tan arraigados no medio rural galego, deixaron de te-la importancia que tiñan nun principio como sistema básico de comercialización dos produtos agrícolas e gandeiros. Actualmente constitúen un pretexto para degustar produtos típicos (polbo e carne ó caldeiro). As transaccións comerciais reducíronse, pasando de seren feiras de gando a convertérense nunha cita comercial para a venda ambulante e as compras quincenais.

En consecuencia, O Carballiño converteuse no principal centro comercial da Comarca, exercendo unha forte atracción sobre o resto dos concellos colindantes. Os desprazamentos cara á vila do Carballiño son frecuentes e intensos, debido a que nela se localizan xa non só os establecementos comerciais e de servizos, senón tamén diversas delegacións administrativas e xudiciais dependentes da Administración Central e Autonómica.

A capital provincial, pola súa proximidade a esta Comarca, desempeña un importante papel como centro de gran atracción comercial. Son numerosos os desprazamentos, ca-



da vez máis intensos, cara a Ourense, especialmente nos concellos máis próximos e mellor comunicados coa capital ourensá. Este é o caso de San Cristovo de Cea, que a través da N-525 atópase a quince minutos de Ourense. O mesmo acontece co Carballiño, Maside e Punxín, que a través da N-541 distan media hora de Ourense.

Na mesma liña circunscribíense os fluxos comerciais que se dan entre O Carballiño e Ribadavia. Cara a esta última localidade déctanse fluxos importantes, procedentes sobre todo dos concellos que se atopan máis próximos ás terras do Ribeiro (San Amaro e Punxín).

4.4. POTENCIALIDADE TURÍSTICA

A Comarca do Carballiño conta con grandes posibilidades turísticas, centradas sobre

todo nos balnearios de augas termais do Carballiño e Partovía. Os dous, especialmente o primeiro -especializado no tratamento de afeccións gastrointestinais e hepáticas-, converteron a vila do Carballiño en lugar de veraneo para aqueles turistas que buscan repouso, tranquilidade e, ante todo, disfrutar da auga dos balnearios. Estes permiten a existencia dun turismo social que se desenvolve fundamentalmente durante os meses do verán.

Para poder facerlle fronte á modernización das instalacións dos balnearios, a Xunta de Galicia creou unha liña de axudas a través do programa de turismo rural e balnearios, que conta cunha importante contribución da Comunidade Europea. Isto permitiu melloras das instalacións termais do Carballiño, mediante a dotación de novos servizos e a aplicación de novas técnicas de baño. Do mesmo

EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS, 1985-1990

TIPO ESTABLECEMENTOS	NÚMERO DE ESTABLECEMENTOS					
	COMARCA		PROVINCIA		COMUNIDADE AUTÓNOMA	
	1985	1990	1985	1990	1985	1990
HOTEIS > 3 ESTRELAS	1	1	4	4	46	56
HOTEIS < 3 ESTRELAS	0	0	10	12	97	157
HOSTAIS > 3 ESTRELAS	0	0	0	0	6	4
HOSTAIS < 3 ESTRELAS	11	11	66	84	442	509
OUTROS ALOXAMENTOS	0	0	2	3	33	23
CAMPINGS	0	0	1	3	42	64
TOTAIS	12	12	83	106	666	813
% INCREMENTO	0,00		27,71		22,07	

EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE ESTABLECEMENTOS E PRAZAS TURÍSTICAS POR CONCELLOS, 1985-90

CARBALLIÑO, O

TIPO DE ESTABLECEMENTO	ESTABLECEMENTOS		PRAZAS	
	1985	1990	1985	1990
HOTEIS >3 ESTRELAS	1	1	45	45
HOSTAIS <3 ESTRELAS	10	9	207	165
TOTAIS.....	11	10	252	210

PIÑOR

TIPO DE ESTABLECEMENTO	ESTABLECEMENTOS		PRAZAS	
	1985	1990	1985	1990
HOSTAIS <3 ESTRELAS	1	1	20	20
TOTAIS.....	1	1	20	20

EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE PRAZAS TURÍSTICAS, 1985-1990

TIPO ESTABLECEMENTOS	NÚMERO DE PRAZAS					
	COMARCA		PROVINCIA		COMUNIDADE AUTONOMA	
	1985	1990	1985	1990	1985	1990
HOTEIS >3 ESTRELAS	45	45	192	224	3,934	4,717
HOTEIS <3 ESTRELAS	0	0	352	402	3,195	4,642
HOSTAIS >3 ESTRELAS	0	0	0	0	188	186
HOSTAIS <3 ESTRELAS	227	185	1,067	1,345	7,474	8,873
OUTROS ALOXAMENTOS	0	0	50	80	820	943
CAMPINGS	0	0	345	734	10,722	20,805
TOTAIS	272	230	2,006	2,785	26,333	40,166
% INCREMENTO	-15.44		38.83		52.53	

xeito, durante os últimos tres anos no balneario de Caldas de Partovía, situado a menos de dous quilómetros do Carballiño, investíronse máis de 20 millóns de pesetas. Esta inxección de diñeiro, que contou co respaldo da Xunta de Galicia, destinouse á modernización de tódalas bañeiras e á remodelación integral do balneario, que recibe anualmente uns 3.000 visitantes procedentes de tódalas provincias galegas.

A pesar de que as melloras realizadas nos dous balnearios foron considerables, aínda se detectan certas insuficiencias que requiren novos investimentos destinados á infraestrutura hoteleira.

A riqueza termal da área do Carballiño complétase, ademais, cos afloramentos acuíferos existentes en Caldas de Brués, Boborás, Ponterriza, Arcos, A Rañoa (Maside) e os mananciais sulfurosos de Punxín. Todos eles reúnen tamén, como tivemos ocasión de comprobar, excelentes propiedades medicinais e curativas.

Aínda que en realidade o fluxo de turistas tende a concentrarse na vila do Carballiño, os outros lugares posúen importantes recursos paisaxísticos e artísticos aínda pouco explotados. Entre as paisaxes cabe destacar as zonas dos Astureses, Moldes, Almuzara, Xuvencos, Ponte Bornes, que desemboca xa na subida ó Paraño, e Caldas de Partovía, que conta cun pequeno balneario de augas que abrollan a 38°C, de excelentes propiedades para o tratamento do reumatismo e da dermatose.

En canto ás belezas arquitectónicas románicas e prerrománicas, debemos mencionarl as seguintes: Santuario da Virxe da Saleta, situada en Astureses; igrexa da San Mamede de Moldes, que ten a cruz dos Templarios esculpida no seu tímpano; a igrexa de Meixego, en Banga; o mosteiro de Oseira, en

Cea, e, finalmente, a igrexa románica de Maside. Fóra do ámbito territorial desta Comarca, atopámonos co mosteiro beneditino de San Clodio, en Leiro, a 10 km. do Carballiño.

Na vertente gastronómica, a "Festa do Polbo", que se celebra tódolos anos no mes de agosto, adquiriu unha enorme resonancia en toda Galicia. Gracias a ela visitan a vila do Arenteiro anualmente máis de 20.000 persoas no mes de agosto. Pero ademais desta festa gastronómica, declarada de interese turístico xa no ano 1969, existen na Comarca outros atractivos desta natureza que convén mencionar. Tal é o caso da "Festa do pan" de Cea, capaz de convocar anualmente a algo máis de 5.000 persoas, polo que a súa promoción se debe incrementar.

Sen embargo, e a pesar de contar con importantes recursos turísticos, a Comarca experimentou entre 1985 e 1990 unha considerable redución de prazas hoteleiras, pasando de 272 e 230, o que supón unha mingua do 15,4%. Isto débese ó carácter estacional do turismo que se rexistra na Comarca.

Os 12 establecementos existentes (un hotel de tres estrelas, 11 hostais de menor categoría e unha residencia de tempo libre para familias con capacidade para 270 persoas) non funcionan a pleno rendemento durante todo o ano. Só no mes de agosto, coincidindo coas vacacións dos emigrantes, se detecta un déficit de prazas hoteleiras.

Para aproveitar as citadas potencialidades turísticas, resulta imprescindible acometer as seguintes accións:

1) Diseñar unha pequena guía turística e monumental de toda a Comarca, recollendo nela aquelas paisaxes, espazos naturais, rotas de sendeirismo, igrexas, mosteiros próximos e, en definitiva, todos aqueles aspectos

que sexan relevantes para a promoción turística do conxunto comarcal.

2) Acondicionamento e modernización das instalacións dos Balnearios do Carballiño e de Partovía, coa intención de posibilita-la súa apertura durante todo o ano. Para iso faise imprescindible establecer acordos con axencias turísticas nacionais e estranxeiras que se encarguen de canaliza-las remesas de turistas interesados en disfrutar do turismo social e das augas medicinais dos balnearios. Estes poderían rendibilizarse moito máis mediante a construción de aloxamentos hoteleiros nos mesmos balnearios e outros servizos complementarios (cafetería e salóns sociais), o que permitiría incrementa-lo volume de ingresos e manter unha demanda máis estable ó longo de todo o ano.

3) Fomenta-lo turismo social e termal mediante o establecemento de convenios co INSERSO e a Xunta de Galicia para canaliza-las persoas interesadas en disfrutar dos balnearios que reúnen mellores condicións (O Carballiño e Partovia). A rendibilización deste recurso pasa necesariamente por incrementa-los contactos coas axencias turísticas e tour-operadores internacionais con ampla capacidade para enviar turistas a esta localidade. Na actualidade, o balneario do Carballiño está recibindo unha media de 1.500 xubilados entre os meses de abril e novembro, gracias ós convenios establecidos coa Xunta e co INSERSO.

4) Acondicionamento e rehabilitación de casas rurais. Unha vez acondicionadas, pódense utilizar para difundir-lo turismo rural naqueles núcleos que se consideren máis significativos. Para iso débense utiliza-las subvencións que concede a Xunta a través do I.G.V.S. e a Secretaría Xeral para o Turismo por outra banda, unha fórmula moi adecuada para o turismo de balneario.

5) Canaliza-la capacidade inversora dos emigrantes cara á construción de complexos turísticos que permitan incrementa-lo número de prazas hoteleiras dispoñibles.

6) Acondicionamento da área recreativa situada na Rañoa (Maside). Neste lugar existe un importante manancial de auga sulfurosa que deu pé á construción dunha pequena piscina que funciona durante o verán. Para rendibilizar esta área cabe a posibilidade de construír un hostel ou un pequeno hotel, así como un camping no mesmo contorno, o que contribuiría a dinamizar esta área recreativa.

7) Con vistas a un maior aproveitamento dos atractivos turísticos dos que dispón a Comarca, cabe menciona-la necesaria rehabilitación da lagoa denominada "Puzo do Lago", situada no termo municipal de Maside. Esta lagoa conta cunha interesante riqueza cinexética e turística que é imprescindible recuperar e promocionar adecuadamente.

8) Potenciamento das excavacións que se están levando a cabo no castro de San Cibrán de Las. Este castro é un dos máis grandes de Galicia. A abundancia de restos arqueolóxicos atopados son suficientes para considera-la necesidade de construír un pequeno museo na propia localidade de San Cibrán de Las, que recolla aqueles utensilios e restos máis significativos que se poidan atopar no citado castro. A promoción deste importante xacemento arqueolóxico pasa necesariamente por concluír e remata-las excavacións que se están levando a cabo, e por acometer un plano de sinalamento do lugar a través das distintas estradas locais e comarcais que circundan o concello. Este plano de sinalamento incluíría tamén o monte de San Trocado, desde onde se pode contemplar unha paisaxe e unha vista panorámica de gran beleza. O sinalamento de tódolos monumentos e lugares de interese

turístico débese contemplar como unha acción prioritaria que hai que desenvolver en toda a Comarca, e non só no concello de San Amaro.

9) Promoción da área recreativa "O Testeiro" (O Irixo), mediante a elaboración de rotas de sendeirismo que sirvan para rendibilizala interesante paisaxe montañosa deste concello, no que se pode practicala caza maior (porco bravo) e a pesca (troita).

Do mesmo xeito, nas áreas máis montañosas do concello de Beariz é factible planificar tamén algunhas rotas de sendeirismo que teñan en conta as numerosas mámoas existentes en distintos puntos do termo municipal (Edreira). A mellora dos espacios naturais, especialmente o da Carballeira de Xirazga, así como a posible rehabilitación de muiños e de casas rurais no núcleo de Rico-banca con finalidades turísticas e de promoción do turismo rural, débense contemplar como alternativas importantes para melloralo atractivo turístico deste concello, que conta con tres importantes coutos de caza e abundantes regatos fluviais para pescar troitas.

10) Acometer traballos de conservación de todo o conxunto artístico e monumental existente no núcleo de Pazos (Boborás). A rehabilitación e acondicionamento para turismo rural de todos aqueles pazos e casas nobres existentes no citado núcleo pode desempeñar un importante papel para promocionalo turismo rural deste concello, que conta ademais con numerosos monumentos e capelas románicas (Moldes), e con excelentes vistas panorámicas ó longo do río Avia. Tamén cabe contempla-lo posible aproveitamento das augas termais existentes na parroquia de Boborás, onde sería conveniente construír unha piscina.

11) Aproveitamento das oportunidades turísticas xeradas en torno ó mosteiro de Oseira. Este importante mosteiro beneditino, coñecido como "O Escorial de Galicia", atrae diariamente un importante número de visitantes, que durante o verán alcanza o seu punto máis álxido. A corrente de visitantes permitiría levar adiante a construción dun pequeno hotel na parroquia de Cea. Desta maneira incrementaríase a oferta de prazas hoteleiras dispoñibles, xa que as existentes na hospedería do mosteiro son insuficientes para cubri-la totalidade da demanda.

12) Promocionalo antigo camiño de Santiago (Camiño da Prata) ó seu paso polo concello de Piñor. O antigo camiño da prata deu pé neste concello á construción de dúas igrexas: San Paio de Loeda e San Xoán de Barran. Ademais, neste concello (en Moire, parroquia de Carballeda -Reino-) atópase a casa materna do beatificado D. Juan Jacobo Fernández, relixioso franciscano nacido en 1808 e martirizado en Damasco en 1860, que foi beatificado en 1926.

13) Acondicionamento da área recreativa de Freón (Piñor). A realización desta acción permitiría dotar este concello ourensán dun lugar atractivo axeitado para o desenvolvemento de actividades relacionadas co ocio e o lecer.

14) Aproveitamento das augas termais existentes na parroquia de Punxín. Aquí existen unhas augas sulfurosas con excelentes propiedades para o tratamento de enfermidades dixestivas e cutáneas. Para aproveitalas súas propiedades curativas deberíase construír un pequeno balneario ou, en todo caso, unha pequena área recreativa dotada de piscina debidamente acondicionada para disfrutar de baños termais. Este recurso potencial de Punxín débese completar cun potenciamento do turismo rural, mediante a re-

habilitación dalgúns pazos e casas de campo. Para isto poderíanse establecer convenios coa recentemente creada Sociedade para a Promoción do Turismo de Galicia, a fin de canalizar turistas e visitantes estacionais interesados en disfrutar do medio rural.

15) Acondicionamento das ribeiras do Avia. Este río, especialmente no seu curso medio e baixo, reúne excelentes condicións para construír áreas recreativas.

16) Elaboración dun plano integral destinado a conservar e protexe-las distintas especies arbóreas existentes no parque municipal do Carballiño. Deste xeito conseguiríase evita-lo deterioro progresivo das árbores, algunhas delas moi afectadas por distintas enfermidades. O plano debe contemplar, ademais, unha serie de medidas concretas tendentes a rehabilita-lo parque e a sanea-las beiras do río Arenteiro.

17) Mellora-la riqueza piscícola do río Arenteiro, no que se instalaron dúas piscifactorías dedicadas á cría e ceba de troitas. Para conseguir este obxectivo débense controla-los vertidos directos ó río, evitando a contaminación do mesmo.


4.5. O MERCADO DE TRABALLO

Do mesmo xeito que sucede na maior parte das comarcas do interior de Galicia, esta mostra tamén no seu conxunto unha estrutura do mercado de traballo con trazos propios do medio rural. Isto maniféstase na reducida porcentaxe de poboación asalariada (34,7%), moi por baixo da media provincial e autonómica, e no elevado número de persoas independentes. Estas predominan, sobre todo nos concellos menos evolucionados, que contan cun sector agrario moi inflado. Tal é o

MERCADO DE TRABALLO, 1991

CONCELLOS	% EMPREGADORES	% INDEPENDENTES	% ASALARIADOS	% AXUDA FAMILIAR	% OUTROS
BEARIZ	0,92	57,10	20,61	18,78	2,60
BOBORÁS	2,19	60,09	24,56	12,57	0,58
CARBALLIÑO (O)	8,00	37,37	48,09	3,95	2,60
IRIXO (O)	0,97	42,94	5,70	49,90	0,49
MASIDE	4,26	38,22	46,17	10,22	1,14
PIÑOR	2,92	53,90	35,23	4,71	3,25
PUNXIÑ	1,06	31,40	50,66	16,36	0,53
SAN AMARO	3,63	45,77	44,35	3,83	2,42
SAN CRISTOVO DE CEA	4,19	44,98	40,87	9,17	0,79
TOTAL	4,28	44,02	34,70	15,38	1,63
MEDIA COMARCAL	4,28	44,02	34,70	15,38	1,63
MEDIA PROVINCIAL	4,58	32,69	52,59	8,56	1,59
MEDIA AUTONÓMICA	4,81	24,37	64,43	4,91	1,48

EVOLUCIÓN DA ESTRUCTURA DO EMPREGO



caso de Boborás e Beariz, onde os traballadores independentes, constituídos fundamentalmente por pequenos agricultores e propietarios de bares, representa o 60% e o 57%, respectivamente.

Como se pode comprobar na táboa que se achega, existen grandes diferencias entre os distintos concellos. Así, atopámonos con casos nos que as estruturas productivas están máis desenvolvidas, o que favorece a presenza dun maior número de persoas e traballadores asalariados. Isto sucede concretamente no Carballiño, Punxín e Maside, onde as porcentaxes de asalariados aproximase sensiblemente ós valores medios provinciais e autonómicos. Pola contra, o reducido número de asalariados é moi propio dos espazos e áreas escasamente desenvolvidas.

De tódolos xeitos, e a pesar das diferencias intermunicipais anteriormente descritas, o certo é que o conxunto comarcal do Carballiño alónxase considerablemente da media autonómica, que presenta unha estrutura do mercado de traballo moito máis desenvolvida, ó contar cunha porcentaxe de asalariados próximo ó 65% do total da poboación ocupada galega.

A situación claréxase aínda máis ó estudia-lo reparto das axudas familiares distribuídas entre a poboación da Comarca. En efecto, este indicador socioeconómico permítenos coñecer en parte o grao de ruralidade e o baixo desenvolvemento económico que presentan algúns concellos da Comarca. Concretamente, observamos que a situación é especialmente rechamante no concello do Irixo, no que as axudas familiares representan

practicamente o 50% do mercado de traballo. Estas axudas destínanse, na maioría dos casos, ás mulleres e homes de idade avanzada e a persoas en precarias condicións económicas.

4.5.1. CUALIFICACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS

A falta de persoal cualificado estase convertendo nun dos principais factores que limitan o crecemento e o desenvolvemento económico e social desta Comarca. As cifras que se manexan nos organismos oficiais reflecten un deficiente nivel de formación profesional, con porcentaxes moi reducidas de persoas que contan con formación universitaria. En efecto, na Comarca do Carballiño só o 2,65% da poboación cursou estudos de terceiro grao, co que a porcentaxe de poboación

desta Comarca con formación universitaria está moi escasa (inferior ás medias provincial e autonómica). A situación agrávase aínda máis se temos en conta que a porcentaxe de analfabetos e persoas sen estudos representan case o 50% da poboación total da Comarca. Esta porcentaxe, que en por si xa é moi alta, dispárase fortemente, sobre todo nos concellos máis montañosos. Así, o 81% da poboación do Irixe carece de estudos ou é analfabeta. Valores similares atopámoslos en Piñor e Maside, onde a porcentaxe de poboación sen cualificación ningunha supón o 62% e o 58%, respectivamente. Neste sentido, os valores medios -en comparación coa provincia e o conxunto da comunidade autónoma- indicannos claramente, tal como se pode comprobar na táboa que se achega, que estamos ante unha Comarca moi deficitaria en nivel de instrución educativa e profesional. Só o concello do Carballiño

NIVEL DE INSTRUCCIÓN DA POBOACIÓN MAIOR DE 10 ANOS, 1991

CONCELLOS	% POBOACIÓN ANALFABETOS	% POBOACIÓN SEN ESTUDIOS	% POBOACIÓN PRIM.GRAO	% POBOACIÓN SEG.GRAO	% POBOACIÓN TERC.GRAO
BEARIZ	2,80	41,39	32,31	21,20	2,30
BOBORÁS	6,15	43,37	32,38	16,45	1,65
CARBALLIÑO (O)	2,04	26,35	37,47	29,38	4,76
IRIXO (O)	2,19	78,69	5,96	12,41	0,74
MASIDE	5,39	52,79	18,65	21,80	1,38
PIÑOR	5,31	56,90	19,41	16,98	1,39
PUNXÍN	3,63	27,88	45,49	20,83	2,18
SAN AMARO	5,37	22,54	52,58	18,38	1,14
SAN CRISTOVO DE CEA	4,62	51,70	23,84	17,96	1,88
TOTAL	3,75	41,73	29,97	21,90	2,65
MEDIA COMARCAL	3,75	41,73	29,97	21,90	2,65
MEDIA PROVINCIAL	4,00	34,70	31,16	25,59	4,53
MEDIA AUTONÓMICA	3,06	28,13	34,06	29,61	5,14

ño, de forma illada, presenta uns niveis de cualificación e formación universitaria que supera a media provincial, aínda que inferior nun punto á media autonómica. Agás esta excepción, o nivel de instrucción é, como dixemos, moi deficiente.

Debemos ser conscientes de que a cualificación profesional e educativa da poboación é o soporte fundamental sobre o que ten que fundamentarse toda acción de desenvolvemento e progreso na procura dunhas mellores condicións de vida. Por isto, a cualificación dos recursos humanos desta Comarca constitúe unha tarefa fundamental e prioritaria para encarreira-lo seu futuro desenvolvemento.


4.5.2. O PARO E A SÚA EVOLUCIÓN

A pesar de que a conxuntura económica de España non é actualmente nada favorable, condicionada cada vez máis polas fluctuacións internacionais e pola propia evolución da C.E., a Comarca do Carballiño presenta unhas taxas de paro realmente inferiores ás que se rexistran na provincia e no conxunto de Galicia. Isto débese, en parte, ó importante papel desempeñado polo sector secundario na xeración de emprego e, sobre todo, a que a actividade agrícola actúa desde hai tempo como colchón da crise económica, acollendo, por un lado, ós emigrantes que retornan dos distintos países americanos e eu-

DATOS RELACIONADOS COA EVOLUCIÓN DO PARO REXISTRADO

CONCELLOS	PARO 84 Rexistrado	PARO 85 Rexistrado	PARO 86 Rexistrado	PARO 87 Rexistrado	PARO 88 Rexistrado	PARO 89 Rexistrado	PARO 90 Rexistrado	PARO 91 Rexistrado
BEARIZ	22	21	30	42	38	39	40	29
BOBORÁS	86	87	118	154	179	193	216	146
CARBALLIÑO (O)	395	452	580	695	829	893	937	1.042
IRIXO (O)	118	146	162	231	239	193	162	98
MASIDE	123	130	194	244	250	234	196	190
PIÑOR	78	78	102	118	130	115	0	99
PUNXÍN	42	39	49	62	82	85	82	59
SAN AMARO	55	64	90	122	122	113	98	225
SAN CRISTOVO DE CEA	121	129	152	243	206	201	173	54
TOTAL	1.040	1.146	1.477	1.911	2.075	2.066	1.904	1.942
TOTAL COMARCAL	1.040	1.146	1.477	1.911	2.075	2.066	1.904	1.942
TOTAL PROVINCIAL	18.010	19.019	21.864	26.178	28.114	26.472	22.910	24.025
TOTAL AUTONÓMICO	153.837	159.822	177.544	193.191	204.436	197.736	185.370	181.094

EVOLUCIÓN DO PARO REXISTRADO



ropeos, e, por outro lado, ós desempregados procedentes de empresas entradas en crise.

De tódolos xeitos, e a pesar do comportamento relativamente positivo do conxunto da Comarca, algúns concellos presentan taxas superiores á media provincial e galega. Isto sucede en Punxín, Maside, Piñor e O Carballiño, concellos onde a actividade empresarial é mais significativa, estando os traballadores asalariados expostos a posibles rescisións de contrato motivado polas propias readaptacións conxunturais derivadas da crise económica que lle afecta a Galicia e ó conxunto da economía española en xeral.

A todo o dito ata agora habería que lle engadi-lo aumento das persoas paradas procedentes da emigración. As listas do paro núntrense cada vez máis de emigrantes

retornados que se acollen ó paro, polo menos durante un ano, como única alternativa que se lles presenta antes de pasaren a formar parte do grupo de traballadores agrícolas.

Por outro lado, o envellecemento progresivo da poboación e a intensa emigración de persoas en idade de traballar explica que a taxa de paro no Irixo e en Beariz sexa baixa, limitándose ós que quedan no termo municipal a traballar nos labores propios do agro. Ademais destes condicionantes, débese ter en conta que a agricultura e a gandería que se practican neste concello son compartidas, a tempo parcial, con outras actividades, especialmente a construción, que constitúe unha importante fonte complementaria de ingresos. Todo isto repercute na escasa taxa de paro que se rexistra nos dous concellos anteriormente citados.

PARO REXISTRADO 1984-1991: EVOLUCIÓN INTERANUAL

CONCELLOS	% Evolución 1984-85	% Evolución 1985-86	% Evolución 1986-87	% Evolución 1987-88	% Evolución 1988-89	% Evolución 1989-90	% Evolución 1990-91
BEARIZ	(4,55)	42,86	40,00	(9,52)	2,63	2,56	(27,50)
BOBORÁS	1,16	35,63	30,51	16,23	7,82	11,92	(32,41)
CARBALLIÑO (O)	14,43	28,32	19,83	19,28	7,72	4,93	11,21
IRIXO (O)	23,73	10,96	42,59	3,46	(19,25)	(16,06)	(39,51)
MASIDE	5,69	49,23	25,77	2,46	(6,40)	(16,24)	(3,06)
PIÑOR	0,00	30,77	15,69	10,17	(11,54)	(100,00)	-
PUNXÍN	(7,14)	25,64	26,53	32,26	3,66	(3,53)	(28,05)
SAN AMARO	16,36	40,63	35,56	0,00	(7,38)	(13,27)	129,59
SAN CRISTOVO DE CEA	6,61	17,83	59,87	(15,23)	(2,43)	(13,93)	(68,79)
TOTAL	10,19	28,88	29,38	8,58	(0,43)	(7,84)	2,00
TOTAL COMARCAL	10,19	28,88	29,38	8,58	(0,43)	(7,84)	2,00
TOTAL PROVINCIAL	5,60	14,96	19,73	7,40	(5,84)	(13,46)	4,87
TOTAL AUTONÓMICO	3,89	11,09	8,81	5,82	(3,28)	(6,25)	(2,31)

A poboación nova, con idades comprendidas entre os 16 e os 24 anos, é a máis afectada polo paro (30,1%). A isto contribúe decisivamente a falta de cualificación profesional e o abandono dos estudos. Isto explica que a maior parte dos demandantes de emprego desta Comarca sexan persoas que carecen de profesión específica. Por isto resulta imprescindible mellora-lo grao de formación profesional dos demandantes de emprego mediante a impartición de cursos específicos de formación ocupacional orientados cara a aquelas actividades que ofrecen mellores perspectivas de crecemento.

Ó longo dos últimos oito anos estudados observamos que entre 1984 e 1991 a cifra de parados, en números absolutos, incrementouse en case un 70%. Isto supón pasar de

representa-lo 6,02% do total de parados da provincia en 1984 a pouco máis do 8,08% en 1991, ano no que o número de desempregados alcanza a cifra de 1.942 persoas, o que equivale ó 1,07% do total de parados contabilizados para o conxunto de Galicia.

As variacións máis significativas que se produciron ó longo desta etapa van moi ligado xa non só á propia conxuntura económica nacional e internacional, senón tamén ó crecente fluxo de emigrantes que retornan. Estes, como xa se indicou en apartados anteriores, están retornando por diversas causas ós seus lugares de orixe, incorporándose ás listas de paro. Isto aféctalle non só ó cabeza de familia, senón tamén ós fillos e familiares que o acompañan, o que provoca un substancial incremento do paro en números ab-

solutos, especialmente nos anos 1988 e 1989, momento no que se alcanzan as cifras de paro máis elevadas que se rexistran na Comarca durante os últimos sete anos analizados.

EVOLUCIÓN DO PARO

	ANO 1985	ANO 1991
% sobre o total rexional	0,72	1,07
% sobre o total provincial	6,02	8,08
TOTAL	1.146	1.942

Dada a situación da economía galega e española en xeral, de cara ós próximos anos é de esperar que o paro da Comarca non experimente cambios substanciais. En todo caso, é posible que a cifra de parados aumente a medida que se vaia producindo unha readaptación do sistema productivo.

POBOACIÓN PARADA E TAXA DE PARO POR GRUPOS DE IDADE, 1991

CONCELLOS	De 16 a 24 anos		De 25 a 54 anos		De 55 a 64 anos		De 65 e máis anos		TOTAL	
	PARADOS	TAXAS	PARADOS	TAXAS	PARADOS	TAXAS	PARADOS	TAXAS	PARADOS	TAXAS
BEARIZ	13	30,95	20	4,95	5	2,37	2	5,71	40	5,78
BOBORÁS	31	22,46	113	13,06	26	5,64	2	2,60	172	11,16
CARBALLIÑO (O)	189	32,98	412	14,44	107	12,44	12	4,18	720	15,74
IRIXO (O)	11	7,91	8	1,22	0	0,00	1	0,13	20	0,96
MASIDE	73	31,47	126	17,14	36	12,08	4	12,12	239	18,41
PIÑOR	30	29,70	58	14,32	20	9,90	1	5,88	109	15,03
PUNXÍN	27	39,71	47	17,87	9	7,89	1	5,88	84	18,18
SAN AMARO	18	23,38	32	9,70	17	11,81	0	0,00	67	11,88
SAN CRISTOVO										
DE CEA	82	40,80	110	12,47	19	5,11	0	0,00	211	14,30
TOTAL	474	30,17	926	12,53	239	7,56	23	1,79	1.662	12,40
TOTAL COMARCAL		30,17		12,53		7,56		1,79		12,40
TOTAL PROVINCIAL		30,33		13,01		9,30		3,73		14,28
TOTAL AUTONÓMICO		34,05		13,91		10,07		5,63		16,34

TAXA DE OCUPACIÓN E TAXA DE PARO (Censo 1991)

CONCELLOS	TAXA OCUPACION HOMES	TAXA OCUPACION MULLERES	TAXA OCUPACION TOTAL	TAXA PARO HOMES	TAXA PARO MULLERES	TAXA PARO TOTAL
BEARIZ	95,29	92,51	94,22	4,71	7,49	5,78
BOBORÁS	85,54	93,29	88,84	14,46	6,71	11,16
CARBALLIÑO (O)	86,49	80,84	84,26	13,51	19,16	15,74
IRIXO (O)	98,63	99,38	99,04	-	0,62	0,96
MASIDE	82,57	79,73	81,59	17,43	20,27	18,41
PIÑOR	83,33	87,54	84,97	16,67	12,46	15,03
PUNXÍN	80,74	83,03	81,82	19,26	16,97	18,18
SAN AMARO	88,07	88,24	88,12	11,93	11,76	11,88
SAN CRISTOVO DE CEA	86,26	84,65	85,70	13,74	15,35	14,30
TOTAL	87,58	87,64	87,60	12,42	12,36	12,40
MEDIA COMARCAL	87,58	87,64	87,60	12,42	12,36	12,40
MEDIA PROVINCIAL	87,55	85,58	86,82	13,39	15,81	14,28
MEDIA AUTONÓMICA	85,75	79,93	83,66	14,25	20,07	16,34

ÍNDICE DE PARO REXISTRADO

CONCELLOS	1984 = 100 % 1984-85	1984 = 100 % 1984-86	1984 = 100 % 1984-87	1984 = 100 % 1984-88	1984 = 100 % 1984-89	1984 = 100 % 1984-90	1984 = 100 % 1984-91
BEARIZ	95,45	136,36	190,91	172,73	177,27	181,82	131,82
BOBORÁS	101,16	137,21	179,07	208,14	224,42	251,16	169,77
CARBALLIÑO (O)	114,43	146,84	175,95	209,87	226,08	237,22	263,80
IRIXO (O)	123,73	137,29	195,76	202,54	163,56	137,29	83,05
MASIDE	105,69	157,72	198,37	203,25	190,24	159,35	154,47
PIÑOR	100,00	130,77	151,28	166,67	147,44	0,00	126,92
PUNXÍN	92,86	116,67	147,62	195,24	202,38	195,24	140,48
SAN AMARO	116,36	163,64	221,82	221,82	205,45	178,18	409,09
SAN CRISTOVO DE CEA	106,61	125,62	200,83	170,25	166,12	142,98	44,63
TOTAL	110,19	142,02	183,75	199,52	198,65	183,08	186,73
TOTAL COMARCAL	110,19	142,02	183,75	199,52	198,65	183,08	186,73
TOTAL PROVINCIAL	105,60	121,40	145,35	156,10	146,99	127,21	133,40
TOTAL AUTONÓMICO	103,89	115,41	125,58	132,89	128,54	120,50	117,72

4.6. SÍNTESE DO SISTEMA PRODUCTIVO

A pesar de que a porcentaxe de poboación activa ocupada no sector agrario aínda é elevada, e de que os contrastes socioeconómicos existentes entre os concellos son considerables, a Comarca do Carballiño conta con recursos e potencialidades internas que fan viable a elaboración dun plano de desenvolvemento económico que garanta o crecemento e o desenvolvemento das actividades productivas. Con base nestas consideracións previas, e trala análise sectorial realizada, resulta evidente que o desenvolvemento desta Comarca pasa necesariamente por:

1) Acometer unha modernización das estruturas agrarias existentes na Comarca. A reducida dimensión das explotacións existentes limita a rendibilidade das mesmas, polo que se fai necesario accelera-los traballos encamiñados a concentra-las leiras. Ata a data de hoxe só se concentraron en toda a Comarca un total de 306 Has., o cal é insuficiente para garantir unha transformación do sector productivo agrario. De cara ó futuro inmediato convén apostar polas explotacións modernas e polas granxas tecnificadas orientadas á cria de aves, coellos e vacún de raza rubia galega. A horticultura ofrece certas posibilidades de implantación, especialmente en San Amaro, Maside e Punxín.

2) Levar a cabo unha repoboación forestal daqueles montes que se atopan deforestados e que estean en condicións de seren rendibilizados para a produción de madeira. Esta constitúe un importantísimo recurso co que conta a Comarca, que permitiu o desenvolvemento dunha florecente industria de transformación e tratamento da madeira, con empresas senlleiras en tecnoloxía ("Ormasa" e "Lamcol").

O aproveitamento do espacio forestal, especialmente dos montes comunais rasos, deberíase levar a cabo mediante o establecemento de convenios cos propietarios deses montes, dándolles unha cantidade razoable polo arrendamento dos mesmos. Isto permitiría aproveita-las excelentes condicións que ofrece esta Comarca para o crecemento de especies forestais.

3) Potencia-la industria e o comercio. Cada vez máis, a economía desta Comarca ofrece unha maior diversificación productiva, con predominio das actividades terciarias e secundarias, especialmente nos concellos do Carballiño e Maside. Para a dinamización do sector industrial e comercial está prevista a construción dun novo parque empresarial en Seoane (O Carballiño), que supón amplía-la superficie industrial actualmente dispoñible, limitada ó polígono industrial de Uceira, onde se concentra practicamente a totalidade das empresas máis importantes da Comarca. A oferta de solo industrial e a canalización dos investimentos dos emigrantes retornados cara a actividades productivas relacionadas cos recursos autóctonos (madeira, granito e turismo) e cara a aquelas que ofrecen mellores perspectivas de rendibilidade, acolléndose ás subvencións dispoñibles para as Áreas de Promoción Económica, debe constituír unha acción prioritaria para facilita-lo desenvolvemento sostido da Comarca.

Por outra banda, a creación de solo que permita o crecemento e a expansión da industria panadeira, de gran dinamismo no concello de Cea, xunto coa elaboración dun rigoroso estudio que sirva de base para coñecer a fondo os recursos mineiros susceptibles de seren explotados, deben se-las liñas directrices que haberá que seguir para un maior desenvolvemento equilibrado da Comarca.

4) Optimiza-los recursos turísticos cos que conta a Comarca. A modernización das instalacións turísticas dispoñibles e dos balnearios máis frecuentados é de suma importancia para garanti-lo crecemento e a afluencia de visitantes a estes concellos do interior. Para iso, a elaboración de guías turísticas

que recollan tódolos elementos representativos (mámoas, castros, igrexas románicas, mosteiros, áreas recreativas, espacios naturais, rotas de sendeirismo e miradoiros), e a rehabilitación de pazos e casas de labranza deben contribuír ó potenciamento deste espacio rico en afloramentos de augas termais.

5. HÁBITAT E CALIDADE DE VIDA

Neste terceiro bloque deterémonos na análise de distintos indicadores (licencias comerciais, entidades financeiras, número de teléfonos, renda, etc.), que nos vai servir de base para obter unha radiografía xeral do grao de dotación infraestructural e do nivel de vida da poboación comarcal.

5.1. INDICADORES ECONÓMICOS

Boa parte dos indicadores utilizados reflicten unha situación claramente positiva do conxunto comarcal, con porcentaxes claramente superiores á media provincial e autonómica. Tal é o caso das licencias comerciais e do número de entidades financeiras existentes. Concretamente, e tomando como referencia os datos publicados no Anuario Baneito, a Comarca do Carballiño presenta unha media de 31,25 licencias comerciais por cada mil habitantes (a media de Galicia é de 30,94). O mesmo acontece en canto ás entidades financeiras existentes. En efecto, nesta Comarca rexístrase unha media de 1,39 entidades financeiras por cada mil habitantes, mentres que en Galicia non supera as 0,88 oficinas bancarias por cada mil habitantes. Estas diferencias sobresaen en Beariz, onde se contabilizan 4,38 entidades financeiras por cada mil habitantes. Esta media tan elevada aparece conectada á numerosa colonia de emigrantes enriquecidos existentes neste concello. Isto propiciou un

intenso movemento dos distintos grupos bancarios nacionais, interesados en captaren o aforro xerado.

Sen embargo, e a pesar do panorama anteriormente descrito, francamente alentador para o conxunto da Comarca, o certo é que a nivel municipal existen fondos contrastes. Así, no Carballiño, Maside e Beariz o grao de dotación e de equipamentos, segundo os distintos indicadores económicos utilizados, é moi superior ó resto, mentres que concellos coma Punxín, Piñor e Cea son, sen dúbida, os máis deficitarios en dotacións e equipamentos de servicios básicos.

LICENCIAS COMERCIAIS EN 1991

	Poboa- ción	Alimen- tación	Resto	Total	Lic/ 1000Hab
Beariz	1.826	10	15	25	13,69
Boborás	3.764	22	36	58	15,41
O Carballiño	10.886	177	372	549	50,43
O Irixo	2.522	20	26	46	18,24
Maside	3.573	48	82	130	36,38
Piñor	1.808	14	9	23	12,72
Punxin	1.033	6	9	15	14,52
S. Amaro	1.621	12	19	31	19,12
S.Cristovo de Cea	3.781	34	52	86	22,74
TOTAL	30.814	343	620	963	31,25
OURENSE				10.740	30,55
GALICIA				83.546	30,94

CAMIÓN POR MIL HABITANTES EN 1991

CONCELLOS	POBOACIÓN TOTAL 91	NÚMERO CAMIÓN	Nº CAMIÓN * 1.000 Hab.
BEARIZ	1.826	17	9,31
BOBORÁS	3.764	86	22,85
CARBALLIÑO (O)	10.886	604	55,48
IRIXO (O)	2.522	83	32,91
MASIDE	3.573	179	50,10
PIÑOR	1.808	47	26,00
PUNXÍN	1.033	23	22,27
SAN AMARO	1.621	44	27,14
SAN CRISTOVO DE CEA	3.781	111	29,36
TOTAL.....	30.814	1.194	38,75
TOTAL COMARCAL			38,75
TOTAL PROVINCIAL			36,78
TOTAL AUTONÓMICO			23,79

CONSUMO ELÉCTRICO EN 1989 (Tarifa Doméstica)

CONCELLOS	POBOACIÓN TOTAL 1989	CONSUMO 89 (KWH)	CONSUMO 89 HAB./ANO	% CONSUMO COMARCAL
BEARIZ	2.059	735.485	357,20	3,82
BOBORÁS	5.180	1.563.386	301,81	8,13
CARBALLIÑO (O)	12.189	10.408.325	853,91	54,10
IRIXO (O)	3.831	918.879	239,85	4,78
MASIDE	4.993	1.999.877	400,54	10,39
PIÑOR	2.165	830.737	383,71	4,32
PUNXÍN	1.232	481.881	391,14	2,50
SAN AMARO	2.583	832.842	322,43	4,33
SAN CRISTOVO DE CEA	5.086	1.468.611	288,76	7,63
TOTAL	39.318	19.240.023	489,34	100,00
TOTAL COMARCAL			489,34	
TOTAL PROVINCIAL			555,95	
TOTAL AUTONÓMICO			564,29	

Sobre o conxunto destaca o concello do Carballiño, especialmente o núcleo urbano, onde se polarizan os servizos e os principais equipamentos empresariais e comerciais de toda a Comarca. Isto convérteo no núcleo máis dinámico e con maior capacidade de crecemento. O seu protagonismo esta avalado polas 177 tendas de alimentación e outras tantas dedicadas á venda de calzado e prendas de vestir, ata completar un total de 549 licencias comerciais, o que supón o 57% do total existente en toda a Comarca. Isto tradúcese, en consecuencia, nunha media de 50,43 licencias comerciais por cada 1000 habitantes, co que supera en 20 puntos a media galega.

ENTIDADES FINANZEIRAS EN 1991

Concellos	Ofic. bancarias	C. Aforro	Total	ByC / 100 hab
Beariz	5	3	8	4,38
Boborás	3	2	5	1,38
O Carballiño.	12	4	16	1,47
O Irixo	2	2	4	1,59
Maside	2	4	6	1,68
Piñor	0	0	0	0,00
Punxín	0	0	0	0,00
S. Amaro	0	2	2	1,23
S.Cristovo de Cea	1	1	2	0,53
TOTAL	17	18	43	1,39
OURENSE			423	1,20
GALICIA			2.379	0,88

NÚMERO DE TELÉFONOS EN 1991

Concellos	Teléfonos	Teléfonos/ 100 hab.
Beariz	450	246,44
Boborás	447	118,75
O Carballiño	3.905	358,71
O Irixo	129	51,14
Maside	762	213,26
Punxín	212	130,78
San Amaro	258	159,16
S.Cristovo de Cea	501	132,50
TOTAL COMARCA	6.804	220,80

En definitiva, os distintos indicadores económicos que utilizamos para a elaboración deste estudio reflicte un nivel de dotación infraestructural e de servizos claramente superior ós valores medios que se rexistran na provincia e no conxunto de Galicia. Isto non impide, como imos ter ocasión de comprobar máis adiante, a existencia de numerosos núcleos e parroquias que aínda presentan déficits de equipamentos.

5.2. INFRAESTRUCTURAS

Unha vez efectuada unha primeira análise comparativa sobre os distintos indicadores económicos utilizados, parécenos oportuno entrar de cheo na análise das infraestructuras coas que conta a Comarca, co fin de detecta-las deficiencias máis notorias que poden condiciona-lo desenvolvemento e a expansión económica.

5.2.1. INFRAESTRUCTURAS DE TRANSPORTES

Desde principios dos anos setenta esta Comarca experimentou un considerable avance, dotándose de importantes vías de comunicación que garanten o futuro desenvolvemento económico da zona. Nun principio foron decisivos os investimentos levados a cabo pola Administración Central, que a través do Plano de Accesos a Galicia acometeron investimentos nalgunhas vías que pasan pola Comarca. Concretamente, as realizadas na estrada nacional N-541 (Ourense-Pontevedra), na N-525 (Ourense-Santiago) e na N-120 (Ourense-Vigo). A primeira aféctalle á Comarca nos tramos Barbantiño-Almuzara (de 20 km.) e Almuzara-A Ermida (18,7 km.). Esta estrada cruza as localidades de Punxín, Maside, O Carballiño e Boborás, cruzando o termo municipal de Beariz, ata percorrer un total de 40 Km. pola Comarca. A segunda, cun trazado que se apoia na N-525, aféctalle

á Comarca no tramo que vai desde Ourense ata A Coruña (32,1 km.), atravesando o concello de Cea e Piñor. A construción desta importante vía de comunicación iniciouse a comezos do ano 1973 e foi finalizada en 1976. Finalmente, a N-120 (Ourense-Vigo) toca a Comarca na ponte de Barbantiño, sendo punto de enlace para desprazarse a Ourense.

Por outra parte, o ferrocarril desempeñou tamén un importantísimo papel no proceso de desenvolvemento desta Comarca, ó favorecerla explotación das minas existentes nos montes do Irixo durante os anos de posguerra. Actualmente os xacementos mineiros están abandonados, polo que o vial de ferrocarril que cruza a Comarca practicamente de noroeste a sur límitase ó transporte de viaxeiros, con paradas en Punxín, Maside, O Carballiño e O Irixo, sendo a estación do Carballiño punto de parada dos principais trens de longo percorrido.

ESTADO DAS ESTRADAS

CONCELLOS	Km TOTAIS ESTRADAS	Km TOTAIS BO FIRME	Km TOTAIS ANCHO > 7 m	% Km. BO FIRME	% Km. ANCHO > 7 m
BEARIZ	42,00	9,00	12,00	21,43	28,57
BOBORÁS	123,00	20,00	17,00	16,26	13,82
CARBALLIÑO (O)	80,00	20,00	11,00	25,00	13,75
IRIXO (O)	100,00	2,00	0,00	2,00	0,00
MASIDE	63,00	12,00	8,00	19,05	12,70
PIÑOR	62,00	9,00	9,00	14,52	14,52
PUNXÍN	26,00	6,00	6,00	23,08	23,08
SAN AMARO	91,00	19,00	15,00	20,88	16,48
SAN CRISTOVO DE CEA	62,00	15,00	24,00	24,19	38,71
TOTAL	649,00	112,00	102,00	17,26	15,72
TOTAL COMARCAL				17,26	15,72
TOTAL PROVINCIAL				10,32	10,85
TOTAL AUTONÓMICO				15,31	11,31

A esta relación de actuacións públicas, realmente moi significativas, que comunican suficientemente a Comarca cos principais eixos de crecemento provinciais e galegos, hai que lle engadi-los cuantiosos investimentos levados a cabo pola propia Administración Autonómica e pola Deputación de Ourense.

Entre as actuacións máis significativas e de maior relevo que se están levando a cabo na Comarca destaca a construción do novo trazado da estrada que enlaza a Comarca do Ribeiro coa do Carballiño, promovida pola Xunta co apoio do FEDER. A execución desta obra, valorada en máis de 1.500 millóns de pesetas, vai posibilita-la rapidez dos desprazamentos e vai intensifica-los fluxos comerciais entre as dúas comarcas.

Pola súa banda, a Deputación de Ourense levou a cabo na Comarca ó longo dos últimos vinte anos un programa de investimentos destinados á construción de pistas para comunica-los distintos núcleos e parroquias da Comarca. Actualmente tódolos núcleos de poboación están comunicados con pistas e vías pavimentadas.

En consecuencia, a Comarca atópase ben comunicada, ó contar con catro importantes arterias viarias que entrecruzan a Comarca: N-541, N-525, N-120 e a vía rápida Ribadavia-O Carballiño-Cea, que cruza a Comarca, posibilitando a formación dun importante eixo de crecemento entre Ribadavia e O Carballiño. Isto supón contar cun forte potencial de desenvolvemento, ó atoparse nunha situación de partida claramente privilexiada con respecto a outras comarcas.

Non obstante, e a pesar de contar con estas importantes vías de comunicación e coas vantaxes comparativas que iso supón, aínda se atopan estradas en estado deficiente que conviría remodelar. En primeiro lugar, conséntase o mal estado da estrada que enlaza

Cenlle co Carballiño a través de San Amaro. Do mesmo xeito, e de moita máis importancia para o desenvolvemento económico da zona, a estrada que comunica O Carballiño co Irixo. A mellora do trazado desta estrada posibilitaría a dinamización económica do Irixo e facilitaría unha maior interrelación entre os distintos concellos da Comarca con outros puntos ou núcleos de maior vitalidade do interior de Galicia. De menor importancia son as estradas que parten de Beariz cara a Brués, Portela da Cruz e Avión. A mellora destas pistas dependentes da Deputación vai servir para comunicar mellor este concello coas provincias de Ourense e Pontevedra.

Boborás é, sen dúbida, un concello que presenta aínda notables deficiencias en infraestrutura de transportes. En efecto, cada vez faise máis preciso acometer unha mellora da estrada que une Avión-Beariz-Feás, así como construír unha nova pista que enlace Moldes con Cabanelas. Esta pista favorecería a relación deste concello co Ribeiro. Pero a deficiencia máis grave aféctalle ó servizo regular de pasaxeiros. Actualmente non existe ningunha liña regular de autobuses que realice o traxecto Begoña de Arriba-Begoña de Abaixo-Boborás-O Carballiño. En consecuencia, resulta evidente a necesidade de articular un servizo regular de transportes públicos que cubra esa liña, coa finalidade de garanti-lo desprazamento dos veciños ó principal núcleo comarcal (O Carballiño).

5.2.2. OUTRAS INFRAESTRUCTURAS

Entre as demais infraestructuras básicas que merecen especial atención nesta Comarca debemos sinala-la electrificación rural e a dotación telefónica. Trátase de infraestructuras de grande importancia que son indispensables para corrixi-los desequilibrios existen-

tes. A pesar de que durante os últimos anos se acometeron, a través do PERGA elevados investimentos, hoxe aínda se detectan importantes deficiencias que afectan ó tendido eléctrico de numerosas parroquias. En concreto no concello do Carballiño existen varias parroquias que aínda contan cunha rede de electrificación en malas condicións, tal é o caso das parroquias de Lobás, Sagra e a aldea de Penedo na parroquia de Partovia. Do mesmo modo, no concello de San Amaro, a remodelación do tendido eléctrico é de especial interese en San Cibrán de Lás, Salomonde e San Félix. No concello do Irixe, as parroquias peor dotadas neste tipo de servizos son as de Froufe, Espiñeira e Reádegos. Tamén no concello de Boborás convén completa-lo plano de electrificación rural, co obxecto de moderniza-lo tendido eléctrico que

abastece ás parroquias da Almuzara, Regueiro, Fenteira, Sonelle e Albarellos. Pola súa parte, co concello de San Cristovo de Cea, existen numerosos asentamentos de poboación (ó redor do 80%), que precisan unha profunda remodelación do tendido eléctrico. A situación é especialmente grave nas parroquias de Vilaseca, Mouches, Souto, Pereda, Castrelo, Formantaos da Viña, Cobas, Vales, Oseira, Lamas e Longos. As notables deficiencias que presenta a actual rede eléctrica dificulta seriamente a modernización das explotacións gandeiras existentes.

Polo súa banda, os concellos de Piñor e Punxín presentan tamén notables deficiencias relativas á súa rede de electrificación rural. En Piñor, as estimacións realizadas ó respecto permítenos afirmar que cerca das 2/3 partes dos núcleos de poboación preci-

DÉFICIT DE PAVIMENTACIÓN EN SOLO URBANO, 1987

CONCELLOS	POBOACIÓN TOTAL 1986	VIVENDAS TOTALS 1986	SUPERFICIE m ² TOTAL	SUPERFICIE m ² non pavimentada	% Non pavimentada por vivenda	% Superficie non pavimentada
BEARIZ	1.894	869	88.100	3.100	356,73	3,52
BOBORÁS	4.944	2.092	117.100	20.000	956,02	17,08
CARBALLIÑO (O)	11.174	5.309	319.900	18.900	356,00	5,91
IRIXO (O)	3.089	1.965	66.200	5.800	295,17	8,76
MASIDE	4.799	1.804	114.200	30.200	1.674,06	26,44
PIÑOR	2.051	845	141.400	34.400	4.071,01	24,33
PUNXÍN	1.153	743	34.900	6.100	821,00	17,48
SAN AMARO	2.247	734	78.700	12.800	1.743,87	16,26
SAN CRISTOVO DE CEA	5.135	1.499	106.600	29.000	1.934,62	27,20
TOTAL	36.486	15.860	1.067.100	160.300	1.010,72	15,02
MEDIA COMARCAL					1.010,72	15,02
MEDIA PROVINCIAL					927,26	18,14
MEDIA AUTONÓMICA					924,17	21,94

GRAO DE SANEAMENTO AUTÓNOMO, 1987

CONCELLOS	POBOACIÓN TOTAL 1986	VIVENDAS TOTALS 1986	SAN. AUT. POBOACIÓN	SAN. AUT. VIVENDAS	% SAN. AUT. POBOACIÓN	% SAN. AUT. VIVENDAS
BEARIZ	1.894	869	1.034	433	54,59	49,83
BOBORÁS	4.944	2.092	4.083	1.733	82,58	82,84
CARBALLIÑO (O)	11.174	5.309	2.988	1.369	26,74	25,79
IRIXO (O)	3.089	1.965	2.194	966	71,03	49,16
MASIDE	4.799	1.804	2.102	679	43,80	37,64
PIÑOR	2.051	845	1.638	466	79,86	55,15
PUNXÍN	1.153	743	762	296	66,09	39,84
SAN AMARO	2.247	734	1.493	580	66,44	79,02
SAN CRISTOVO DE CEA	5.135	1.499	2.166	636	42,18	42,43
TOTAL	36.486	15.860	18.460	7.158	50,59	45,13
TOTAL COMARCAL					50,59	45,13
TOTAL PROVINCIAL					32,27	28,99
TOTAL AUTONÓMICO					34,67	29,83

SERVICIO DE ILUMINACIÓN PÚBLICA, 1987

CONCELLOS	POBOACIÓN TOTAL 1986	VIVENDAS TOTALS 1986	VIVENDAS AFECTADAS	% VIVENDAS AFECTADAS
BEARIZ	1.894	869	18	2,07
BOBORÁS	4.944	2.092	904	43,21
CARBALLIÑO (O)	11.174	5.309	78	1,47
IRIXO (O)	3.089	1.965	383	19,49
MASIDE	4.799	1.804	134	7,43
PIÑOR	2.051	845	291	34,44
PUNXÍN	1.153	743	0	0,00
SAN AMARO	2.247	734	50	6,81
SAN CRISTOVO DE CEA	5.135	1.499	354	23,62
TOTAL	36.486	15.860	2.212	13,95
TOTAL COMARCAL				13,95
TOTAL PROVINCIAL				6,80
TOTAL AUTONÓMICO				13,33

san un plano urxente de reelectrificación, co obxecto de facilita-la modernización das unidades productivas. A situación é similar en Punxin, onde o 50% dos núcleos presentan grandes deficiencias na súa rede de electrificación.

Para corrixir este tipo de deficiencias estruturais, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Industria, puxo en marcha o Plano MEGA, que contempla a construción de 10.000 Km de novas liñas eléctricas e a instalación de 40 subestacións, unha delas no Carballiño, e a construción de 3.100 centros de transformación. Todo iso esixirá un investimento cifrado en 67.000 millóns de pesetas, parte dos cales se destinarán a esta Comarca.

Polo que se refire a equipamento telefónico, hai que dicir que co Plano de Telefonía Rural produciuse importantes avances no número de teléfonos instalados, poñendo ó alcance de tódolos veciños a posibilidade de contar con teléfono celular na súa propia casa.

Polo demais, só queda por facer referencia á deficiente recepción dos distintos canles de televisión, tanto públicos coma privados. A mellora dos sistemas técnicos de recepción destas emisións está previsto que se leven a cabo por parte da Deputación de Ourense.

En consecuencia, as deficiencias máis serias que presenta a Comarca, refírense á rede de electrificación rural. Esta precisa fortes investimentos para remodela-lo tendido de numerosos puntos da Comarca, tal e como tivemos ocasión de comprobar.

5.3. VIVENDA E PLANIFICACIÓN URBANA

Trátase agora de analiza-la situación que presenta o parque de vivendas da Comarca,

xa que coñece-las súas deficiencias e o estado da súa planificación urbana é de suma importancia para determina-lo alcance das accións que deben emprenderse.

5.3.1. PARQUE DE VIVENDAS

De modo xeral, o parque de vivendas da Comarca incrementouse en 3.772 unidades, pasando de 12.374 existentes en 1970 a un total de 16.146 vivendas censadas en 1991, o que se traduce nun incremento de algo máis do 30,4%. O incremento do parque de vivendas é especialmente significativo no concello do Carballiño, que duplica practicamente o número de vivendas existentes entre 1970 e 1991. Desta maneira convértese no principal centro de crecemento comarcal.

Nun segundo nivel aparecen os concellos de Maside, San Amaro e San Cristovo de Cea, onde o crecemento urbano é moito máis tímido, ó presentar porcentaxes de incremento relativamente baixos aínda que non negativos.

Pola contra, atopámonos, tal como se pode apreciar no cadro, con concellos que durante o período 1986-1991 experimentan unha redución do número de vivendas. Isto afectoulles sobre todo ós concellos de Punxin e O Irixe, onde o decrecemento representa o -27,59% e o -25,85%, respectivamente.

Non obstante, e a pesar destes contrastes e valores variables, a evolución do parque de vivendas do conxunto comarcal entre 1970 e 1991 é claramente positivo, detectándose puntos concretos nos que o crecemento é constante (O Carballiño, Maside e San Cristovo de Cea).

Se observámo-los cadros que se achegan, podemos comprobar tamén que no ano 1991 algo máis do 22% das vivendas existentes na



FOTO AÉREA DO CARBALLIÑO

Comarca están desocupadas, e en torno ó 16% corresponden a vivendas que funcionan como residencia secundaria. A porcentaxe de vivendas desocupadas e secundarias é especialmente alta no concello do Carballiño, onde os emigrantes dos concellos colindantes (Beariz, Boborás, O Irixo e Avión) investiron cuantiosas cantidades de diñeiro na construción de inmobles e pisos para alugueiro. Isto xerou un aumento espectacular de vivendas desocupadas.

Os niveis de vivendas desocupadas e secundarias son tamén altos nos concellos de gran tradición emigratoria, especialmente no Irixo, onde case o 41% das vivendas censadas están desocupadas ou funcionan como segunda residencia.


A vivenda rural está pasando por unha etapa de fonda transformación nos seus servizos máis elementais. As remesas enviadas polos emigrantes contribuíron a transformar radicalmente a vivenda tradicional galega propia do interior ourensán. No seu lugar construíronse vivendas modernas, con deseños pouco axeitados á paisaxe e ó contorno que se mesturan coas construcións típicas.

A pesar das melloras producidas, aínda quedan necesidades por cubrir, especialmente nas vivendas antigas. Moitas delas carecen aínda dos servizos e instalacións máis elementais. En efecto, segundo os datos do censo correspondente ó ano 1991, na Comarca do Carballiño contabilizáronse un total de 1.905 vivendas que carecen de instala-

DISTRIBUCIÓN DA VIVENDA 1991

CONCELLOS	Nº VIVENDAS PRINCIPAIS 91	Nº VIVENDAS SECUNDARIAS 91	Nº VIVENDAS DESOCUPADAS 91	Nº VIVENDAS NON CONSTAN 91
BEARIZ	598	80	102	2
BOBORÁS	1.307	322	132	2
CARBALLIÑO (O)	3.582	1.385	1.501	16
IRIXO (O)	866	138	453	0
MASIDE	1.177	214	521	17
PIÑOR	565	114	144	1
PUNXÍN	272	7	259	0
SAN AMARO	530	89	241	1
SAN CRISTOVO DE CEA	1.148	141	205	14
TOTAL	10.045	2.490	3.558	53
TOTAL COMARCAL	10.045	2.490	3.558	53
TOTAL PROVINCIAL	115.176	30.513	36.560	2.901
TOTAL AUTONÓMICO	785.809	122.616	195.802	26.533

EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS



EVOLUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS , 1970-1991

	N.º Vivendas Total 1970	N.º Vivendas Total 1981	N.º Vivendas Total 1986	N.º Vivendas Total	% Evolución 1970-81	% Evolución 1981-86	% Evolución 1986-91
BEARIZ	648	742	869	782	14,51	17,12	-10,01
BOBORÁS	1.713	2.456	2.092	1.763	43,37	-14,82	-15,73
CARBALLIÑO (O)	3.328	5.320	5.309	6.484	59,86	-0,21	22,13
IRIXO (O)	1.509	1.642	1.965	1.457	8,81	19,67	-25,85
MASIDE	1.574	1.736	1.804	1.929	10,29	3,92	6,93
PIÑOR	836	789	845	824	-5,62	7,10	-2,49
PUNXÍN	595	632	743	538	6,22	17,56	-27,59
SAN AMARO	774	890	734	861	14,99	-17,53	17,30
SAN CRISTOVO DE CEA	1.397	1.498	1.499	1.508	7,23	0,07	0,60
TOTAL	12.374	15.705	15.860	16.146	26,92	0,99	1,80
TOTAL COMARCAL					26,92	0,99	1,80
TOTAL PROVINCIAL					20,76	9,10	3,15
TOTAL AUTONÓMICO					31,21	8,63	6,26

ción de ducha ou baño, e 847 que non dispoñen de retrete. Isto quere dicir que o 18,6% das vivendas familiares ocupadas carece de baño ou ducha, e o 8,3% de retrete. A estas deficiencias concretas e de gran relevo hai que engadir-lle a falta de auga corrente nas propias casas familiares, que lle afecta ó 4,8% do total de vivendas recollidas no censo. En contraposición, proliferan os pozos artesanais e as fosas sépticas privadas, que non ofrecen garantías sanitarias abundas, polo que existe un alto risco de contaminación dos pozos particulares.

Ademais do anterior, conséntase a falta de redes de saneamento en distintos puntos da Comarca. No Carballiño encóntranse nesta situación as parroquias de Lobás, Piteira, Madarnás e Cabanelas. No Irixe practicamente o 90% dos núcleos de poboación existentes no concello carecen de redes de sumidoiros e de traída de auga potable. En similares condicións atópase o concello de Boborás, onde arredor do 60% dos núcleos de poboación carece tamén de rede de saneamento, verténdose os residuos directamente ós distintos afluentes do río Avia. A situación é especialmente grave nas parroquias de Pazos e Salón, onde a rede de sumidoiros vai dar integramente ó río Avia. En San Cristivo de Cea e en Punxín a situación tamén é preocupante, xa que aproximadamente o 50% dos núcleos dos dous concellos carece de abastecemento de auga potable e de rede de sumidoiros. En Piñor os núcleos sen traída comunitaria de auga supoñen un 20% do total, mentres que en Beariz queda por acomete-la rede de saneamento nos núcleos de Magros, Bouza, Arnelas e Ermida.

Preocupante é tamén o grao de contaminación que lles afecta ás augas dos ríos que circundan a Comarca. En efecto, o río Miño, á altura do termo municipal de Punxín, non presenta condicións aptas para a vida piscí-

cola, debido á alta concentración de nitritos procedentes dos vertidos orgánicos que se realizan ó longo do río. Así mesmo, a elevada concentración de coliformes totais clasifica as augas como non aptas para o baño.

Pola súa parte, o río Arenteiro, que corre por unha zona da Comarca, conta só cunha estación depuradora. Antes da súa chegada ó Carballiño as augas deste río son aptas para a vida dos peixes, pero unha vez pasado o núcleo urbano perde esta condición, debido fundamentalmente á alta concentración de nitritos. O elevado contido de materia orgánica nos vertidos urbanos orixina unhas concentracións moi altas de microorganismos. A proporción de estreptococos fecais, coliformes totais e coliformes fecais é tan alta, que as augas tampouco son aptas para o baño neste tramos do río. Sen embargo, a situación tende a mellorar desde a instalación da estación depuradora.

O río Avia tamén presenta altos contidos en nitritos, aínda que as condicións son óptimas para a vida dos ciprínidos, pero non para os salmónidos. Esta consideración é válida para o río Barbantiño, que presenta tamén un alto índice de nitritos, o que fai difícil a vida piscícola.

É necesario, xa que logo, instalar estacións depuradoras alí onde sexa necesario, co fin de controla-los vertidos procedentes das instalacións gandeiras e dos núcleos urbanos, e esixi-lo cumprimento da instalación de fosas sépticas en vivendas unifamiliares situadas en lugares illados.

En definitiva, son aínda numerosos os núcleos de poboación que carecen de traídas de auga potable e de redes de saneamento. A tremenda dispersión dos núcleos de poboación encarece o custo das infraestruturas comunitarias e dificulta o control dos vertidos contaminantes.

Pensando no futuro, e dadas as necesidades de auga potable que se detectan na Comarca, sería conveniente iniciar un estudo encamiñado a atopar a localización idónea para a construción dun tanque de auga potable que sexa capaz de abastecer conxuntamente os puntos máis importantes da Comarca, especialmente os concellos de San Amaro, San Cristovo de Cea e Punxín.

Polo demais, convén proporcionarles información ós veciños de cada parroquia sobre a existencia de axudas e subvencións para a rehabilitación de vivendas antigas (máis de 20 anos). Estas subvencións concédeas a Xunta a través do Instituto Galego da Vivenda e do Solo (IGVS), que a comezos de 1993

incorporou unha importante partida presupostaria destinada a erradicar a infravivenda existente no medio rural galego.

5.3.2. ESTADO DO PLANIFICACION URBANA

É coñecido por todos que a planificación urbanística é unha tarefa pendente xa non só nos principais núcleos desta Comarca, senón tamén en boa parte dos do resto de Galicia. A elaboración dun instrumento básico de planificación urbanística de ámbito municipal constitúe unha necesidade obvia, co obxecto de garantir un crecemento ordenado dos distintos asentamentos de poboación.




FOTO AÉREA DO IRIXO




FOTO AÉREA DE PIÑOR

A situación é especialmente lamentable no núcleo do Carballiño, onde faltou unha auténtica planificación urbanística, ó carecer dun serio plano de ordenación urbana. De aí que as edificacións levadas a cabo nos últimos vinte anos se desbordasen, alcanzando uns volumes de edificación que non garda consonancia co contorno, e rompen cos principios máis elementais do ordenamento urbanístico. O abandono da planificación urbanística xerou intensos movementos especulativos que derivaron nun caos urbanístico difícil de corrixir.

Por isto é necesario concienciarse deste grave problema, adoptando as medidas de planificación que sexan máis adecuadas para canalizar de forma racional as novas construcións que se están levando a cabo.

Nos núcleos rurais a situación non é mellor, xa que se observa unha falta de control e vixilancia das novas construcións por parte das corporacións locais, facilitando a proliferación de edificacións incontroladas. Desta maneira destrúese totalmente a harmonía do medio rural, ó non respectar norma ningunha. A existencia duns modelos tipolóxicos sobre a vivenda rural galega, que a modo de exemplos ilustrativos para a construción de novas vivendas elaborou a Xunta, son na práctica moi pouco utilizados.

A información da que dispoñemos confirma o abandono das tarefas relativas á planificación urbana por parte das autoridades municipais. En efecto, dos nove concellos que compoñen a Comarca, só catro (Beariz, O Carballiño, O Irixe e Maside) dispoñen dalgúns instrumentos de planificación urbanística. Concretamente, Beariz conta desde 1984 con normas que delimitan o solo urbano do concello, sendo suficiente para as necesidades que ten abertas o concello. Sen embargo, o concello do Carballiño, que se re-

xe desde 1974 pola Normas Subsidiarias de Planificación, precisa elaborar un Plano Xeral de Ordenación Urbana que se axuste ás necesidades reais do concello, xa que as actuais normas son insuficientes para enfrontar con éxito toda a problemática urbanística que ten formulada o Concello.

Ademais dos concellos comentados, dispoñen tamén de Normas Subsidiarias de Planificación os concellos do Irixe (1984) e Maside (1986), e están en fase de redacción as que lles corresponden ó concello de Piñor. O resto dos concellos (Boborás, San Amaro, San Cristovo de Cea e Punxín) carecen de Normas Subsidiarias e de instrumentos adecuados de planificación.

As normas complementarias e subsidiarias de planificación aprobadas pola Xunta divide o territorio galego en dúas áreas que se determinan en función do grao de complexidade urbanística existente. Na área 1, que lles afecta ós concellos que presentan unha complexidade urbanística normal, inclúense Beariz, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro e San Cristovo de Cea. Mentres tanto, no Carballiño, O Irixe e Boborás, que son núcleos nos que existe un alto grao de complexidade urbanística, é área de aplicación da normativa 2.

Dentro da Comarca, e con base nas normas complementarias subsidiarias provinciais, aprobadas pola Xunta, parte do concello de Punxín vese afectado por un espazo natural protexido (As Ribeiras do Miño), que se estende por un total de 16 concellos ourensáns (Melón, Ribadavia, Cenlle, Punxín, Ourense, Coles, Nogueira de Ramuín, Pereiro de Aguiar, Barbadás, A Peroxa, Toén, Castrelo do Miño, Arnoia, Cortegada, Pontedevea e Padrenda). Ademais das ribeiras do Miño, as normas complementarias e subsidiarias de planificación da Xunta de Galicia contem-

plan tamén como espazo natural protexido a área de “Pazos do Arenteiro”, que constitúe un interesante conxunto monumental e artístico situado ás beiras do río Avia ó seu paso polo concello de Boborás. A este interesante espazo cabería engadirle os Montes do Testeiro, desde onde se poden establecer rotas de sendeirismo.

5.3.3. PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO

Parte da riqueza monumental e artística xa foi comentada, de forma xeral, no apartado onde se analizan as potencialidades turís-

ticas do conxunto comarcal. De todos modos, unha relación exhaustiva de todos e cada un dos monumentos, restos arqueolóxicos, casas nobres, capelas relixiosas e edificacións de relevante valor histórico, ímolos ver neste apartado.

Todos somos conscientes que a conservación da riqueza monumental é sumamente custosa. Non obstante, non se deben escatimar investimentos cando se trata dunha acción que redunda nunha efectiva proporción dos recursos monumentais e turísticos da zona. As áreas e espazos protexidos, ós que estamos facendo referencia, pódense ver nos mapas topográficos que se achegan.

PATRIMONIO HISTÓRICO- ARTÍSTICO DO CONCELLO DE BOBORÁS

CASTREXO

Outeiro de Castro. Cameixa
Castro de Meixón. Feás
Castro de Teixeira. San Fiz de Brués

ARQUITECTURA RELIXIOSA

Igrexa de San Xoán. Laxas
Igrexa de San Salvador. Pazos de Arenteiro
Igrexa de San Pedro. Xurenzas
Igrexa de San Xulián. Astureses
Igrexa de San Mamede. Moldes
Igrexa de San Martiño. Cameixa
Igrexa de Santa María. Xuvencos
Igrexa de San Miguel. Albarellos
Igrexa de Sta. Isabel. Brués
Igrexa de San Salvador. Xendive
Capela. Astureses
Igrexa de San Mamede. Moldes
Capela. Albarellos
Capela de Santo André. Albarellos
Capela. Cardelle

Igrexa. Feás
Capela. Laxas
Igrexa de Sta. María. Moreiras

ARQUITECTURA CIVIL.

Pazos de Arenteiro. Pazos de Arenteiro
Casa de Arriba
Casa e Granxa do Mato. Cervela
Pazo de Correlo. Correlo
Feixó

PONTES

Ponte Brués. Brués
Pontariza. Pontariza
Ponte Castro. Moldes
Ponte da Cruz. Pazos de Arenteiro
Ponte de Pazos de Arenteiro. Pazos de Arenteiro

PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DE CONCELLO DE BEARIZ

ARQUITECTURA RELIXIOSA

Ermida de San Domingo. Beariz
Igrexa de Sta. María. Beariz



TEMPLO DA VERACRUZ

Capela. Beariz-Bouzo
Capela. Beariz-Magros
Capela. Xirazga-Correa
Igrexa. Xirazga
Capela. Lebozán-Ermida
Igrexa de Sta. Cruz. Lebozán
Capela de Sta. Isabel. Lebozán-Liñares

PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO CONCELLO DE PUNXÍN

CASTREXO

A cidade de San Cibrao. Barbantes

ARQUITECTURA RELIXIOSA

Igrexa de San Xoán. Ourantes
Igrexa de Sta. María. Punxín
Igrexa. Vilela
Igrexa de Santo Estevo. Vilamoure
Igrexa de Santiago. Barbantes
Igrexa de Sta. María. Freás
Ermida de San Torcuato. Ourantes

ARQUITECTURA CIVIL

Pazo de Punxín. Punxín
Souto

PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO- CONCELLO DE PIÑOR

CASTREXO

Outeiro de Castro. A Canda

ARQUITECTURA RELIXIOSA

Santuario de Nosa Sra. das Neves. Barrán- Arenteiro
Igrexa. Carballeda
Igrexa de San Xoán. Barrán
Igrexa de San Mamede. A Canda

Igrexa de San Xoán. Coiras
Igrexa de Sta. María do Desterro. Desterro-A Corna
Igrexa de San Pelaxio. Loeda
Igrexa de Santiago. Torrecela
Capela da Milagrosa. Carballeda-O Reino
Capela de San Bartolomeu. Desterro-Devesa

ARQUITECTURA CIVIL

Pazo de Reda. A Canda
Pazo de Vilaríño. A Canda

PONTES

Ponte Mirela. Barrán-Canda
Ponte Arenteiro. Barrán

PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO CONCELLO DO CARBALLIÑO

MAMOAS E DOLMENS

Necrópole de sepulturas chás. Monte Mesego

ARQUITECTURA RELIXIOSA

Igrexa de Santa Baia. Banga
Igrexa de San Cibrao ou Vella. O Carballiño
Mosteiro. Lobanes
Igrexa de Sta. María. Mesego
Igrexa de San Fiz e San Felipe. Varón
Igrexa de Sta. Uxía. Lobanes
Igrexa de San Martiño. Sagra
Igrexa. Señorín
Igrexa de Sta. María. Sta. María de Arcos
Igrexa de San Xoán. Cabanelas
Igrexa de Santa María. Longoseiros
Igrexa de San Tomé. Madarnás
Igrexa de Santiago. Mudelos
Igrexa de Santiago. Partovía
Igrexa de San Miguel. Piteira
Igrexa de San Lourenzo. Ponte Veiga

Igrexa da Mercé. O Carballiño
Igrexa da Veracruz. O Carballiño

ARQUITECTURA CIVIL

Pazo de Banga. Banga
Cabido
Pazo de Lodeiro. Lodeiro
Pazo de Madarnás. Madarnás
Mora
Reboreda

PONTES

Ponte Riza. O Carballiño
Ponte Castro. Cabanelas
Ponte Veiga. Arcos Ponte Veiga
Ponte Marañao. Arcos

PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA

ARQUITECTURA RELIXIOSA

Mosteiro de Oseira. Oseira
Igrexa de San Pedro. Mandrás
Igrexa de Sta. Baia. Pereda
Igrexa de San Facundo. San Facundo
Igrexa de San Salvador. Souto
Igrexa de Santa María. Covas
Igrexa de San Martiño. Lamas
Igrexa. Castrelo
Igrexa de San Cristovo. San Cristovo de Cea
Capela do Cristo. San Cristovo de Cea
Igrexa. Longos
Capela de San Miguel. Vilaseco
Igrexa de San Román. Viñas
Capela do Priorado. Viñas—Faramontaos
Santuário da Saleta. San Cristovo de Cea

Arquitectura civil

Pazo de Vilaseco. Vilaseco

PONTES

Ponte Marañao. Longos
Ponte Mandiás. Mandiás
Ponte Casledo. Oseira
Ponte de Penapa. Oseira
Ponte Sobreira. Sobreira

PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO CONCELLO DE SAN AMARO

CASTREXO

Castro Martiño. Xinzo
Castro Beariz. Beariz
A cidade de San Cibrao. Las

ARQUITECTURA RELIXIOSA

Igrexa de San Fiz. Navío
Igrexa de Santiago. Anllo O Hospicio
Igrexa de Santa Ouxea. Eiras
Igrexa de Nosa Sra. das Neves. Grixoa
Igrexa de Sta. María. Salamonde San Roque
Igrexa de San Martiño. Beariz-O Outeiro
Ermida de San Roque. Salamonde-San Roque
Igrexa de San Cibrao. Las
Errnida de Sta. Eufemia. Salamonde

ARQUITECTURA CIVIL

Pazo de Eiras. Eiras
Sabariz
Pazo da Touza. Eiras

PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO CONCELLO DE MASIDE

CASTREXO

Castro de Listanco. Listanco

ARQUITECTURA RELIXIOSA

Igrexa de San Tomé. Maside
Igrexa de San Pedro. Garabás
Igrexa de Sta. María. Louredo
Igrexa. Maside
Igrexa de Sta. Comba. Santa Comba de Trevoedo
Igrexa de San Miguel. Armeses
Capela de Sta. María. Amarante
Capela de San Xoán. Piñeiro- San Paio
Capela de Sta. María. Armeses-Listanco
Ermida de San Pantaleón. Garabás-Faquín
Igrexa de San Xoán. Piñeiro
Igrexa. Rañestres
Igrexa. Amarante-Dacón
Igrexa de San Martiño. O Lago
Igrexa. Maside

ARQUITECTURA CIVIL

As Condomas
Pazo de Listanco. Listanco

PONTES

Ponte San Fiz. Armeses

PATRIMONIO HISTÓICO-ARTÍSTICO DO CONCELLO DO IRIXO

CASTREXO

Castro do Irixo ou Castro de Cardedo. Sta. María do Campo

Castro de Souteliño. Corneda
A Cidade ou castro de Orros. Orros
Castro do Monte de Ollos ou de Corneda. Santiago de Corneda

ARQUITECTURA RELIXIOSA

Igrexa de Sta. María. Campo
Igrexa de Sta. María. Cidade
Igrexa de Santiago. Corneda
Igrexa de San Pedro. Dadín
Igrexa de Sta. Mariña. Loureiro
Igrexa de San Xulián. Parada de Laviote
Igrexa de Sta. Olalla. Reádigos
Capela. Campo-O Irixo
Capela. Campo-Ermida
Capela. Campo-Tellado
Igrexa de Santo Estevo. Cangues
Capela. Corneda-Coucieiro
Igrexa de San Cosme. Cusanca
Capela. Cusanca-Segade
Igrexa de San Pedro. Espiñeira-Carballeda
Igrexa de San Xoán. Froufe

PONTES

Ponte Ferreira. Campo



MOSTEIRO DE OSEIRA



CONXUNTO DE HÓRREOS DE SALAMONDE

5.4. SERVICIOS EDUCATIVOS, SANITARIOS E SOCIAIS

A análise deste importante grupo de servizos é sumamente importante xa que nos axuda a coñecer, de forma global, o nivel de vida e as condicións educativas, sanitarias e sociais na que se desenvolven os habitantes da Comarca.

Nos últimos anos produciuse unha mellora substancial, aínda que nalgúns concellos se detectan niveis de dotación infraestructural por debaixo da media comarcal, especialmente no que se refire a equipamentos sanitarios e sociais, tal e como imos ter ocasión de comprobar máis adiante.

5.4.1. SERVICIOS EDUCATIVOS

A Comarca do Carballiño conta actualmente con 18 centros educativos (16 de EXB, un Instituto de Bacharelato e outro de Formación Profesional). En conxunto atenden a unha poboación escolar cifrada en 4.308 alumnos, dos cales o 64% cursan estudos nos centros situados no Carballiño. Este concello é, sen dúbida, o mellor dotado en instalacións e centros de ensino, ó dispor de centros que cobren tódolos niveis de ensino non universitario, o que lle proporciona unha gran autonomía educativa. En efecto, segundo información recabada, O Carballiño contaba en 1992 con catro centros de ensino primario, con un Instituto de BUP e outro de

EQUIPAMENTO EDUCATIVO EN 1991

	Poboación 4-18 anos	Centros			Alumnos Total			Profesores		
		EXB	BUP	FP	EXB	BUP	FP	EXB	BUP	FP
Beariz	249	1	0	0	119	0	0	9	0	0
Boborás	436	1	0	0	210	0	0	14	0	0
O Carballiño	1.819	4	1	1	1.806	715	252	74	49	28
O Irixo	251	1	0	0	173	0	0	14	0	0
Maside	505	2	0	0	348	0	0	22	0	0
Piñor	242	3	0	0	32	0	0	3	0	0
Punxín	102	1	0	0	12	0	0	1	0	0
S.Amaro	230	2	0	0	189	0	0	13	0	0
S.C.de Cea	464	1	0	0	452	0	0	22	0	0
TOTAL	4.298	16	1	1	3.341	715	252	172	49	28

Formación Profesional. Se ben a maioría dos centros actualmente en funcionamento son públicos, convén resalta-la importante presenza da oferta educativa privada, xa que máis do 40% do alumnado de EXB deste concello está escolarizado nos dous colexios privados que hai actualmente no concello. Estes reciben, nalgúns casos, alumnos dos concellos limítrofes, co que o alumnado se incrementa considerablemente.

Ademais destes servicios educativos básicos, O Carballiño conta tamén cun pequeno conservatorio de música, dependente do Conservatorio profesional de Ourense.

Nos demais concellos da Comarca non existen centros privados, polo que os grupos escolares, e nalgúns casos, as escolas unitarias atenden toda a demanda escolar, actualmente mantéñense en funcionamento cinco

escolas unitarias en toda a Comarca. Tres delas localízanse no concello do Piñor (San Mamede, Piñor e Reino). As dúas restantes están unha en Amarantes (Maside) e outra en San Cibrán de Las (San Amaro, onde se imparten ensinanzas de preescolar e os dous primeiros cursos de EXB.

En consecuencia, e dado o grao de dotación en infraestrutura educativa que existe en toda a Comarca, actualmente non existen nenos sen escolarizar. En todo caso, e a pesar de que existen suficientes postos escolares para atender-la demanda de matriculas de preescolar, e debido a que este nivel de ensino non é obrigatorio, aínda hai nenos que non asisten a este tipo de clases formativas. Isto debese en parte, á distancia que os separa dos centros de ensino e á propia deixadez dos pais.

5.4.2. SERVICIOS SANITARIO E SOCIAIS

O intenso labor desenvolvido pola Consellería de Sanidade durante os últimos anos, serviu para mellorar substancialmente os servizos de atención sanitaria dispoñibles na Comarca, en efecto, actualmente case tódolos concellos dispoñen de un centro de saúde, a excepción de Piñor, aínda que está previsto a súa construción.

As melloras realizadas colocan á Comarca, no relativo a dotación de equipamento e infraestrutura sanitaria, por riba dos niveis medios que presenta a provincia de Ourense e o conxunto de Galicia. Concretamente, nesta Comarca dáse unha media de 0,32 centros de atención sanitaria fronte a 0,31 para o conxunto galego. Tódolos centros de saúde existentes na Comarca actúan como centros sanitarios de apoio da área de saúde de Ourense.

CENTROS DE ATENCIÓN SANITARIA

Concellos	Poboación	Centros	Centros/ 1000hab
Beariz	1.826	1	0,55
Boborás	3.764	1	0,26
O Carballiño	10.886	2	0,18
O Irixo	2.522	1	0,39
Maside	3.573	1	0,27
Piñor	1.808	(1)*	0,55
Punxín	1.033	1	0,96
S. Amaro	1.621	1	0,61
S.Cristovo de Cea	3.781	1	0,26
TOTAL COMARCAL	30.814	10	0,32

O concello do Carballiño é o mellor equipado de todos, xa que ademais de contar con un centro de atención primaria, conta tamén con unha clínica privada (10 camas) e con un servizo médico de urxencias.

No que se refire a centros sociais, na Comarca funcionan actualmente tres residencias para a terceira idade. A máis importante é a residencia da terceira idade que a Xunta de Galicia ten no Carballiño. Este centro, dependente da Consellería de Familia, conta cunha capacidade para 120 persoas. De menor tamaño é a "Comunidade Familiar Casa Grande" e a "Residencia Irmáns Prietos" (asilo). A primeira, que depende de Cáritas Diocesanas de Ourense, ten capacidade para 30 prazas e localízase en Maside. A segunda, situada no Carballiño, funciona como asilo. Ten unha capacidade de 110 prazas, facéndose cargo da súa dirección o patronato de Irmáns Prieto, que recibe axudas e subvencións da Consellería de Familia ó ser un centro asociado da mesma. A esta importante relación de centros, hai que engadila residencia de tempo libre "Xeneral Moscardó", transferida á Xunta de Galicia. Este centro residencial, que adquire unha forte actividade durante os meses de verán, é moi utilizado polas familias e turistas que acoden cada ano ós balnearios do Carballiño e Partovía.

O servizo de asistencia social dispoñible na Comarca complétase con un centro social de base existente no concello do Carballiño. Este centro, que conta con tres asistentes sociais, un técnico e un administrativo, debe atender a tódolos concellos da Comarca. Durante 1992, o programa de axudas destinadas á Comarca do Carballiño, e incluídas no plano concertado deste ano, ascendeu a un total de 12.200.000 pts. Estas cantidades distribuíronse do seguinte modo:

O Carballiño	10.750.000 Pts
Piñor	800.000 "
Punxín	450.000 "
San Amaro	200.000 "

5.5 SERVICIOS DE OCIO E LECER

A maior parte dos servicios de ocio e lecer que nos podemos atopar na Comarca, atópanse localizados no núcleo principal, O Carballiño. Este concello conta con unha casa de cultura, dous cines, unha biblioteca pública que se complementa coas existentes nos respectivos colexios e centros educativos, un pavillón de deportes e o parque público máis importante que se pode atopar en toda a Comarca.

Agás no Carballiño, no resto dos concellos conséntase moi poucas instalacións deportivas de propiedade pública. En todo caso, as máis frecuentes son os campos de fútbol e pistas deportivas que existen en tódolos concellos. Sen embargo, os polideportivos cubertos son máis escasos, xa que actualmente só existen no Carballiño, Boborás e Beariz.

En consecuencia, estes tres concellos son os mellor dotados en infraestructuras deportivas. En segundo nivel atópase Maside, que a pesar de carecer de polideportivo, conta con 5 piscinas (4 privadas), unha pista deportiva e 2 pistas de tenis tamén privadas. O resto dos concellos carecen de instalacións deportivas propiamente ditas, tanto públicas como privadas.

En canto a equipamentos culturais, estes localízanse case exclusivamente no Carballiño, onde se atopan unha Casa de Cultura, o que favorece a maior actividade cultural que anualmente se rexistra neste concello. As pequenas asociacións culturais de base que existen nalgúns concellos limitanse a realizar pequenos actos puntuais que só teñen transcendencia a nivel comarcal.

En canto á dotación de bibliotecas públicas ou axencias de lectura, convén dicir que, salvo os concellos do Carballiño, Beariz, O Irixe e Cea, que contan con bibliotecas públi-

cas ou axencias de lectura, o resto carece deste tipo de servicios de gran utilidade pública.

5.6. OUTROS SERVICIOS

Interésanos aquí, resalta-la situación na que se atopa a Comarca en canto a dotación de equipos de recollida de lixo, parque de bombeiros e matadoiro comarcal.

A entrada en funcionamento da Mancomunidade de concellos do Carballiño, que agrupa ós mesmos que integran a Comarca, facilitou a mellora de certos servicios comunitarios e acelerou a creación doutros. De aí que o servicio de recollida de lixo sexa regular en tódolos concellos. Isto facilitou a desaparición de case tódolos vertedeiros incontrolados que viñan funcionando con certa regularidade en distintos puntos da Comarca.

Co paso do tempo desapareceron os matadoiros clandestinos, que tiñan unhas actividades que se viñan realizando en distintos concellos á marxe da normativa vixente e escapando ó control sanitario establecido para o efecto. A construción de un matadoiro comarcal no Carballiño posibilitou o peche destas unidades operativas, o que constitúe unha garantía para os consumidores. O matadoiro comarcal, actualmente en funcionamento, considérase suficiente para atender as necesidades de tódolos concellos.

Non sucede o mesmo cos equipos de loita contra os incendios forestais. Actualmente carece de un parque de bombeiros forestais. Os equipos humanos e técnicos dispoñibles son insuficientes para protexer con plenitude os montes da Comarca. Ademais, debe terse en conta o alto risco de incendios que existe na zona, dotada de amplos terreos forestais.

Por iso, resulta conveniente presenta-la necesidade de crear un parque de bombeiros forestais de rango comarcal.

5.7. CALIDADE DE VIDA E NIVEL DE RENDA

Para finalizar este apartado, relativo á calidade de vida, hai que facer referencia a unha serie de indicadores socioeconómicos, que a modo de síntese global, veñen compendiar todo o comentado ata agora. Para iso tomaremos como referencia, en primeiro lugar, os indicadores do concello da pobreza elaborados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) a partir do censo de poboación e vivendas correspondente ó ano 1991. En segundo lugar, utilizaremos tamén a escala municipal, o indicador da Renda Familiar Disponible por persoa e ano.

Un dos indicadores municipais de pobreza elaborados polo citado Instituto, resulta de xuntar tódalas variables relativas ás instalacións e equipamentos das vivendas familiares (auga quente, retrete, calefacción, teléfono etc.) ponderando a importancia de cada un deles. Cos datos finais estableceuse unha clasificación, estruturada en cinco niveis, para avaliar e medi-lo grao de pobreza existente. Segundo esa clasificación, os concellos que integran a Comarca do Carballiño ordénanse, de maior a menor nivel socioeconómico, do seguinte modo:

- NIVEL I: ningún da Comarca
- NIVEL II: Beariz e O Carballiño
- NIVEL III: O Irixe e Cea
- NIVEL IV: Boborás, Piñor, Punxín, Maside e San Amaro
- NIVEL V : ningún concello da Comarca.

RENDA FAMILIAR DISPOÑIBLE POR HABITANTE E ANO (en pesetas de 1982)

CONCELLOS	RENDA MUNICIPAL (millóns de pesetas)			RENDA 1982 /HABITANTES 81	RENDA 1986 /HABITANTES 86
	1982	1984	1986		
BEARIZ	437,50	442,63	521,22	325.037,15	275.195,35
BOBORÁS	1.196,26	982,16	1.126,44	268.460,50	227.839,81
CARBALLIÑO (O)	4.336,58	5.166,91	5.157,42	396.324,26	461.555,40
IRIXO (O)	964,67	780,98	852,24	236.845,08	275.895,11
MASIDE	1.352,64	1.341,94	1.468,83	297.218,19	306.070,01
PIÑOR	541,46	479,81	531,98	256.494,55	259.375,91
PUNXÍN	317,34	319,00	337,76	252.860,56	292.940,16
SAN AMARO	636,08	616,11	632,61	285.237,67	281.535,38
SAN CRISTOVO DE CEA	1.294,90	1.200,37	1.298,72	247.024,04	252.915,29
TOTAL	11.077,43	11.329,91	11.927,22	305.955,64	326.898,54
TOTAL COMARCAL				305.955,64	326.898,54
TOTAL PROVINCIAL				322.410,32	346.823,84
TOTAL AUTONÓMICO				360.124,24	369.379,58

EVOLUCIÓN DA RENDA FAMILIAR DISPOÑIBLE (en millóns de pesetas de 1982)

CONCELLOS	RENDA MUNICIPAL 1982	RENDA MUNICIPAL 1984	RENDA MUNICIPAL 1986	% EVOLUCION RENDA 1981-84	% EVOLUCION RENDA 1984-86
BEARIZ	437,50	442,63	521,22	1,17	17,76
BOBORÁS	1.196,26	982,16	1.126,44	-17,90	14,69
CARBALLIÑO (O)	4.336,58	5.166,91	5.157,42	19,15	-0,18
IRIXO (O)	964,67	780,98	852,24	-19,04	9,12
MASIDE	1.352,64	1.341,94	1.468,83	-0,79	9,46
PIÑOR	541,46	479,81	531,98	-11,39	10,87
PUNXÍN	317,34	319,00	337,76	0,52	5,88
SAN AMARO	636,08	616,11	632,61	-3,14	2,68
SAN CRISTOVO DE CEA	1.294,90	1.200,37	1.298,72	-7,30	8,19
TOTAL	11.077,43	11.329,91	11.927,22	2,28	5,27
TOTAL COMARCAL				2,28	5,27
TOTAL PROVINCIAL				0,21	4,23
TOTAL AUTONÓMICO				0,87	2,85

Disto dedúcese que os concellos con menores niveis de pobreza da Comarca son os do Carballiño e Beariz. Pola contra, Boborás, Piñor, Punxín, Maside e San Amaro son os que presentan índices de pobreza máis elevados, ó situárense nos niveis máis baixos da escala establecida.

Outro dos índices utilizados no estudio realizado polo IGE engloba as variables relativas ó nivel de estudos e a actividade da persoa principal da familia. As conclusións finais derivadas da aplicación dese índice permiten establecer cinco niveis xerárquicos.

NIVEL I: ningún concello da Comarca

NIVEL II: O Carballiño, San Amaro e Punxín

NIVEL III: Boborás e Beariz

NIVEL IV: O Irixo, Piñor, Cea e Maside

NIVEL V: ningún concello da Comarca.

Segundo se pode apreciar nesta clasificación, non existe ningún concello da Comarca que se atope no nivel I. Só O Carballiño, San Amaro e Punxín se atópan nunha situación relativamente mellor có resto.

En canto á renda familiar dispoñible por habitante e ano, os datos dos que dispoñemos reflicten unha situación claramente vantaxosa para o concello do Carballiño. Este dispón dunha renda por habitante que en 1986 ascendía a 461.555 pts., cifra moi superior á media comarcál, provincial e rexional, que non superaba, para ese mesmo ano, as 369.379 pts. Os emigrantes enriquecidos e o número relativamente alto de asalariados determinan este comportamento positivo do nivel de renda.

A análise a nivel de concello permite distinguir dous grupos de concellos:

- 1º) O primeiro engloba a todos aqueles concellos que contan cunha renda familiar dispoñible por habitante superior á media comarcal, provincial e rexional. Neste grupo de elite inclúese só O Carballiño.
- 2º) Concellos cunha renda por habitante que se sitúan por debaixo da media comarcal (326.898 pts). Este grupo está formado polos oito concellos restantes.

En consecuencia, se analizamos conxuntamente os indicadores utilizados, resultan os seguintes feitos:

- a) No concello do Carballiño atópanse as mellores condicións de vida de toda a Comarca. O seu papel como centro comercial e de servicios convérteno en núcleo rector ó redor do cal se organiza boa parte da vida diaria da Comarca.
- b) Nun segundo plano aparecen os concellos de Beariz, San Amaro e Maside, onde as condicións de vida son bastante mellores cás que se rexistran no resto dos concellos.
- c) Por último, atopámonos cos seis concellos restantes, onde as condicións de vida de pobreza e a renda dispoñible por habitante son moi similares entre si.

5.8. SÍNTESE DA CALIDADE DE VIDA

A análise realizada ata aquí serviunos de base para coñecer, por un lado, os déficits infraestruturais máis relevantes e, polo outro, as vantaxes comparativas propias desta Comarca ourensá.

Empezando polos primeiros, é importante sinalalos avances experimentados en infraestructura e equipamentos de servicios públicos, con respecto á década dos anos setenta. As melloras producidas traducíronse na remodelación e equipamento de boa parte das vivendas familiares, na instalación de centros de atención sanitaria, na construción de grupos escolares e pistas locais que enlazan os distintos asentamentos de poboación existentes na Comarca. Todo isto traducíuse, consecuentemente, nunha mellora substancial das condicións de vida dos cidadáns. Isto foi posible, en parte, gracias á xeneralización das pensións de xubilación, das que procede unha alta porcentaxe das rendas familiares dispoñibles, e ás remesas de diñeiro enviadas pola numerosa colonia de emigrantes asentada en América. Estes dous factores, sobre todo o segundo, foron especialmente decisivos na transformación do medio rural neste contorno xeográfico, e no desenvolvemento urbano do Carballiño, principal núcleo comarcal.

Se ben as melloras producidas foron cuantiosas, aínda se perciben carencias importantes relativas a traída de auga potable, saneamento dos núcleos de poboación e dos ríos da Comarca, electrificación e telefonía rural. A dispersión do hábitat encarece notablemente os custos que supón estender estes servicios a tódolos asentamentos e núcleos de poboación da Comarca. Non obstante, é de esperar que coa posta en marcha do Plano MEGA e o Plano de Telefonía Rural parte das deficiencias enumeradas serán corrixiadas.

Pola contra, e a pesar das carencias aínda existentes ás que antes fixemos referencia, nuns concellos máis ca noutros, a Comarca do Carballiño ten unha serie de vantaxes comparativas, realmente importantes, que a

sitúan por riba da media provincial. Estas vantaxes son as seguintes:

- 1º) Nivel de vida relativamente alto, cunha capacidade adquisitiva que se sitúa por riba da media provincial. Isto afecta sobre todo ós concellos do Carballiño, Beariz e Maside.
- 2º) Existencia dun importante núcleo comarcal (O Carballiño), de fácil acceso, dotado de infraestructuras de servizos e de equipamentos sociais con capacidade para exercer unha forte influencia sobre o conxunto dos concellos.
- 3º) Alto grao de accesibilidade. Esta Co-

marca dispón de catro importantes estradas (tres nacionais e unha autonómica), que garanten unha comunicación rápida da Comarca cos principais centros de crecemento provinciais e autonómicos. A isto hai que engadi-la existencia de ferrocarril que enlaza varias localidades da Comarca con puntos estratéxicos da provincia de Ourense.

Por todo o dito, a Comarca do Carballiño atópase ben comunicada, o que constitúe un soporte infraestructural e viario moi importante para acometer futuras accións de investimento e de promoción industrial e comercial.

